


# REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



# AS BIBLIOTECAS ESCOLARES





# engádeste?

engádeste?  
engádeste?  
engádeste?

## UNHA EDUCACIÓN MÁIS COMPLETA E MÁIS COMPETITIVA

Neste curso, o presidente Feixó tomou a palabra na inauguración oficial do presente Curso para sinalarnos que agora a nosa educación ía ser máis completa (por garantirse o “equilibrio lingüístico”) e tamén máis competitiva. Conste que estaba falando, ademais, arredor da inauguración das actividades escolares nos niveis non universitarios.

Nin o “equilibrio lingüístico” goza de saúde nos estudos internacionais de política educativa, nin tampouco a “competitividade”, cando se fala de calidade educativa das escolas e centros de educación non universitaria. Semellaría que non deben ser, logo, os lemas dunha suposta etapa nova no goberno do País. Isto é, os lemas para marcar os retos e os horizontes sociais e neste caso os educativos. E sendo así, semella que aquí somos ou queremos ser “orixinais”. Ou padecemos “orixinalidades”. Expliquémolo con algúns datos previos sobre Finlandia: a referencia da política educativa desta hora que podemos utilizar como un posible espello.

En Finlandia (podémolo ler nun recente informe da non sospeitosa revista *Capital*) teñen escola comprensiva e sen itinerarios, como lle cadraría ao PP, entre os 7 e os 16 anos, inclusiva, e só unha moi exigua minoría do alumnado non termina este ensino obrigatorio no tempo establecido para o conxunto. Menos dun 5% do alumnado abandona os estudos de bacharelato: “Evidentemente” diría un conselleiro, que pouca competitividade!. Das algo máis de 3000 escolas de ensino obrigatorio, só sesenta son privadas (“escandaloso”, dixo outro conselleiro aplaudido por un director xeral), e de 400 escolas de educación secundaria superior, menos de 40 son xestionadas desde ámbitos distintos das administracións públicas. E non hai ranking’s públicos, pois as avaliacións nacionais non se fan públicas máis alá dos centros (“unha barbaridade” dixo un nonseiquén). E funciona. De primeira. Fíxose do público sinónimo de calidade. Pero tamén é certo que houbo un grande consenso social e político nas grandes reformas. Non se separa aos nenos en función das súas capacidades. Hai un currículo nacional común con notable autonomía para decidir que e como ensinar. A educación básica é completamente gratuíta. O profesorado é ben traballador. Saben que deben corresponsabilizarse de todo o alumnado dun centro, en particular dos que teñen algún problema de comportamento ou de aprendizaxe, que din que son bastantes tamén. Foron antes estudantes con bos expedientes académicos, isto é, entre os mellores. Teñen formación en servizo e mentres a fan os seus postos son cubertos sen demora por profesores substitutos. E hai unha forte responsabilización social e familiar.

Agora volvamos os ollos cara a nós mesmos. Sen dúbida, precisaríamos un debate social e cultural, político e educativo en serio. Non un día, non unha sesión, non baixo a presión dos focos “inmediatistas” dos medios de comunicación. Veríamos que as diverxencias son moitas, de primeiras. Pero con vontade social e política poderíamos concordar. Sempre hai uns principios ou puntos de partida: por que non facer do público a columna vertebral, o eixe estratéxico, como en Finlandia? Moito axudaría á clarificación dos debates. Por que non aceptar o suposto da comprensividade, de seguido? Resulta clave. Por que teimar no “equilibrio”, que non é máis no noso caso e no presente que “bilingüismo substrativo” ben codificado na sociolingüística internacional? Quen, senón os galegos e as galegas para conservar e actualizar o noso mellor herdo e se cadra tamén unha das nosas mellores pancas nun mundo en proceso de crecente globalización; por que non facer dun “suposto problema” unha grande oportunidade colectiva? Para iso precisamos bos lideratos. Outra cosa é traballar con pólvora mollada. Así pois, temos un sistema educativo que non é nin máis completo, nin falta fai que sexa máis competitivo, se entendemos ben o que se nos quería dicir. Estamos, activamente, á espera doutras mensaxes, que deben ser cribles. Mentres, seguimos construindo no día a día da educación como formadores e técnicos responsables, pero non o facemos nas mellores condicións. E é mágoa.



# AS BIBLIOTECAS ESCOLARES

6 O tema

8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

12 Bibliotecas escolares e alfabetización na escola do século XXI

*Manuel Area Moreira*

16 Outro alumnado, outras bibliotecas

*Cristina Novoa e Pilar Sampedro*

20 Camiño longo: as transformacións das bibliotecas escolares cara a un novo modelo

*Cristina Novoa e Pilar Sampedro*

24 A formación de usuarios na biblioteca escolar

*Dolores Martínez Martínez*

26 A biblioteca escolar e os proxectos documentais integrados

*Delio Chao Lolo*

28 Proxecto Interdisciplinar e biblioteca escolar, camiñando da man en Gondomar

*Concha Costas*

32 A organización do noso Clube de lectura

*Xoán C. Rábade Castiñeira*

34 A hora de ler

*Milagros Lemos Morales*

36 Proxecto lector de centro: un reto para o día a día

*Mar Sueiro Pena e Susana Iglesias Feijoo*

38 A biblioteca escolar, factor de compensación social

*María Josefa Souto Lorenzo*

40 Difusión cultural desde a biblioteca escolar

*Xoaquín C. Freixeiro*

42 Colaboración para poñer en común as experiencias de oito centros

*Compoñentes do grupo intercentros de bibliotecas escolares*

44 A biblioteca escolar... pública

*Begoña López Soto e Dolores Paris Fraga*

46 Biblioteca escolar e TIC: un affaire apaixonante

*M<sup>a</sup>Ángeles Costa Giráldez e Charo Sánchez*

48 Son axudante de biblioteca!!

*Montserrat Barciela Garrido*

51 As Mochilas viaxeiras da biblioteca escolar Brea Segade

*Covadonga Rodríguez Argüelles*

53 A participación da comunidade educativa na biblioteca

*Susana Espinar Moure*

55 A biblioteca vista desde a dirección

*Enrique Sampil Sánchez*

58 A utopía da biblioteca escolar, camiño da realidade

*Carmen Margariña Valderrama Currás*

60 Bibliotecas escolares, as casas dos libros

*Anxo Fariña*

62 Para sabermos algo máis...

*Cristina Novoa e Pilar Sampedro*

REVISTA  
GALEGA  
DE EDUCACIÓN

Num. 48  
Novembro 2010

**Director:**

Xesús Rodríguez Rodríguez

**Consello de Redacción:**

Antón Costa Rico  
Carmen Díaz Simón  
Manuel González Seoane  
Xulio Pérez Pérez  
Ana M<sup>a</sup> Pose Blanco  
Xosé Ramos Rodríguez  
Miguel Vázquez Freire  
Francisco Veiga García  
M<sup>a</sup> Helena Zapico Barbeito

**Consello Editorial:**

Xosé Álvarez Castro  
Xosé Manuel Barreiro González  
Pilar Bernárdez Sanluis  
Manuel Bragado Rodríguez  
M<sup>a</sup> Dolores Candedo Gunturiz  
Francisco Candia Durán  
Xosé Manuel Cid Fernández  
Carmela Cons Pintos  
Agustín Fernández Paz  
Lois Ferradás Blanco  
Narciso de Gabriel Fernández  
Emilio González Legaspi  
Marilar Jiménez Aleixandre

Xosé Lastra Muruais  
Ramón López Facal  
Laura Lodeiro Enjo  
Fina Mosquera Roel  
Chis Oliveira Malvar  
Manuel Pazos Crespo  
Belén Rodríguez Silva  
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez  
Xosé Manuel Rodríguez-Abella  
Antón Rozas Caeiro  
Víctor Santidrián Arias  
Mercedes Suárez Pazos  
Manuel Vieites García



## 69 Entrevista

Juan Mata

*Cristina Novoa Fernández e Pilar Sampedro*

## 73 A lingua

O modelo regresivo e ilegal do Decreto 79/2010, de 20 de maio

*Alba Nogueira López*

## 76 Pensar o ensino

A crise económica, o estado de benestar e a educación

*Miguel Vázquez Freire*

## 80 Novas tecnoloxías

Terras de Friol

*Blanca Castro Gerpe e José María Carricoba Armesto*

## 82 A escola rural

O papel dunha educadora no ámbito rural. Intervención no concello de Xermade

*Manuela Vilaboy Romero*

## 87 Experiencias

Unha ollada cara ao pasado

*M<sup>a</sup> Ángeles Vidal López, M<sup>a</sup> Dolores Vázquez Camino, M<sup>a</sup> Fé Taboada Fernández, M<sup>a</sup> Nélida Fernández Pernas e Sandra Otero Lemos*

## 91 Outras escolas

Conectando mundos

*Equipo de Educación de Intermón Oxfam en Galicia*

## 93 Recursos do contorno

O Castro de Vigo

Centro Arqueolóxico do Barbanza-Castros de Neixón

*Araceli Serantes Pazos*

## 96 Xoguetainas e brinquetainas

A transmisión dos xogos. O caso do frontón de Melide

*Manuel Rodríguez Vázquez*

## 98 Investigación

Logros e retos da Formación Profesional en Galicia

*Antonio Vázquez Vázquez*

## 103 Pais e nais

Na busca do tesouro

*CONFAPA - Galicia*

## 107 Panoraula

*Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico*

O 32 Congreso Internacional de IBBYcelebrouse en Santiago de Compostela

*Miguel Vázquez Freire*

A recuperación dun foro. As VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental

*M. Carmen Morán de Castro*

*Manuel A. Fernández Domínguez*

*Manuel R. Bermejo Patiño*

## 121 Recensións

Luís Seoane, ilustrador de libros infantís

*Miguel Vázquez Freire*

Recensións

Mil cousas poden pasar

*Pilar Sampedro*

Carrapeto

*Mercedes Espiño Amil*

Outras lecturas

D'abord les enfants. Freinet y la educación en España (1926-1975)

*Anxo Serafín Porto Ucha*

Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán

*Valentina Formoso Gosende*

*Mercedes Queixas Zas*

**Deseño:** Acordar

**Maquetación:** Xiana Lastra Pernas

**Deseño da cuberta e asesoría visual:** José María Mesías Lema (jmesias@udc.es)

**Impresión:** Litonor

**Lugar de edición:** Santiago de Compostela

**Redacción:** rge.redaccion@mundo-r.com

**Publicidade:** rge.publicidade@mundo-r.com

**Subscricións:** rge.subscricions@mundo-r.com

**D.L.:** C-22/1986

**ISSN:** 1132-8932

AS BIBL



ESCOL



# I O T E C A S

A institución educativa non pode dar as costas á sociedade da información, senón facer fronte aos retos que esta presenta, preparando o alumnado para o traballo con diferentes fontes de documentación en soportes múltiples e para unha autonomía na aprendizaxe ao longo de toda a vida. De aí a importancia das bibliotecas escolares.

No presente, a biblioteca escolar ha de contar –ademais de coa biblioteca física– con acceso ás bibliotecas virtuais e a todo tipo de materiais multimedia, audiovisuais ou electrónicos dispoñibles na Rede. Os multialfabetismos aos que se refire o profesor Area no seu artigo, son imprescindibles nestes momentos sociais e educativos, e o seu lugar natural é a biblioteca escolar, un contedor intelixente no que se integran as tecnoloxías da comunicación e os recursos impresos; que funciona como un servidor central que atende a toda a comunidade educativa e que dirixe os seus esforzos á atención ao currículo, converténdose en espazo privilexiado de aprendizaxe.

Estamos, pois, ante un novo modelo de biblioteca escolar que se vai espallando aos poucos, unha biblioteca en transformación que atravesará por diferentes fases dando pasos de xigante ás veces, pasos que parten da organización e xestión do espazo e os recursos, desde a centralización de todos os documentos do centro, o acceso libre á meirande parte dos recursos, a catalogación segundo estándares internacionais –aínda que adaptados ao nivel do alumnado–, a informatización do proceso técnico dos fondos, permitindo unha xestión máis eficaz e unha consulta en rede... todos eles termos que agochan longos procesos de traballo silencioso e de consenso co resto da comunidade escolar para acordar como realizar a necesaria expurgación, ou a selección dos fondos para equilibrar a colección. Pasos que se van dando na diversificación dos espazos para acoller os lugares de lectura informal ou os audiovisuais para uso autónomo, na elección do mobiliario ou nas cores da parede que acheguen esa luz que converte a biblioteca nun lugar menos “académico”, máis atractivo e con maior potencialidade de uso. Banzos imprescindibles que hai que subir e que permitirán as actividades de dinamización da biblioteca, tamén elas evolucionando, buscando un deseño froito da reflexión que irá abandonando aquelas máis esporádicas e adoptando as sistemáticas que crean ambientes lectores e de aprendizaxe. Un avance continuado, froito dunha formación esixente e dunha análise rigorosa, froito tamén do intercambio de ideas e experiencias cos iguais, e dun traballo colaborativo e profesional.

Este monográfico pretende recoller eses cambios que se están a producir. Os primeiros artigos, de encadre temático, achegan o modelo polo que se está a traballar e unha aproximación aos procesos de transformación que se están a producir. Os seguintes, teñen o obxectivo de mostrar a realidade das bibliotecas escolares galegas desde os mes-

mos centros, deténdose en cada unha das características que as definen: como espazos de lectura e as actividades clave que están a instalarse para quedar –Proxectos lectores de centro, Hora de ler, Clubs de lectura... –, como centro de recursos para a información e a aprendizaxe –formación de usuarios, proxectos documentais integrados, proxectos interdisciplinares... –, como apoio para a compensación de desigualdades de orixe; como espazo de difusión cultural e proxección social –publicacións, actividades culturais, lectura para familia... –, ou como motor de traballo colaborativo entre profesorado implicado na biblioteca escolar en diferentes centros. Son todos eles froito da experiencia e da práctica desde o propio motor de cambio e de innovación, pero poderían ser moitos máis; por exemplo, experiencias de gran calado como os “apadrinamentos lectores”, as olimpíadas culturais e do saber, ou as propostas de traballo colaborativo a través da rede, compartindo os materiais elaborados en diferentes centros, e moitos outros aspectos que xa notamos en falta antes de botar a andar, pero tratábase de seleccionar unha mostra e de abrir as portas para que se acceda a toda esta realidade a través dos blogs da Asesoría de Bibliotecas Escolares e dos espazos web das diferentes bibliotecas. Para rematar, recóllense tres artigos que poderían responder ao epígrafe “Así nos ven...”; trátase de dar unha visión da biblioteca desde fóra, desde unha pluma que non pertence ao equipo de biblioteca do centro: un director que coloca a biblioteca dentro do seu proxecto de dirección, unha inspectora que observa a biblioteca nos centros que lle corresponden e asiste a actividades de formación relacionadas con esta temática, e un autor/ilustrador que visita múltiples centros de ensino para realizar encontros con lectores.

O monográfico é a suma de todas estas vontades a favor das novas bibliotecas. Ás experiencias que aquí se amosan –e así se recolle en máis dunha intervención–, poderían sumarse moitas outras: xuntas debuxan un cadro diverso, rico en cores, variado en canto ás formas e ás técnicas empregadas, pleno de matices e, no seu conxunto, dotado de gran expresividade, a que os centros educativos manifestan día a día a través da súa actividade e dos seus esforzos por ofrecer, a pesar dos atrancos, oportunidades de aprendizaxe integradoras ao alumnado que neles se forma.

Cristina Novoa Fernández

Pilar Sampedro Martínez

Coordinadoras do monográfico

# - A R E S

# Resumos Resúmenes Abstracts

## Bibliotecas escolares e alfabetización na escola do século XXI

Manuel Area Moreira

**Resumo:** O autor analiza o papel da biblioteca escolar ante o reto dos multialfabetismos propios da escola do século XXI. As bibliotecas escolares están chamadas a ser o eixo catalizador de todos os recursos do centro, organizando e coordinando o acceso aos mesmos e desenvolvendo accións alfabetizadoras vinculadas coas diferentes competencias, a investigación e a construción do coñecemento polo alumnado ao tempo que promove a innovación pedagóxica.

**Resumen:** El autor analiza el papel de la biblioteca escolar ante el reto de los multialfabetismos propios de la escuela del siglo XXI. Las bibliotecas escolares se convierten en el eje catalizador de todos los recursos del centro, organizando y coordinando el acceso a los mismos y desarrollando acciones alfabetizadoras relacionadas con las diferentes competencias, la investigación y la construcción del conocimiento por el alumnado al tiempo que promueve la innovación pedagógica.

**Abstract:** The author analyzes the role of school libraries, their challenge in the multiliteracy world of schools in the context of the XXI century. School libraries are called to be the focal point in the development of all school resources. They should organize, coordinate their multiaccess and define new literacy actions regarding competences, investigation and knowledge awareness to promote students' and school innovations alike.

## Bibliotecas escolares para un alumnado do século XXI

Cristina Novoa e Pilar Sampedro

**Resumo:** A situación educativa actual, e a que se perfila para os vindeiros anos, esixe a utilización de ferramentas que lle permitan ao alumnado a adquisición dun conxunto de competencias imprescindibles para o seu desenvolvemento persoal, cívico, académico e profesional. Unha destas ferramentas é a biblioteca escolar, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, con funcións específicas de apoio a procesos e tarefas do centro.

**Resumen:** La situación educativa actual, y la que se perfila para los próximos años, exige la utilización de herramientas que le permitan al alumnado la adquisición de un conjunto de competencias imprescindibles para su desarrollo personal, cívico, académico y profesional. Una de estas herramientas es la biblioteca escolar, entendida como un centro de recursos de lectura, información y aprendizaje, con funciones específicas de apoyo a procesos y tareas del centro.

**Abstract:** Current education and the education system of tomorrow demands the use of tools by students which will qualify them to acquire the essential competences for their personal, civic, academic and professional development. The school library is one of these tools, as a reading, information and learning resource, performing specific functions that will improve the students' school learning process and tasks.

## Camiño longo: as transformacións das bibliotecas escolares cara a un novo modelo.

Cristina Novoa e Pilar Sampedro

**Resumo:** O panorama das bibliotecas escolares galegas modificouse significativamente nos últimos anos, grazas aos esforzos realizados polas comunidades educativas e aos apoios das administracións central e autonómica. O proceso de actualización, aínda así, non resulta doado, polas resistencias que cómpre vencer e polos escasos recursos dispoñibles –materiais e humanos–. Porén, é un camiño encetado que só a desidia ou a incompetencia poden parar.

**Resumen:** El panorama de las bibliotecas escolares gallegas se modificó significativamente en los últimos años, gracias a los esfuerzos realizados por las comunidades educativas y a los apoyos de las administraciones central y autonómica. El proceso de actualización, aún así, no resulta fácil, por las resistencias que hay que vencer y por los escasos recursos disponibles –materiales y humanos–. Sin embargo, es un camino iniciado que sólo la desidia o la incompetencia pueden parar.

**Abstract:** The scene of the Galician school libraries has changed significantly in these last years, mainly by the efforts made in the education communities and the support of the national and autonomic education administrations. The process is not an easy one, for there is still resistance to the project and for the lack of resources –human and school materials –. But the process is well on its way and can only be stopped by inefficiency and lack of interest.

## A formación de usuarios na biblioteca escolar

Dolores Martínez Martínez

**Resumo:** A complexidade e abundancia de información na sociedade actual xustifican a necesidade de desenvolver un programa de formación de usuarios en todas as etapas educativas. A biblioteca escolar é o escenario ideal para formar o alumnado na aprendizaxe de habilidades para investigar e informarse, tal e como se vén facendo en moitos centros educativos de Galicia, dos que o IES Poeta Añón de Outes é só un exemplo.

**Resumen:** La complejidad y abundancia de información en la sociedad actual justifican la necesidad de desarrollar un programa de formación de usuarios en todas las etapas educativas. La biblioteca escolar es el escenario ideal para formar al alumnado en el aprendizaje de habilidades para investigar e informarse, tal y como se viene haciendo en muchos centros educativos de Galicia, de los que el IES Poeta Añón de Outes (A Coruña) es sólo un ejemplo.

**Abstract:** The complexity and abundance of information in our society justify the need to develop an information literacy plan at all educational stages. School libraries offer the perfect frame to teach the students information skills, a task which is being developed by a certain number of school libraries in Galicia, of which Poeta Añón High School (from Outes, A Coruña -Spain-) is just one example.

## A biblioteca escolar e os proxectos documentais integrados

Delio Chao Lolo

**Resumo:** Un PDI é un centro de interés tratado de xeito interdisciplinar e integrado dentro das programacións curriculares. O obxectivo principal é o de vertebrar as actividades que se están a levar a cabo dende os distintos equipos e departamentos do centro, creando unha ambientación arredor do tema que se elixa para facer atractivas as actividades que se programen, que os nenos e nenas se acheguen con curiosidade e ao mesmo tempo se divirtan. As actividades tocan todas as áreas do currículo. A lectura e a escritura van parellas, xa que é a través da escritura como se desatan os mecanismos da lectura.

**Resumen:** Un PDI es un centro de interés tratado interdisciplinariamente e integrado en las programaciones curriculares. El objetivo principal consiste en vertebrar las actividades que se están realizando desde los distintos equipos y departamentos del centro, creando una ambientación en torno al tema elegido para hacer más atractivas las actividades que se programen, que niños y niñas se acerquen con curiosidad y a la vez se diviertan. Las actividades tocan todas las materias del currículo. La lectura y escritura van paralelas, ya que es a través de la escritura como se activan los mecanismos de la lectura.

**Abstract:** A PDI is a focus of interest dealt with in an interdisciplinary way and integrated in the curricular project. The main goal is to organize the activities which are being carried out by the different teams and departments in the school, creating an atmosphere around the chosen topic in order to make the activities which are programmed more interesting, and in a way that children approach them with curiosity and pleasure. The activities cover all the subjects in the curriculum. Reading and writing go hand in hand, as the reading mechanisms are activated through writing.



## Proxecto Interdisciplinar e biblioteca escolar, camiñando da man en Gondomar

Concha Costas

**Resumo:** Este artigo ofrece algunhas reflexións e pautas para desenvolver a materia Proxecto Interdisciplinar de 1ºESO a través da elaboración de proxectos documentais: o marco lexislativo, a selección de temas, as diferentes maneiras de traballar co alumnado na biblioteca escolar, a necesidade de adestralos no ámbito da alfabetización informacional e dos traballos de investigación, así como a avaliación destes procedementos e da adquisición das competencias básicas.

**Resumen:** Este artículo ofrece algunas reflexiones y pautas para impartir la asignatura Proxecto Interdisciplinar de 1ºESO a través de la elaboración de proyectos documentales: el marco legislativo, la selección de temas, las formas diferentes de trabajar con el alumnado en la biblioteca escolar, la necesidad de que se familiarice con el ámbito de la alfabetización informacional y de los trabajos de investigación, así como la evaluación de estos procedimientos y de la adquisición de las competencias básicas.

**Abstract:** This article offers a few reflections and guidelines to teach the subject Proxecto Interdisciplinar (Crosscurricular Project) in 1st year Secondary Education (1ºESO) through documentary projects: the legislative frame, the selection of topics, the different ways of working with students at the school library, the need to make them familiar with informational literacy and with research projects, as well as the evaluation of these procedures and the acquisition of basic competences.

## A organización do noso Clube de lectura

Xoán C. Rábade Castiñeira

**Resumo:** O presente artigo pretende explicar, brevemente e fundamentado nunha experiencia práctica bastante exitosa, como se organiza o noso Clube de Lectura: preparativos – información previa, inscrición, propostas e resolución de libros a ler...–, desenvolvemento –reunións periódicas, dípticos informativos das obras, avaliación mensual de participación, publicidade nas titorías, participación no blogue...– e conclusións –informe personalizado de participación, avaliación da actividade...–.

**Resumen:** El presente artículo pretende explicar, brevemente y fundamentado en una experiencia práctica bastante exitosa, como se organiza nuestro Club de Lectura: preparativos – información previa, inscripción, propuestas y resolución de libros a leer...–, desarrollo –reuniones periódicas, dípticos informativos de las obras, evaluación mensual de participación, publicidad en las tutorías, participación en el blog...– y conclusiones – informe personalizado de participación, evaluación de la actividad...–.

**Abstract:** The aim of this article is to explain, briefly and based on quite a successful implementation, how our Reading Club is organized: arrangements –background information, signing in, proposals and selection of books to be read...–, development –meetings, informative leaflets about the different books, monthly assessment of participation, discussing the club in the tutorial classes, participation in our blog...– and conclusions –individualized report on participation, assessment of the activity...–.

## A hora de ler

Milagros Lemos Molares

**Resumo:** A actividade de fomento da lectura Hora de ler, pode resultar moi proveitosa. Estase a conseguir que a lectura, ademais dun instrumento de aprendizaxe, sexa unha boa alternativa de ocio, tan prazenteira como calquera outra, non esquecendo nunca o papel dinamizador do profesorado, facilitando recursos, variando o tipo de fondos e os formatos das lecturas.

**Resumen:** La actividad de fomento de la lectura Hora de ler, puede resultar muy provechosa; se está consiguiendo que la lectura, además de un instrumento de aprendizaje, sea una buena alternativa de ocio, tan placentera como cualquier otra, no olvidando nunca el papel dinamizador del profesorado, facilitando recursos, variando el tipo de fondos y los formatos de las lecturas.

**Abstract:** The activity to improve reading, "Reading Time", can get very useful results, not only is a learning way it's also a good choice in leisure time, as leisure as any one.

We can't forget the dynamizer role of teachers, providing with the necessary information, diversifying the sort of collections, and the media formats of the reading.

## Proxecto lector de centro: un reto para o día a día

Mar Sueiro Pena e Susana Iglesias Feijoo

**Resumo:** O equipo de profesores do CPI San Vicente da Baña está comprometido dende o curso 2006-2007 na mellora da comprensión lectora de todo o seu alumnado, convencidos de que constitúe o alicerce de toda aprendizaxe. O seu Proxecto Lector de Centro desenvólvese dende entón a través de

seis accións diferentes nas que están involucradas todas as áreas do currículo en estreita colaboración coa Biblioteca Escolar.

**Resumen:** El equipo de profesores del CPI San Vicente (A Baña) está comprometido desde el curso 2006-2007 en la mejora de la comprensión lectora de todo su alumnado, convencidos de que constituye la base de todo aprendizaje. Su Proyecto Lector de Centro se desarrolla desde entonces a través de seis acciones diferentes en las que están involucradas todas las áreas del currículum en estrecha colaboración con la Biblioteca Escolar.

**Abstract:** The teaching staff of CPI San Vicente of A Baña has been working on the improvement of their students' reading comprehension since the 2006-2007 course. The teachers are convinced that reading is the basis of any learning and therefore, their School Reading Project has been developing since then through six different actions which include all areas of the curriculum with straight collaboration of the School Library.

## A biblioteca escolar, factor de compensación social

María Josefa Souto Lorenzo

**Resumo:** O artigo trata da importancia das bibliotecas escolares como factor de compensación social e das actividades que, dende a nosa biblioteca, foron deseñadas para promover a cultura –música, arte, cinema, etc– e axudar ao alumnado a adquirir bos hábitos de lectura.

**Resumen:** Este artículo trata de la importancia de las bibliotecas escolares como factor de compensación social y de las actividades que, desde nuestra biblioteca, fueron diseñadas para promover la cultura –música, arte, cine, etc– y ayudar a que los niños adquieran buenos hábitos lectores.

**Abstract:** This article is about the importance of School Libraries as a factor of social compensation and the activities that, from our school, were designed to promote culture –music, arts, cinema, etc– and to help children acquire good reading habits.

## Difusión cultural desde a biblioteca escolar

Xoaquín C. Freixeiro

**Resumo:** O artigo trata sobre os traballos que dende a biblioteca escolar se poden realizar na promoción da lectura e na formación documental, así como a difusión dos recursos e servizos da biblioteca a un público que abrangue alumnado, familias, mestres e mesmo a comunidade do contorno.

**Resumen:** El artículo versa sobre los trabajos que desde la biblioteca escolar se pueden realizar en la promoción de la lectura y en la formación documental, así como la difusión de los recursos y servicios de la biblioteca a un público que incluye alumnado, familias, maestros e incluso a la comunidad del entorno.

**Abstract:** This report deals with the school library projects in the reading promotion and in the documentary training as well the library services and resources for an audience including pupils, families, teachers and, even, the environment community.

## Colaboración de bibliotecas escolares. Poñendo en común as experiencias de oito centros

Varias

**Resumo:** Somos un grupo de trece mestras de oito colexios distintos da cidade de Vigo. Reunímonos unha vez ao mes, cada día nun dos nosos centros, dende hai cinco cursos, para programar e intercambiar propostas de actividades relacionadas coa Biblioteca Escolar. Este traballo abrangue tres liñas de actuación: fomento da lectura, formación de usuarios e educación documental. Nos últimos anos tentamos incorporar as novas tecnoloxías ao noso traballo bibliotecario.

**Resumen:** Somos un grupo de trece maestras de ocho colegios distintos de Vigo. Nos reunimos una vez al mes, cada día en uno de nuestros centros, desde hace cinco años, para programar e intercambiar propuestas de actividades relacionadas con la Biblioteca Escolar. Este trabajo abarca tres líneas de actuación: fomento de la lectura, formación de usuarios y educación documental. En los últimos años intentamos incorporar las nuevas tecnologías a nuestro trabajo bibliotecario.

**Abstract:** We are a group of thirteen teachers of eight different schools in Vigo. Our team meeting started five years ago. Once a month we enjoy meeting at one of our school centre to propose new activities for our school libraries. This work includes three skills: reading encouragement, users formation and documentary education. The team's main role is to improve the library work and to incorporate the last technologies.

## A biblioteca escolar...publica

Begoña López Soto e Dolores París Fraga

**Resumo:** A biblioteca escolar ten a necesidade de facerse visible, de darlle publicidade ao que ten, ao que fai. Na biblioteca do IES Fernando Esquío aproveitamos o blog para mostrar as novidades ou achegar as actividades dun-

ha forma máis próxima ao alumnado. Publicamos en papel boletíns, trípticos de recomendacións ou guías para traballar as exposicións e actividades que se organizan.

Unha biblioteca que publica, achégase aos seus usuarios, ao seu público e intégra.

**Resumen:** La biblioteca escolar tiene la necesidad de hacerse visible, de darle publicidad a lo que tiene, a lo que hace. En la biblioteca del IES Fernando Esquío aprovechamos el blog para mostrar las novedades o presentar las actividades de una forma más próxima al alumnado. Publicamos en papel boletines, trípticos de recomendaciones o guías para trabajar las exposiciones y actividades que se organizan.

Una biblioteca que publica, se acerca a sus usuarios, a su público y lo integra.

**Abstract:** Every school library needs to show its activities and what it contains. In the library of the IES Fernando Esquío, our blog is used to bring the new acquisitions and show cultural information to students in a dynamic way. We publish in paper leaflets with recommendations or guides to analyse the exhibitions and activities that are organized.

A library that publishes, approaches to its users, to its public and integrates them.

### **Biblioteca escolar e TIC: un affaire apaixonante**

*M<sup>a</sup> Ángeles Costa Giráldez e Charo Sánchez*

**Resumo:** Breve reflexión sobre o papel e as consecuencias do uso das TIC nas bibliotecas escolares galegas.

**Resumen:** Breve reflexión sobre el papel y las consecuencias del uso de las TICs en las bibliotecas escolares gallegas.

**Abstract:** Describes the role and impact of information and communication technologies (ICTs) in Galician school libraries

### **Son axudante de biblioteca!!**

*Montserrat Barciela Garrido*

**Resumo:** Unha experiencia aberta no CEIP Humberto Juanes (Nigrán, Pontevedra), que forma usuarios, tece redes de compromiso, responsabilidade e cooperación e fai posible que nenos e nenos voluntarios se impliquen no funcionamento da súa biblioteca escolar.

**Resumen:** Una experiencia abierta en el CEIP Humberto Juanes (Nigrán, Pontevedra), que forma usuarios, teje redes de compromiso, responsabilidad y cooperación y hace posible que niñas y niños voluntarios se impliquen en el funcionamiento de su biblioteca escolar.

**Abstract:** This experience has been carried out in CEIP Humberto Juanes (Nigrán, Pontevedra), in order to train library users. It weaves webs of commitment, responsibility and cooperation. Due to this, all children of the school have a full involvement in the daily running of the library.

### **As Mochilas viaxeiras da biblioteca escolar Brea Segade**

*Covadonga Rodríguez Argüelles*

**Resumo:** Este é o terceiro curso no que as Mochilas Viaxeiras saen desde a Biblioteca Brea Segade cara as casas do seu alumnado, co obxectivo de promover a lectura e a implicación das familias no fomento das competencias lectoras. O artigo presenta a experiencia das Mochilas Viaxeiras, promovida pola Asesoría de Bibliotecas Escolares, tal e como se leva a cabo no CEP Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade de Taragoña.

**Resumen:** Este es el tercer curso que las Mochilas Viajeras salen desde la Biblioteca Brea Segade a las casas del alumnado del centro, con el objetivo de promover la lectura y la implicación de las familias en el fomento de las competencias lectoras. El artículo presenta la experiencia de las Mochilas Viajeras, promovida por la Asesoría de Bibliotecas Escolares, tal y como se lleva a cabo en el CEP Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade de Taragoña.

**Abstract:** The Travelling Schoolbags have been leaving the Brea Segade Library and going to the pupils' homes for three academic years now, with the aim of promoting reading and family involvement in the improvement of reading skills. The Travelling Schoolbags programme is backed by the School Library Advisory Service. This article describes how the programme has been put into practice in the Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade Primary School in Taragoña.

### **A participación da comunicade educativa na biblioteca**

*Susana Espinar Moure*

**Resumo:** O colexio San Roque de Darbo (Cangas) está integrado dende o ano 2007 no plan de mellora de Bibliotecas Escolares. Un dos obxectivos propostos no proxecto da nosa biblioteca é a participación de toda a comunidade escolar, desenvolvendo actividades que involucren as nais e pais tratando de instalar hábitos familiares de lectura que repercutan de forma positiva no proceso lector do alumnado.

**Resumen:** El colegio San Roque de Darbo (Cangas) está integrado desde el año 2007 en el plan de mejora de Bibliotecas Escolares. Uno de los objetivos propuestos en el proyecto de nuestra biblioteca es la participación de toda la comunidad escolar, desarrollando actividades que involucren a las madres y padres tratando de instalar hábitos familiares de lectura que repercutan de forma positiva en el proceso lector del alumnado.

**Abstract:** The school St Roque de Darbo (Cangas) takes from the year 2007 in the School Libraries Improving Plan. One of the proposed objectives in the project of our library is the share of all the community school child, developing activities that involve the mothers and fathers trying to install habits reading relatives that have repercussions of good way in the process reader of the student body.

### **A biblioteca vista desde a dirección**

*Enrique Sampil Sánchez*

**Resumo:** O director dun instituto fai balance da traxectoria da biblioteca do centro durante nove cursos académicos e recorda o que supoñía ese espazo para a comunidade educativa, as medidas organizativas de apoio e de fomento da lectura que se levan aplicado, as dificultades atopadas e as metas pendentes de alcanzar.

**Resumen:** El director de un instituto hace balance de la trayectoria de la biblioteca del centro durante nueve cursos académicos y recuerda lo que suponía ese espacio para la comunidad educativa, medidas organizativas de apoyo y de fomento de la lectura que se aplicaron, dificultades encontradas y metas pendientes de alcanzar.

**Abstract:** A headmaster makes an assesment of the development of the school library during nine academic years and remembers what this place meant for the educational community, the organizational means of support and reading encouragement that have been taken so far, the difficulties encountered and the goals still to be achieved.

### **A utopía da biblioteca escolar, camiño da realidade**

*Carmen Margariña Valderrama Currás*

**Resumo:** O presente artigo constitúe unha visión da biblioteca escolar desde a inspección educativa. Unha rápida análise do modelo de biblioteca escolar imprescindible na actualidade e os compromisos que isto implica por parte dos diferentes membros da comunidade escolar e da administración educativa.

**Resumen:** El presente artículo constituye una visión de la biblioteca escolar desde la inspección educativa. Un rápido análisis del modelo de biblioteca escolar imprescindible en la actualidad y los compromisos que esto conlleva por parte de los diferentes miembros de la comunidad escolar y de la administración educativa.

**Abstract:** This article is based on school libraries written from the Education Inspection Board. This is an overall view of what school libraries must be today and the way the school community and the educational administration must compromise and get involved.

### **Bibliotecas escolares. As casas dos libros**

*Anxo Fariña*

**Resumo:** Anxo Fariña é un coñecido ilustrador e autor de literatura infantil que percorre os centros de ensino, realizando encontros co alumnado, arredor dos seus libros. Neste artigo, recolle a súa visión das bibliotecas escolares.

**Resumen:** Anxo Fariña es un conocido ilustrador y autor de literatura infantil que recorre los centros de enseñanza, realizando encuentros con el alumnado, alrededor de sus libros. En este artículo, recoge su visión de las bibliotecas escolares.

**Abstract:** Anxo Fariña is well-known illustrator and author of children's books that through schools visits meets students and teachers to talk about his books. In this article, he collects his vision on school libraries.




# NOVIDADES XERAIS

## NARRATIVA



**Cid Cabido**  
*Unha historia  
que non vou contar*

*Unha historia  
que non vou contar*  
Cid Cabido



**Kirmen Uribe**  
*Bilbao-New York-Bilbao*

*Bilbao-New York-Bilbao*  
Kirmen Uribe  
Premio Nacional de Narrativa 2009




**Vicente Araguas**  
*Xuvia-Neda*

*Xuvia-Neda*  
Vicente Araguas




**Luis Manuel Garcia Maña**  
*O grito do Ipiranga*

*O grito do Ipiranga*  
Luis Manuel Garcia Maña



**Teresa Moure**  
*A intervención*


*A intervención*  
Teresa Moure



**Marcos Calveiro**  
*Settecento*

*Settecento*  
Marcos Calveiro

## FÓRA DE XOGO



**A cripta  
do apóstolo**  
Pere Tobaruela

*A cripta do apóstolo*  
Pere Tobaruela



**A viaxe  
do Ser**  
Manuel P. de Lis

*A viaxe do Ser*  
Manuel P. de Lis



**DRAGAL**  
*A herdanza do dragón*  
Elena Gallego Abad

*Dragal*  
*A herdanza do dragón*  
Elena Gallego Abad



**O pintor  
do sombreiro  
de malvas**  
Marcos Calveiro

*O pintor do sombreiro de malvas*  
Marcos Calveiro  
Premio Lazarillo 2009

## UN MISTERIO PARA TINTIMÁN



Un misterio para  
**TINTIMÁN**  
en Compostela  
**CORAZÓN DE  
CHOCOLATE**  
JAUREGUIZAR

*Corazón de chocolate*  
*Un misterio para Tintimán  
en Compostela*  
Jaureguizar



Un misterio para  
**TINTIMÁN**  
na Coruña  
**A COROA DE  
NAPOLEÓN**  
JAUREGUIZAR

*A coroa de Napoleón*  
*Un misterio para Tintimán  
na Coruña*  
Jaureguizar

**XERAIS**

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>





# Bibliotecas escolares e alfabetización na escola do século XXI

Manuel Area Moreira

Universidade de La Laguna

Os tempos están cambiando rapidamente e os axentes educativos somos conscientes de que a escola non pode seguir allea ás novas formas culturais, de comunicación, divulgación e acceso á información xerada polas tecnoloxías dixitais. Onte una persoa alfabeta era aquela que tiña as competencias e habilidades para o acceso á cultura impresa –ler e escribir– e que dominaba a simboloxía e os procedementos aritméticos –saber contar. Hoxe ser alfabeto é todo isto, pero tamén esixe competencia no uso intelixente das novas tecnoloxías e formas culturais que as acompañan: saber atopar información na web, participar en foros

e redes virtuais, escribir blogs e wikis, traballar en contornos dixitais empregando os recursos da web 2.0, saber comunicarse vía correo-e, SMS, etc.

## ALFABETIZACIÓN E COMPETENCIAS INFORMACIONAIS E DIXITAIS

A día de hoxe a cultura é multimodal –é dicir, adopta múltiples modalidades e formas de expresión, sexan textuais, audiovisuais ou dixitais– e a información está en todas partes fluíndo constantemente o través de moitos medios e tecnoloxías. Polo que unha persoa alfabetizada e culta do tempo actual debe dominar os

códigos de todas estas linguaxes de comunicación e posuír as habilidades para seleccionar a información, analizala criticamente e convertela en coñecemento.

Por esta razón a escola do século XXI non pode seguir aferrada a unha visión da alfabetización entendida unicamente como a adquisición das competencias da lectoescritura. Ten que ir alén. A alfabetización actualmente é algo máis complexo xa que se mesturan distintos ámbitos ou dimensións de aprendizaxe: a instrumental, a cognitiva, a comunicativa e a axiolóxica de uso de distintas tecnoloxías en diversas situacións de práctica social – no traballo, no lecer, nos servizos públicos e administrativos, na comunicación social e interpersonal...–.



Isto implicaría que unha persoa alfabetizada na cultura do século XXI é aquela que:

- ten as habilidades necesarias para buscar e localizar a información a través de calquera recurso tecnolóxico sexa impreso, audiovisual ou dixital,

- ten a capacidade cognitiva para transformar a información en coñecemento.

- é quen de utilizar as linguaxes e formas expresivas hipertextuais e multimedia para difundir a información a través de calquera

medio de comunicación e comunicarse con outras persoas,

- ten interiorizadas as normas e valores para o uso democrático e ético da información e do coñecemento.

Por conseguinte, as prácticas escolares de alfabetización deberían ser redefinidas no sentido da procura de que os alumnos e alumnas sexan suxeitos intelixentes e autónomos en tres áreas principais ou dimensións de aprendizaxe:

a) Unha área ou dimensión relacionada coa aprendizaxe para buscar, localizar, comprender e analizar criticamente a información usando os recursos bibliotecarios e da Internet,

b) outro dominio relacionado con aprender a expresarse a través de diferentes tipos de linguaxes, formas simbólicas e tecnoloxías e, polo tanto, saber como difundila por medio de presentacións multimedia, blogs, wikis, espazos virtuais ou calquera outro recurso dixital ou en papel,

c) aprender a comunicarse e interactuar socialmente con outras persoas a través dos recursos tecnolóxicos –correo electrónico, foros, videoconferencia, redes sociais, etc–.

Saber buscar, seleccionar, analizar e comprender a información.

Saber expresarse textual, audiovisual e dixitalmente.

## COMPETENCIA INFORMACIONAL E DIXITAL

Saber comunicarse e traballar colaborativamente en distintos medios, tanto presenciais como virtuais.

### NA PROCURA DUNHA ESCOLA ONDE CONVIVAN OS LIBROS COAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS

Hai só dez anos sería impensable afirmar que os libros de papel poderían desaparecer dos espazos cotiáns da nosa vida. Pero hoxe parece probable que en poucos anos os libros e outros documentos de texto serán lidos nunha pantalla e non impresos en follas. O dixital está sendo omnipresente na nosa sociedade e a súa expansión implica a desaparición, en gran medida, do papel. Iso está a suceder nos fogares, nas institucións públicas, nos centros de traballo, no lecer... E é previsible que tamén aconteza nas aulas e centros educativos. Mais, dende un punto de vista pedagóxico iso é plausible e desexable?

É probable que nos próximos anos as escolas sexan un dos poucos escenarios de supervivencia da cultura impresa na sociedade vindeira. Dende o meu punto de vista a escola tería que ser un espazo social onde convivisen xuntos os libros e a tecnoloxía para que os estudantes sexan quen de utilizar indistintamente os recursos e o coñecemento tanto procedente da cultura impresa como da dixital.

A escola do comezo deste século debería ofrecer oportunidades para que os nenos poidan realizar moitas e variadas tarefas de aprendizaxe con todos os medios e tecnoloxías da nosa sociedade. Actividades como a lectura de libros, de enciclopedias e dicionarios, escribir textos,



ver vídeos, aprender a consultar bases de datos dixitais, crear e publicar arquivos multimedia, visualizar e analizar os produtos de TV, facer sitios web e blogs, comunicarse vía correo electrónico, participar en foros... Mais cómpre lembrar que, dende un punto de vista pedagóxico, o relevante non é cambiar material didáctico do pasado –os libros– por outros tecnoloxicamente sofisticados, senón que o importante é formar axeitadamente os alumnos como cidadáns educados, críticos e preparados para afrontar as incertezas e os recursos multimedia da cultura do século XXI.

### AS BIBLIOTECAS ESCOLARES COMO UN CENTRO DE RECURSOS PARA A APRENDIZAXE

As escolas en xeral e, especialmente, as aulas deberían proporcionar aos alumnos aprendizaxes baseadas en experiencias valiosas, útiles e significativas da cultura nas súas diversas formas –sexa con textos, con iconas/ imaxes, con sons, con recursos hipertextuais e multimedia–. Polo que sería recomendable que os colexios, ademais de dispor de todo os tipos de dispositivos dixitais –proxectores multimedia, encerados interactivos e ordenadores– deberían ter bibliotecas onde os libros de lectura, as revistas, os libros ilustrados, as enciclopedias, os textos literarios e os libros didácticos estean dispoñibles para nenos e mestres.



Así, cada escola e cada aula debería ser unha especie de “centro de recursos para a aprendizaxe”, que ofrece experiencias multimodais de aprendizaxe cunha mestura de tecnoloxías da comunicación impresa, audiovisual e dixital. Estes “centros de recursos” poderían ser as actuais bibliotecas escolares renovando tanto as funcións tradicionais das mesmas como dos profesores-bibliotecarios. Dende esta perspectiva, a biblioteca escolar non pode funcionar como un mero depósito de libros, de contos ou de enciclopedias, e as tarefas do profesor-bibliotecario non poden reducirse á mera administración dos fondos de biblioteca e a supervisión dos préstamos.

Pola contra, a biblioteca escolar, entendida como un centro de recursos para a aprendizaxe debería caracterizarse por:

- Ofrecer e asesorar ao profesorado sobre a selección de diferentes tipos de recursos –impresos, audiovisuais, ou dixitais– para as actividades educativas que teñen lugar no centro e na aula.
- Planificar e desenvolver actividades de formación –ou alfabetización– na utilización de diferentes bases de datos ou recursos de información dispoñibles, non só nas formas tradicionais de papel, senón tamén no acceso e uso das bases de datos que están dispoñibles a través de Internet. Ou sexa, facer formación dirixida tanto ao profesorado como ao alumnado do centro no desenvolvemento das habilidades para buscar e atopar a información.
- Ser un espazo físico a ser visitado polo alumnado tanto nos momentos de lecer como de actividade académica.
- Artellar contactos e intercambios con outras bibliotecas escolares ou públicas da contorna próxima para desenvolver proxectos educativos innovado-

res arredor da alfabetización, dos libros e da cultura dixital.

En definitiva, as bibliotecas escolares poderán xogar un papel moi relevante como eixo catalizador de todos os recursos dos que dispón o centro. Por unha banda, organizando e coordinando o acceso aos mesmos tanto a mestres como a alumnos, e pola outra desenvolvendo accións alfabetizadoras vinculadas coas competencias informacional e dixital. Asemade, un modelo de ensino baseado na aprendizaxe a través da investigación e da construción do coñecemento polo propios alumnos require un “centro de recursos” ou biblioteca da escola que estea intimamente vencellada aos procesos educativos de todas as áreas nunha perspectiva de innovación pedagóxica.



# artellando actividades extraescolares

■ gaita ■ acordeón ■ artes plásticas ■ fotografía  
■ novas tecnoloxías ■ reciclando con arte ■

## Outubro e novembro 2010

Centro Torrente Ballester, Biblioteca municipal Central e na rúa

Se eres alumno ou alumna dun centro de ensino de Ferrol en primaria, secundaria, bacharelato ou ciclo medio de FPE infórmate no teu centro ou na web de Educación do Concello de Ferrol <http://www.ferrol.es>

inscrición gratuita / prazos limitadas

Organiza e patrocina



**Concello de Ferrol**  
EDUCACIÓN



# Outro alumnado, outras bibliotecas

Cristina Novoa  
Pilar Sampedro

Asesoras de bibliotecas escolares  
Consellería de Educación

No imaxinario de moitos profesionais do ensino e da meirande parte da poboación galega adulta, a biblioteca escolar é un lugar pouco transitado, ás veces venerado e respectado, pero escasamente vivido como experiencia grata ou vivificante. Á biblioteca íase consultar información nas vellas enciclopedias, había que estar en silencio, o ambiente era, ás veces, escuro, pouco "amigable", e a actividade escasa. Afortunadamente, esta visión vai mudando e calquera rapaz ou calquera rapaza galega ten hoxe unha imaxe ben distinta da súa biblioteca escolar. Colexios e institutos están a transformar as vellas bibliotecas en espazos vivos,

onde o alumnado actual poida vivir un achegamento aos libros e á lectura máis satisfactorio e máis doado.

O profesorado vinculado a prácticas metodolóxicas máis innovadoras foi espallando a necesidade de contar con bibliotecas convenientemente dotadas para poder exercer a súa función docente. Co apoio do sector bibliotecario, este profesorado máis comprometido coa renovación nas aulas leva tempo defendendo un modelo de biblioteca escolar que responde ao proposto nas conclusións do I Encontro Nacional de Bibliotecas Escolares, celebrado en Madrid en



1997, organizado polo Ministerio de Educación e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez. O Manifesto IFLA/UNESCO, aprobado en 1999, incidía no mesmo modelo:

“A Biblioteca escolar é unha compoñente esencial do proceso educativo”. Entre os seus obxectivos:

- Apoiar os procesos de ensino e aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de recursos e medios.
- Dotar o alumnado das capacidades básicas para empregar unha grande diversidade de recursos e servizos.
- Estimular o hábito lector e fomentar a utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente. Debe contar cun responsable docente, integrado no centro, con formación específica en constante actualización, traballando en colaboración co profesorado e vinculado a outras bibliotecas escolares e públicas.”

Aínda que nos desenvolvementos curriculares da LOXSE se contemplaba a existencia de bibliotecas nos centros educativos e a utilización de fontes informativas diversificadas, o certo é que os avances foron escasos, segundo quedou demostrado no estudo sobre a situación das bibliotecas escolares en España, publicado no ano 2005 pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez e o Instituto IDEA. A actual Lei Orgánica de Educación (LOE) recolle por vez primeira, no seu artigo 113, a obrigatoriedade de que todos os centros contengan biblioteca escolar. Tamén contempla as súas funcións: “As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos”. A LOE recolle, así mesmo, a responsabilidade das administracións educativas

no desenvolvemento e actualización destes importantes instrumentos educativos.

A biblioteca escolar que se precisa para facer fronte aos retos e necesidades derivados da sociedade da información, na que medra o alumnado actual, debe responder ao modelo de centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Un espazo dinámico, flexible, atraente, integrador. Un lugar concibido para que os distintos sectores da comunidade educativa poidan atoparse e poidan vivir experiencias de calidade arredor da cultura escrita e audiovisual, da palabra e da imaxe, do soporte impreso e do soporte dixital. As novas bibliotecas escolares son centros de recursos nos que o alumnado atopa máis e mellores fontes informativas a través das que acceder a saberes diversos, e o profesorado atopa tamén máis e variadas oportunidades para desenvolver as súas funcións.


Estamos a falar de bibliotecas que reúnen cultura impresa e cultura dixital, ao ofertar materiais en todos os soportes dispoñibles. Son estas uns espazos para a integración das tecnoloxías da información e da comunicación, dunha forma natural, co mellor da cultura impresa nos procesos de aprendizaxe. Son os lugares naturais de acceso á información, e de adquisición de técnicas e habilidades no uso e produción desta, ofrecendo recursos variados tanto no contido como no soporte ou no formato.

Diante da progresiva incorporación de ordenadores ás aulas e da previsible substitución dos libros de texto tradicionais por obxectos dixitais de aprendizaxe, por libros electrónicos e outros materiais dispoñibles na Rede, algúns sectores cuestionan a utilidade da biblioteca escolar. Porén, esta mesma circunstancia anima a moitos profesionais do ámbito bibliotecario e do mundo educativo a defender o papel das bibliotecas, xustamente

nestes momentos. Nunca foi tan necesaria unha formación eficaz para a selección de información, para a identificación das fontes, o contraste de datos, a valoración da fiabilidade e da credibilidade das mensaxes, a comprensión dos textos, o xuízo crítico e os valores éticos no uso desta información. A fiabilidade das fontes impresas, avalada polos selos editoriais, resulta máis difícil de identificar en Internet, cunhas posibilidades de publicación e difusión totalmente abertas a todo tipo de autoría. Cómpre ensinar ao alumnado a discriminar o que é fiable do que non o é, a contrastar datos consultando fontes variadas, e a valorar con criterio as informacións atopadas. Acadar este tipo de competencia é só posible logo dun longo proceso, que pode comezar moi cedo pero que debe ser sistemático e ben estruturado. O profesorado ten para este cometido un importante aliado na biblioteca escolar.

## O PARA QUE DA SÚA PRESENZA NOS CENTROS EDUCATIVOS

A función que a lexislación educativa actual lle adxudica á biblioteca escolar está a ser reclamada en diferentes foros, es-



pecialmente naqueles nos que se debate sobre as competencias básicas que debe adquirir o alumnado ao longo da súa escolaridade, e a poboación en xeral. Día a día faise máis evidente a necesidade de educar a lectura comprensiva de todo tipo de textos e a capacidade para seleccionar, valorar e producir información. Tamén a adquisición de habilidades sociais para o traballo colaborativo e a incorporación de valores éticos, para unha participación máis crítica e construtiva nas redes sociais e na vida activa en xeral, sexa esta participación presencial ou a distancia, a través de Internet.

A biblioteca defínese como un centro de recursos de apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, e un espazo para o fomento da lectura. Debe, pois, apoiar todos os programas e proxectos que se leven a cabo no centro educativo. Isto desenvólvese a través de accións como as que seguen:

- Proporcionar seleccións bibliográficas e de recursos electrónicos para as distintas áreas e materias.
- Equilibrar a colección de forma que todos os ámbitos do coñecemento estean suficientemente representados con materiais axeitados ao alumnado, en número e calidade suficiente, e plenamente actualizados.
- Atender as demandas do profesorado tales como seleccións de recursos relacionados cun autor, un xénero, un tema do currículo.

- Seleccionar recursos impresos ou electrónicos para as seccións de aula –bibliotecas de aula– ou de departamento, en función das necesidades curriculares, do plan anual de lectura, etc.

- Diseñar accións de dinamización tales como exposicións temáticas, de traballos do alumnado, accións formativas de tratamento da información, propostas de proxectos documentais de carácter interdisciplinar, formación de usuarios, actividades de lectura compartida, encontros literarios...

- Dar a coñecer e orientar no uso de materiais novos, dispoñibles para as distintas áreas curriculares ou para a educación da competencia en comunicación lingüística.

- Diseñar e apoiar o desenvolvemento de programas para o fomento da lectura, a educación da competencia dixital e tratamento da información...

- Facilitar a cohesión entre diferentes programas e actuacións do centro para a adquisición das competencias básicas, ao ser a lectura e a escritura o eixo transversal imprescindible en todas as materias.

- Facilitar orientación para a selección de lecturas.

- Organizar tempos e espazos para o apoio ao estudo e outras medidas compensatorias.

Seleccionar materiais de calidade, elaborar propostas de itinerarios lectores, deseñar actividades para espertar o hábito de lectura e implicar as familias na formación dos novos lectores son ámbitos de actuación que apoian o desenvolvemento dos proxectos lectores de centro e dos plans anuais de lectura. Programar actividades de formación de usuarios da biblioteca e destinados á adquisición da competencia en información, coa integración de fontes impresas ou electrónicas; dispoñer os recursos de forma efectiva para que esta formación

sexa posible; apoiar propostas de carácter interdisciplinar que favorezan o uso dos recursos e a investigación documental; apoiar o profesorado á hora de reforzar estas aprendizaxes, son tamén ámbitos de actuación posibles. Reforzar a posta en práctica dos diferentes programas que xere o centro –plan de convivencia, programas europeos, proxectos de innovación...– é tamén función da biblioteca escolar. A extensión cultural en todas as súas formas –exposicións, recitais, encontros con autores, concursos de creación, presentacións de libros, audicións musicais, clubs de lectura... – é, así mesmo, campo de actuación posible. Mediante a disposición dos recursos ao alcance de todos os sectores da comunidade educativa, facilitando ao máximo o seu uso e aproveitamento, a biblioteca está xa a cumprir o seu papel como compensadora de desigualdades. Seleccionar atendendo á diversidade, ou organizar apoios específicos, poden ampliar esta importante función.

#### PARA CUMPRIR O SEU PAPEL PRECISAN CERTOS REQUISITOS

As bibliotecas das que estamos a falar *centralizan a xestión* dos recursos informativos existentes no centro, de forma eficaz, evitando perdas ou duplicidades e favorecendo o coñecemento dos materiais dispoñibles mediante unha difusión axeitada entre os membros da comunidade educativa. Contemplan unha *flexible diversificación dos espazos*, para facilitar actividades diversas –zona de lectura informal, lectura individual, traballo en pequeno grupo/gran grupo, zona audiovisual, zona multimedia/ordenadores con acceso a Internet, zona de novidades, de exposición, de difusión de actividades, etc.–. *Facilitan o acceso* a todos os materiais da forma máis autónoma posible. Empregan *sistemas estandarizados* para o rexistro, catalogación e clasificación dos documentos –obviamente, están in-



formatizadas con programas que facilitan o intercambio de información e o acceso ao catálogo a través de Internet-. Procuran un *equilibrio na colección* atendendo á calidade, variedade, adaptación aos usuarios, relevancia, actualidade, oportunidade e diversidade en canto a formatos e soportes; para todo isto realízanse as oportunas expurgacións e recóllense as necesidades das distintas áreas curriculares, pero tamén de profesorado e alumnado. Realizan seleccións de recursos electrónicos en función de temáticas ou proxectos, evitando no posible a dispersión e facilitando a formación para eleccións máis eficaces. Contan con mobiliario axeitado, versátil e suficiente e dispoñen de equipos audiovisuais e informáticos en número adecuado e debidamente actualizados. Contan cun horario amplo de apertura, que como mínimo coincida co horario lectivo do centro e unha distribución do tempo adaptada ás necesidades do alumnado. En definitiva, son

recursos educativos plenamente integrados na vida do centro e, como tales, deben estar contemplados nos correspondentes documentos organizativos. Para isto, os equipos directivos deben arbitrar as medidas que garantan unha atención suficiente, por persoal docente con perfil axeitado e formación específica: unha persoa responsable e un equipo interdisciplinar de profesores e profesoras que deseñe e leve a cabo plans de actuación eficientes que respondan ás necesidades e características da comunidade escolar. Son, ademais, bibliotecas que avalían o seu traballo a través de indicadores de uso e de funcionamento, co fin de reaxustar dinámicas e avanzar.

#### CAMIÑANDO CARA Á UTOPIA

Son moitos aínda os atrancos que impiden que esta realidade se faga presente en todos os centros educativos galegos. Está por desenvolver unha normativa específica que fixe este modelo

de biblioteca e o seu funcionamento –modelo que deber ser flexible para adaptarse á diferente tipoloxía de centros e ás necesidades que a sociedade vaia evidenciando–, estableza mecanismos para a disposición de medios materiais suficientes, e dos imprescindibles recursos humanos que lle dean estabilidade, e impulse definitivamente a utilización destes importantes instrumentos educativos por parte de todo o profesorado, nunhas prácticas metodolóxicas máis acordes co alumnado existente hoxe en día nos centros. As comunidades escolares e as diversas administracións educativas –central e autonómica– levan realizado esforzos notables nos últimos anos para a renovación destas bibliotecas, pero os retos que se presentan piden un maior empeño e un máis amplo recoñecemento da biblioteca como factor de calidade do ensino e de potenciador da innovación pedagóxica, como sen dúbida o están a demostrar.

PUBLICIDADE

www.nosoposicions.com

**NÓS**

**OPOSICIONS**

acoruña.santiago.vigo





# Camiño longo: as transformacións das bibliotecas escolares cara a un novo modelo

Cristina Novoa  
Pilar Sampedro

Asesoras de bibliotecas escolares  
Consellería de Educación

O panorama das bibliotecas escolares galegas modificouse significativamente nos últimos anos, grazas aos esforzos realizados polas comunidades educativas e aos apoios das administracións, central e autonómica. Aínda así, os cambios non se deron por igual en todos os centros nin, tampouco, en toda a xeografía do país.

Ao comezo dos anos 90 do pasado século, cando aínda a administración autonómica galega non tiña unha liña de actuación definida a favor destas bibliotecas, algúns centros pioneiros poñían a andar proxectos ilusionados, con escasos recursos,

moito esforzo e grande imaxinación, para a dinamización destes espazos educativos. Procurando información en xornadas de verán e publicacións do ámbito dos grupos de renovación pedagóxica ou buscando formación específica aló onde podía, o profesorado interesado iniciaba un camiño que se presume longo aínda. Aquelas experiencias, difundidas a través de actividades organizadas desde a administración e desde os movementos de renovación pedagóxica, foron espallando a idea de que as bibliotecas podían ser "outra cousa".

Cando a Consellería de Educación crea a Asesoría de biblio-

tecas escolares (2003), dando así resposta a demandas de actuación neste ámbito, constitúese unha comisión na que se coordinan as persoas que, desde os centros de formación do profesorado, están a impulsar actividades para a formación e a actualización dos docentes na xestión, organización e dinamización das bibliotecas dos centros, orientando así todas as actividades nunha mesma dirección. Por outra parte, a Consellería inicia o deseño dun programa para a renovación das bibliotecas escolares, comezando pola difusión do concepto de biblioteca escolar como espazo educativo, cuns obxectivos e unhas finalidades concretas de apoio ao desenvolvemento do currículo e ao fomento da lectura –carteis sobre o modelo de biblioteca, espazo web específico, boletíns “Lendo en abril”...–. Unha das cuestións claves en todo o proceso vivido ata momento é que todas as propostas que se puxeron en marcha respondían ás necesidades manifestadas polos propios centros e retomaban as experiencias existentes que estaban a dar resultado en distintos recunchos da xeografía galega. Non se partiu de cero nin se inventou nada: tivéronse en conta recomendacións internacionais, propostas do sector bibliotecario e educativo máis innovador, e as propias dinámicas iniciadas nalgúns comunidades escolares.

### INICIOS MODESTOS PARA UN PROGRAMA DE LONGO ALCANCE

Tralas primeiras iniciativas “preparatorias”, en 2005 publícase a primeira convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, cun orzamento inicial moi escaso pero cuns obxectivos concretos: apoiar aqueles proxectos de transformación da biblioteca escolar nun centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, que contasen con respaldo suficiente da comunidade educativa e cuns compromisos mínimos de carácter organizativo

que garantisen a viabilidade do programa previsto. No primeiro ano foron corenta centros os que resultaron seleccionados das preto de catrocentas solicitudes presentadas. A falta dunha normativa específica, as convocatorias do Plan de mellora veñen incluíndo, ademais dos requisitos esixidos, unhas orientacións sobre o modelo de biblioteca escolar que se pretende difundir. Os esforzos dos centros por adaptar a súa actividade ás pautas aquí recollidas teñen dado importantes froitos. Como a participación no Plan de mellora esixe a aprobación do claustro e do consello escolar, por primeira vez en moitos centros a biblioteca escolar foi motivo de debate, reflexión e análise da situación de partida e da realidade máis próxima, co fin de adaptarse ás condicións esixidas. Outra cuestión de interese é que moitos centros educativos que realizaran un proxecto para presentalo á convocatoria do Plan de mellora, aínda que non resultaran seleccionados, continuaron cos seus recursos o proceso de transformación deseñado, polo que os avances nas bibliotecas escolares foron véndose en moitos centros non incluídos nun principio no programa. A participación nas actividades de formación da Rede de Centros de Formación e Recursos (CFR), así como nas organizadas pola propia Asesoría de bibliotecas escolares, foi medrando de forma moi significativa e cómprete en conta á hora de valorar todo o proceso. Logo de cinco convocatorias do Plan de mellora, e dun investimento importante aínda que sempre insuficiente, son 299 centros os incluídos no programa, prevéndose para o curso 2010/2011 un total de 374 bibliotecas escolares dentro da rede. Porén, as bibliotecas que teñen iniciado os seus procesos de renovación son moitas máis.

### CONTRA VENTO E MAREA

Os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, en conxunto, fixeron interven-

cións nos espazos e no equipamento –salas de biblioteca máis amplas e atractivas, nalgúns casos, tirando tabiques ou mudando de situación; distribuindo o mobiliario para a creación de recantos con diferentes funcións, renovación parcial ou total deste mobiliario e do equipamento audiovisual e informático–; renováronse de forma relevante as coleccións, e atendeuse á xestión centralizada dos recursos informativos –empregándose sistemas estandarizados para a informatización, rexistro, catalogación e clasificación destes recursos–, a automatización do préstamo, a creación de canles para a difusión dos materiais existentes e das actividades organizadas. Iniciáronse programas de formación de usuarios e de educación no uso da información e as propostas de proxectos documentais ou de investigación, con carácter interdisciplinar, impulsados por estas bibliotecas ou apoiados por elas, son cada vez máis numerosas. As actividades de dinamización fóronse sistematizando e ampliando as súas perspectivas e o seu alcance, incluíndo propostas para o fomento da lectura destinadas a toda a comunidade educativa.

O proceso non foi doado en todos os casos. Hai resistencias só superables con moita formación e moita “man esquerda”: a centralización da xestión de todos os recursos informativos do centro supuxo enfrontar unha tendencia asentada, especialmente en centros de ensino secundario, de distribución de materiais específicos por departamentos. Da mesma maneira, abrir as portas dos armarios ou eliminarlas directamente, supuña unha renovación excesiva aos ollos dalgúns docentes. Con todo, a maior dificultade é a escaseza de horario dispoñible por parte do profesorado que se responsabiliza da xestión e dinamización das bibliotecas escolares. A carencia dunha normativa específica que regule de forma clara todo o relacionado con estes impor-



tantes recursos educativos, non favorece a súa estabilidade. A escasa normativa que afecta ás bibliotecas escolares recolle que os equipos directivos deben nomear a unha persoa priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria, co fin de atender as funcións que se lle adjudican<sup>1</sup>. Os centros incluídos no programa de bibliotecas escolares comprométese a tomar as medidas organizativas necesarias para a atención da súa biblioteca, nomeando a unha persoa como responsable e creando un equipo interdisciplinar de profesorado, o equipo de biblioteca, con funcións especificadas no anexo de Orientacións da propia convocatoria.

Despois de cinco anos do Plan de mellora de bibliotecas escolares, un dos activos máis importantes do programa é o colectivo de profesoras e profesores que coa súa profesionalidade, o seu esforzo e a súa dedicación –superando o horario laboral en moitos casos–, manteñen uns espazos educativos con nivel de excelencia a disposición de toda a comunidade educativa, facilitando recursos diversos, orientando o seu uso e favorecendo

a innovación das prácticas pedagóxicas docentes.

Unha das ferramentas coa que contan os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares é o denominado grupo PLAMBE, algo tan sinxelo coma unha rolda de correo que, porén, ten permitido a colaboración e o intercambio de información e de materiais e impulsado a creación dunha auténtica rede profesional de colaboración, sendo este un dos aspectos máis valorados polo colectivo de profesores e profesoras implicados. A organización anual de encontros específicos para as persoas responsables das bibliotecas integradas no programa, as reunións por zonas nestes encontros –e posteriores, con carácter puntual ou periódico nalgúns casos– e a participación na gran cita anual das bibliotecas escolares no mes de outubro –datas nas que se celebran desde o ano 2005 os encontros ou as xornadas das Bibliotecas Escolares de Galicia, alternando anualmente o formato– supoñen un aliciente, unha oportunidade para a formación de calidade e, tamén, para a creación de vínculos profesionais que están a dar excelentes resultados.

Paralelamente ao desenvolvemento do Plan de mellora de bibliotecas escolares, leváronse a cabo outras iniciativas de apoio a estes recursos. A colaboración entre a administración central e autonómica, cun importante investimento económico a partir tamén do ano 2005, permitiu dispoñer de recursos destinados á renovación das coleccións de todas as bibliotecas e, en parte, dos seus equipamentos. Como xa quedou indicado, un importante número de bibliotecas non integradas no programa iniciaron, de todos os xeitos, un proceso de renovación e actualización importante, esforzándose

por adaptar as súas intervencións ás pautas da Consellería de Educación, difundidas a través da convocatoria do Plan de mellora.

En calquera caso, a debilidade máis importante das bibliotecas escolares, clave para entender a súa situación de invisibilidade no conxunto dos factores que se entenden como primordiais en temas educativos, é a utilización minoritaria desta por parte do profesorado, cunha función claramente educativa, e a preponderancia do libro de texto como única fonte informativa. As bibliotecas e os seus recursos van gañando presenza nas programacións dos docentes e nas súas prácticas, pero aínda non a suficiente como para seren considerados imprescindibles por parte do conxunto da comunidade escolar. Nas axendas reivindicativas en relación coas melloras da calidade do ensino, aínda a biblioteca escolar é un punto moi residual ou claramente inexistente.

#### ALGUNHAS AXUDAS

A LOE<sup>2</sup> modifica substancialmente a situación de deriva que puidese darse nas bibliotecas escolares, cando no seu artigo 113 recolle a obrigatoriedade de que todos os centros educativos contén cunha biblioteca escolar, e as funcións que terían asignadas. A implantación dos novos currículos supuxo tamén o deseño e desenvolvemento de Proxectos lectores de centro e a introdución da materia “Proxecto interdisciplinar” en 1º curso de ESO, para os que a biblioteca escolar é un instrumento fundamental. Xunto coa formación permanente do profesorado e a difusión das prácticas de excelencia que se están a dar por todos os recunchos da xeografía galega, as bibliotecas escolares camiñan cara unha realidade ben diferente á que aínda vive no imaxinario da poboación adulta, formada

<sup>1</sup> Orde de 17 de xullo de 2007, que regula as dinamizacións específicas nos centros educativos (DOG de 24/07/2007)

<sup>2</sup> Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



en centros nos que estas eran inexistentes ou estaban infrautilizadas.

Un dos fenómenos máis rechatantes dos últimos anos foi a incorporación practicamente xeralizada das bibliotecas escolares galegas ao mundo da web 2.0, pois as propostas lanzadas desde as actividades de formación neste ámbito callaron con forza neste colectivo. Comezaron pronto a xurdir blogues de bibliotecas escolares, fiestras abertas polas que a biblioteca se asoma ao mundo e a través das que os internautas poden enxergar a rica actividade que nela acontece. O blogue ten unha tipoloxía textual concreta e as bibliotecas foron adaptando as posibilidades que ofrecía ás súas finalidades: difundir recursos, actividades, propostas; reclamar atención e propiciar a participación de alumnado e familias, nalgúns casos; facilitar o achegamento a informacións e materiais en soporte electrónico; dar a coñecer as actividades da biblioteca e os materiais elaborados polo alumnado do centro, favorecer o traballo colaborativo. Outras aplicacións como a plataforma de formación a distancia, moodle, as wikis ou as redes sociais aplicadas cos fins anteriores están a ser empregadas tamén. O propio programa para a informatización da colección, o Proxecto Meiga –facilitado pola Consellería de Cultura grazas ao acordo de colaboración entre este e a Consellería de Educación– que facilita o intercambio bibliotecario e a participación na creación dun catálogo colectivo virtual, é un exemplo de integración das tecnoloxías da comunicación e da información ao servizo das bibliotecas escolares.

### PARALELAMENTE, HORA DE LER

Facer visibles as bibliotecas escolares e poñer en valor os libros e a lectura nos centros educativos foron os obxectivos iniciais do programa para o fomento da lectura, *Hora de ler*, iniciado pola

Consellería de Educación no ano 2006, coa chegada aos centros dos primeiros materiais de apoio ao profesorado. Este lema ampara todas as iniciativas para facilitar ao profesorado o seu labor como mediador e formador dos novos lectores: as mochilas viaxeiras, a convocatoria de Clubs de lectura, as maletas viaxeiras de carácter temático, os carteis e materiais divulgativos que se publican anualmente coa colaboración de ilustradores galegos –Biblioteca, servidor central; Biblioteca, espazo de lecturas– as mensaxes especiais –en formato de marcapáxinas– do Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor, entre outras.

Pero, ademais, Hora de ler é o nome que está a recibir nos centros ese tempo diario dedicado á lectura, que se foi xeralizando a medida que se foron desenvolvendo os currículos LOE e os Proxectos lectores de centro. Especialmente os centros de primaria, para os que é preceptivo o establecemento de media hora de lectura diaria, pero tamén algúns centros de ensino secundario –onde a biblioteca ten unha presenza importante– organizan un tempo no calendario escolar dedicado á lectura, con fórmulas diferentes, pero nas que destaca a chamada “lectura silenciosa sostida”, aquela na que todo o centro le, nun momento do día, o libro que cadaquén escolle, sen ter que dar conta a ninguén da súa lectura nin realizar actividade posterior: a lectura individual e pracenteira incorporada no horario lectivo e por parte do alumnado e o profesorado do centro. Todas as valoracións dos centros que poñen en práctica esta fórmula son altamente positivas.

### MÁIS ALÓ DA EXTENSIÓN CULTURAL

Definitivamente, as bibliotecas están a ser eses espazos de difusión e de formación cultural, máis aló da súa función prioritaria, a de apoiar os procesos de ensinanza

e aprendizaxe no centro. E son tamén factores para a igualdade de oportunidades, na medida en que ofrecen recursos culturais a toda a poboación escolar, independentemente do estrato sociocultural do que proceda. Na medida en que os recursos son facilitados a todo o alumnado –e mesmo ás familias– e se orienta e se favorece o seu uso, estase a cumprir a función de compensación social que lle corresponde.

Por moito que esta realidade non sexa xeral, por moito que quede por facer por parte das administracións –e tamén por parte dos colectivos docentes–, as experiencias que se poden coñecer a través dos artigos que seguen, e a través das publicacións das propias bibliotecas escolares –blogues de biblioteca ou de clubs de lectura, accesibles desde a páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia<sup>3</sup>– debuxan un panorama rico, complexo e diverso que responde, á fin, ás necesidades do alumnado que medra na sociedade da información.

<sup>3</sup> <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>





# A formación de usuarios na biblioteca escolar

## Dolores Martínez Martínez

Responsable da biblioteca  
IES Poeta Añón, Outes

### INTRODUCCIÓN

A complexidade e a abundancia de información na sociedade actual xustifican a necesidade de desenvolver un programa de formación de usuarios en todas as etapas educativas. Se a biblioteca escolar é o centro de información e de documentación do centro educativo, consecuentemente é o escenario ideal para formar o alumnado na aprendizaxe de habilidades para investigar e informarse, habilidades que ademais contribuirán ao desenvolvemento das competencias básicas e do conxunto dos contidos curriculares.

As iniciativas que a continuación expoñemos están a levarse a cabo no IES Poeta Añón de Outes (A Coruña) e noutros moitos centros de ensino galegos convencidos desta función educativa da biblioteca.

### OS PRIMEIROS PASOS

A nosa biblioteca ata o curso 2004-2005 ofrecía tan só servizos de préstamo de libros e de lectura en sala. Tamén é verdade que non existía unha persoa responsable, nin un equipo de apoio. Os fondos eran rexistrados voluntariamente e de xeito manual por dous profesores que contaban con dispoñibilidade horaria –un par de horas semanais–. Era

evidente que estaba a ser infrautilizada e que os usuarios tiñan claras dificultades para localizar documentos, manexar obras de referencia ou elaborar e presentar traballos de investigación.

Así pois, nese curso iniciamos o cambio. Comezamos por reorganizar os fondos: se pretendiamos que os usuarios atopasen os materiais era necesario ordenalos, clasificándoos de acordo a unha CDU adaptada. Ese mesmo ano incorporamos a nosa base de datos ao Proxecto Meiga e no curso 06-07 presentamos un proxecto que foi aceptado e incluído dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación. A axuda recibida foi máis aló do aspecto económico: facilitou a integración da biblioteca no organigrama do centro, contando co apoio incondicional do Equipo Directivo. Ademais, foi posible incorporarnos á rede colaborativa de centros PLAMBE, na que se comparten formación, materiais, experiencias e inxerencias arredor do mundo do ensino e das bibliotecas.

### A FORMACIÓN DE USUARIOS

O espazo bibliotecario ofrece o marco ideal para abordar dun xeito sistemático a formación de usuarios autónomos, capaces de continuar a aprendizaxe durante toda a vida. Por iso, na programación anual da biblioteca incluímos unha serie de iniciativas encamiñadas a acadar unha eficaz utilización dos fondos e servizos dispoñibles. Destacamos as seguintes:

#### - Visitas guiadas

Ao inicio de cada curso invítase aos docentes de nova incorporación a unha sesión formativa na biblioteca para coñecer as instalacións, a organización dos materiais e os servizos ofertados, ao tempo que se lles fai entrega dunha guía de usuario/a.

Tamén o alumnado de 1º ESO visita a biblioteca ao comezo do 1º trimestre. Recibe información sobre as normas de uso, os distintos espazos e servizos, a CDU,



as etiquetas dos libros..., realizando xogos de busca de fondos por equipos. Esta formación complementábase coa realización de prácticas con materiais en liña como os da Biblioteca do IES das Mariñas de Betanzos\* ou os dispoñibles na páxina [www.esdelibro.es](http://www.esdelibro.es).

- **Guías de usuario** –para pais, alumnado e profesorado– coas normas de uso da biblioteca, Guías de lectura e Guías con pautas para a realización de traballos de investigación –baseadas estas en materiais da Rede de Bibliotecas Escolares de Portugal\*–.

- **Proxecto interdisciplinar:** 1º ESO

Inicialmente facilítase ao profesorado responsable un caderniño\* para o traballo en “Habilidades de busca da información”. O alumnado aprende as técnicas básicas no manexo das fontes de información e posteriormente aplícaas na realización de traballos de investigación en relación co proxecto de educación ambiental CLIMÁNTICA, no que participa o centro dende o curso 07-08.

- **Actividades de busca e recuperación da información**

Na medida do posible é desexable que os contidos se traballen de maneira contextualizada, ben como parte dunha área curricular –proxectos documentais– ou ben dentro das propostas que fai a biblioteca arredor dunha data ou un tema. Entrarían neste

apartado prácticas como a Olimpíada do Saber, concurso ideado polo equipo do IES Marqués de Suances de Ferrol consistente en responder en 24 horas a unha pregunta diaria de cultura xeral, ou Na procura dos libros prohibidos, baseado nunha actividade do IES Río Cabe de Monforte de Lemos no que o alumnado organizado en equipos debe atopar a resposta a unha serie de preguntas-pista que conducen á descuberta de varios libros desaparecidos dos andeis na noite do Samain.

### CONCLUSIÓN

A realización destas actividades vai depender sempre dos recursos humanos de cada centro. Aínda así e na medida do posible, a formación de usuarios debería incorporarse ás actividades a desenvolver pola biblioteca, sendo fundamental que nesa formación se implique non só ao alumnado senón tamén ao profesorado. De nada serve que dende a biblioteca se realicen prácticas sobre a localización de documentos e recuperación da información se non se conta coa colaboración do equipo docente, que deberá integrar estas prácticas no traballo diario de aula.

### REFERENCIAS

Os materiais sinalados cun \* están dispoñibles no blog de Bibliotecas Escolares de Galicia na dirección <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>, sección “Educación Documental”.



# A biblioteca escolar e os proxectos documentais integrados

## Delio Chao Lolo

Responsable da biblioteca  
CPI Luís Díaz Moreno, Baralla

[http://centros.edu.xunta.es/  
cpiluisdiazmoreno/](http://centros.edu.xunta.es/cpiluisdiazmoreno/)

Dende hai cinco anos, no CPI Luís Díaz Moreno de Baralla estamos inmersos nun proceso dinamizador da nosa biblioteca, entendido como un conxunto de accións encamiñadas a dotala da infraestrutura necesaria –espazo, decoración, mobiliario, equipos, fondos–, coñecemento destes medios por toda a comunidade educativa, e atracción cara a lectura, o libro e a cultura dun xeito pracenteiro e lúdico. Elaboramos un proxecto a longo prazo que estamos a aplicar.

Ímonos centrar nestas dúas funcións que propuxemos para a nosa biblioteca:

1. Constituír o ámbito adecuado no que o alumnado adquira as capacidades necesarias para o

uso das distintas fontes de información. Colaborar co profesorado para acadar os obxectivos pedagóxicos relacionados con este aspecto.

2. Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e de información.

O noso alumnado procede na súa totalidade do medio rural. Este feito, aínda que ten as súas vantaxes, tamén ten inconvenientes. Estámonos a referir ás escasas posibilidades de acceso á cultura, á lectura e ao lecer como aspectos conformadores da persoa. Dende o colexio temos que suplir estas carencias e a biblioteca escolar convértese no catalizador destes esforzos.



Ata agora, as actividades que se viñan realizando tiñan un carácter puntual, coincidindo moitas veces coas distintas festividades e celebracións. A partir da aplicación do proxecto, acordamos sistematizar estas actividades para que tivesen un calado máis profundo no noso alumnado. Así, en cada trimestre, unhas veces, ou anualmente outras, traballamos un centro de interese que tratamos de xeito interdisciplinar. É o que poderíamos chamar un PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO. As distintas celebracións enmarcámolas dentro do tema correspondente.

O obxectivo principal é o de vertebrar as actividades que se están a levar a cabo dende os distintos equipos e departamentos do centro, creando unha ambientación arredor do tema que se elixa para facer atractivas as actividades que se programen, que os nenos e nenas se achen con curiosidade e ao mesmo tempo se divirtan. As actividades tocan todas as áreas do currículo. A lectura e a escritura van parellas, xa que é a través da escritura como se desatan os mecanismos da lectura.

Nun primeiro momento, traballamos un tema por trimestre. Actualmente, os temas teñen carácter anual. O proceso que se segue con cada tema é, máis ou menos, este:

1. Elección do tema. Decídese na CCP e no Claustro de Profesorado. O profesorado manifesta a súa disposición de colaboración.
2. Reunión xeral do equipo de biblioteca. Elaboración dun guión e asignación dos distintos apartados aos pequenos grupos.
3. Recompilación de materiais. Aproveitase a ocasión para adquirir fondos sobre o tema.
4. Ambientación. Mural alusivo.
5. Elaboración interdisciplinar de material: informes, presentacións, actividades en JCLIC, vídeos, suxestións de páxinas web...

6. Exposición permanente dos materiais.

7. Actividades de motivación lectora relacionadas: olimpiada cultural, xogos de pistas, á procura do tesouro, viaxe cos libros...

8. Incardinación no proxecto documental das distintas celebracións: Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Día do libro, Letras Galegas, así como o Proxecto Interdisciplinar do primeiro curso da ESO.

Os proxectos documentais son coordinados polo equipo da biblioteca e colabora neles todo o profesorado.

Estes son os títulos dos proxectos levados a cabo ata agora: *E/inmigración*, *Canto saben os avós!*, *A auga*, *Os museos*, *As viaxes*, *A publicidade* e *A astronomía*.

Dende a biblioteca, e a modo de conclusión, pensamos que os nosos rapaces e rapazas deben ser parte activa da súa propia educación. Para iso temos que lles aprender a aprender. E para que aprendan, temos que facer sentir neles a inquietude de coñecer cousas novas. A biblioteca quere ser o lugar ineludible desa aprendizaxe.





# Proxecto Interdisciplinar e biblioteca escolar, camiñando da man en Gondomar

## Concha Costas

Coordinadora da biblioteca  
IES Auga da Laxe, Gondomar.

<http://www.bibliolaxe.blogspot.com/>

### 1. O marco legislativo

Dentro do proceso de aplicación do Decreto 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria en Galicia, no curso 2007/08 comezou a impartirse en 1ºESO a materia Proxecto Interdisciplinar. Segundo se indica no anexo II do citado decreto, esta materia debe buscar o achegamento ás competencias básicas dun xeito compartido a través de diferentes áreas do currículo para construír así un coñecemento global a partir dos diferentes puntos de vista disciplinares.

De acordo co decreto, será a Comisión de Coordinación Pedagóxica a que estableza os

proxectos que se han de desenvolver, coa posterior aprobación do claustro, así como a metodoloxía de traballo, na que se sinalan como eixos fundamentais: a planificación, a busca e tratamento da información, a comprensión e expresión con textos de variado tipo e formato e, finalmente, a exposición oral, escrita e en soporte informático do traballo realizado.

### 2. O enfoque didáctico

Aínda que no decreto se establece que esta materia será impartida "prioritariamente" polo titor ou titora do grupo, se temos en conta as características coas que –brevemente– o propio decreto define as liñas xerais, é eviden-

te que debe estar vencellada ao proxecto da biblioteca escolar, entendida como un centro de recursos ao servizo dos procesos de ensino aprendizaxe que se desenvolvan desde as diferentes áreas curriculares. Independentemente de que sexa impartida polo titor ou titora, por algún membro do equipo de biblioteca ou por calquera outro profesor ou profesora, hai dúas circunstancias que se deben coidar dun xeito especial: que o traballo que se faga teña a biblioteca escolar como eixo fundamental –tanto a nivel de espazo como de recursos– e que os proxectos desenvolvidos teñan de verdade carácter interdisciplinar, de xeito que impliquen os contidos de varios departamentos didácticos. En calquera caso, non debe ser unha segunda hora de tutoría ou unha extensión horaria da outra materia que imparta o profesor ou profesora responsable da mesma. É unha materia que encaixa perfectamente co modelo de biblioteca escolar no que traballan nestes últimos anos a AseSORÍA de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación e moitas bibliotecas escolares galegas, polo que debemos procurar que se converta nun piar máis no que apoiar os cambios metodolóxicos necesarios para camiñar cara a uns procesos de ensino-aprendizaxe activos e participativos que fomenten a educación en información do noso alumnado e potencien a biblioteca como referente educativo.

### 3. Os contidos e as claves para a organización da materia

Os centros educativos teñen autonomía para decidir os eixos temáticos dos proxectos que se desenvolvan, así como a metodoloxía que se vai empregar. Neste sentido, é recomendable que no desenvolvemento dos proxectos contemos coa colaboración de varios departamentos –segundo o decreto, un mínimo de dous ademais das linguas e tecnoloxía– que poden recomendar ou asesorar nos proce-

sos de busca de información. Non debemos esquecer, en todo caso, as propostas e intereses do alumnado á hora de decidir os temas sobre os que imos investigar xa que telos en conta e buscarlles unha vinculación con algunha(s) área(s) do currículo favorecerá sen dúbida o seu interese e implicación na materia.

Podemos comezar por explicar-lles aos rapaces e rapazas a maneira de traballar que lles propoñemos e o espazo e os recursos con que contamos. Nese sentido, podemos dedicar o 1º trimestre a unha toma de contacto coa materia: explicar o concepto de interdisciplinidade e de Proxecto Documental Integrado, fomentar a necesidade de saber buscar a información que se precisa, coñecer a organización dos materiais na biblioteca, experimentar co uso dos buscadores en internet, reflexionar sobre o concepto de propiedade intelectual, aprender a citar as fontes, etc. Este necesario traballo inicial debe combinar as reflexións e os contidos teóricos coa realización práctica de pequenas buscas de información interdisciplinares que, a modo de xogos, os vaian introducindo na maneira de traballar que pretendemos.

Posteriormente, teremos que ir propoñendo temas para desenvolver os proxectos de investigación, buscando, como xa indicamos, a implicación doutros departamentos didácticos e tendo en conta as propostas do alumnado. Aínda que non hai receitas máxicas nin debemos buscar unha única forma de traballar ou unha forma correcta ou mellor, si que debemos deseñar unha planificación clara na que se ofrezca variedade e combinación de estratexias. Para realizar esa planificación, cremos que é necesaria unha reflexión respecto dalgúns factores:

a) Podemos desenvolver un único proxecto documental ao longo de todo o curso ou combinar diferentes proxectos de inves-

tigación máis pequenos. Neste sentido é importante termos en conta o perfil do noso alumnado: se está pouco adestrado no desenvolvemento deste tipo de traballo, os proxectos longos poden provocar cansazo e frustración, tanto no alumnado como no profesor ou profesora, polo que pode ser preferible que os proxectos non sexan excesivamente longos ou, en todo caso, que os dividamos en micro-proxectos que, a xeito de etapas, vaian conformando un proxecto global.

b) Debemos ir combinando diferentes formas de organizar o grupo-aula, de xeito que traballemos ás veces de xeito individual e outras veces en pequeno grupo e en gran grupo. Podemos ir alternando diferentes maneiras de guiar o traballo: ao comezo é bo ofrecerlles un guión máis ou menos pechado para que non se perdan e aprendan a organizar e ordenar a información que van atopando e, máis adiante, podemos deixarlles unha maior liberdade para organizar e presentar a información.

c) Debemos combinar diferentes fontes de información e mesmo guiar ou limitar o uso dalgúns delas, co obxectivo de que non se centren só nas que son máis atractivas para eles –a busca en internet, case exclusivamente no google– e aprendan a manexar outras fontes e a complementalas.



d) Tamén debemos ir combinando diferentes soportes na presentación dos traballos. Nalgúns casos, podemos pedirles que presenten os resultados a través dunha exposición oral e noutros a través dun texto ou un panel escrito, de gráficos comentados, dunha presentación de imaxes e texto tipo power-point, dun blog de aula, etc. Cando sexa posible, procuraremos mostrarlle os resultados a toda a comunidade educativa, algo que sen dúbida reforzará o valor do seu traballo.

#### 4. A avaliación

Aínda que o Proxecto Interdisciplinar de 1ºESO é unha materia non avaliada que non leva unha cualificación reflectida no expediente do alumnado, é importante que anotemos no informe de cada alumno o grao de consecución das competencias básicas, moi especialmente as seguintes: comunicación lingüística, dixital, aprender a aprender, resolución

de problemas e habilidades sociais e autonomía.

Por último, para non caer no desánimo, é fundamental que nos nosos procesos de autoavaliación sexamos realistas. Salvo que teñamos un alumnado que xa veña afeito a elaborar proxectos documentais en Primaria, esta forma de traballar vailles resultar ilusionante e sorprendente pero difícil, o que pode provocar en nós certa sensación de fracaso. Tamén para nós, se non estamos afeitos, vai supoñer un esforzo extra de preparación, revisión e avaliación constantes. As clases serán un reto atractivo e eles traballarán seguramente con dedicación e entusiasmo, pero ás veces os resultados das súas buscas van ser pouco efectivos e teremos a sensación de que lle dedicamos moito tempo a un proxecto do que se podía tirar moito máis proveito do que fomos quen de conseguir. Pero non debemos esquecer que están aprendendo a aprender –“canto aprendemos sen exames e sen libros de texto”, dicían os meus alumnos ao avaliarmos a materia a final de curso– e conseguir que non afoguen entre a moita información que está ao seu dispor, que se habitúen a seleccionar, comprender, reelaborar, organizar e relacionar para a súa presentación final xa é un éxito porque no fondo estamos poñendo as bases para que estas aprendizaxes e destrezas que agora adquiren vaian dando froito nos cursos seguintes, nun proceso de análise crítica e aprendizaxe cada vez máis autónoma que os acompañará sempre.






Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para álbumes ilustrados

Ilustración: Marianna Cabassa



kalandraka



**CONCELLO DE SANTIAGO**  
Departamento de Educación

Tel: 981 55 44 00

Fax: 981 57 15 11

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)

<http://www.santiagodecompostela.org>



# A organización do noso Clube de lectura

**Xoán C. Rábade Castiñeira**

Responsable da biblioteca  
IES R. Menéndez Pidal, A Coruña.

<http://bibliozalaeta.blogaliza.org/clube-de-lectura/>

Desde a experiencia de dous cursos e o que levamos deste, con resultados moi bos de participación e satisfacción xeral, pretendo resumir brevemente como organizamos o club de lectura *Entre liñas* do noso centro desde a biblioteca.

En primeiro lugar cómpre indicar que, como responsábel da biblioteca escolar, contei cun horario de entre 9 e 12 horas –no papel, bastantes máis extras– dedicadas a ela, tanto para o labor da coordinación xeral do club como para outros mesteres bibliotecarios, e que as axudas económicas da Consellaría de Educación foron tamén fundamentais para

a adquisición de lotes de libros que xa van formando unha pequena biblioteca de títulos repetidos que se poden ir aproveitando para cursos sucesivos.

Os preparativos comezan un mes antes, a principios de outubro. O primeiro paso consiste en informar pola miña parte sobre o club de lectura –alén de ao profesorado, pais e nais de alumnos e persoal non docente–, aula por aula: que é, cales son os seus obxectivos, participantes –todos os membros da comunidade educativa– e como é a súa participación –voluntaria, con posibilidade de que repercuta en certas cualificacións da área de

Lingua-, cales son os grupos – tres: 1.º e 2.º de ESO, 3.º e 4.º de ESO e Bacharelato, Ciclos Formativos e adultos da comunidade educativa-, que profesores moderarían as reunións de cada grupo –dous por grupo, dado que, ás veces, son numerosos e hai que subdividilos en dous, ou pode faltar un profesor a algunha reunión-, en que consisten as actividades –fundamentalmente en ler un libro por mes e reunirse de maneira informal na biblioteca para ilo comentando unha vez por semana nun recreo; tamén se visualizan, na última semana de cada mes ao acabar o libro, películas relacionadas cos libros que se tratan nas reunións-, como se escollen as lecturas –proposta e votación maioritaria dos integrantes de cada grupo– e como apuntarse ao club. O papel con esta información déixoo no taboleiro de cada aula.

Unha vez acabado o prazo de inscrición, organizo os grupos. É recomendábel subdividilos a partir duns 15 participantes por grupo, non tanto porque o grupo sexa numeroso, senón porque así é necesario mercar menos libros e estes van rotando entre os subgrupos. Despois recollo as listas das propostas de lectura, en galego e en castelán, suxeridas por todos os participantes de cada grupo. A partir delas, elaboro unha única lista, con títulos por separado segundo sexan en galego ou en castelán, cunha pequena información de cada obra, para que lles sirva de axuda á hora de votar por elas. A seguir hai unha reunión para intercambiar impresións e recomendacións, para tentar convencer o resto dos compañeiros de cada grupo sobre cales serían os libros máis interesantes para ler e compartir no club. Despois cada participante vota 5 libros en galego e 5 en castelán, cada un deles coa puntuación de 5, 4, 3, 2 e 1 punto. Poño os resultados das votacións no taboleiro da porta de biblioteca, sendo os escollidos os 3 primeiros máis votados da lista en galego e os

3 primeiros da lista en castelán, para os meses de novembro, decembro-xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, alternando o idioma dos libros cada mes. Paso tamén información breve e esencial ao profesorado coordinador de cada grupo sobre orzamento, como se organizaron os grupos e características do seu labor: á parte de moderar-animar as reunións –entendidas como faladoiros informais, non como unha actividade académica-, tomar nota da asistencia do alumnado, aínda que sexa totalmente voluntaria, así como da súa lectura dos libros –nada / algo / todo– e da súa participación nas reunións –nula / escasa / normal / activa / moi activa-. Para isto último elaboro unhas follas por meses das listas do alumnado de cada grupo cos apartados de asistencia, lectura e participación, cuxos resultados recollo ao final de cada mes. Acordamos o recreo en que se realizarán as reunións de cada grupo, normalmente dependentes da conveniencia do horario do profesorado coordinador. Hai que indicar tamén que esa reunión do recreo se contabiliza como equivalente a unha hora de garda. Por último acordamos tamén que páxinas, capítulos ou relatos breves do primeiro libro se van ler para a primeira reunión de novembro. Isto facémolo tamén ao final de cada reunión en relación á próxima, e deixo indicación desas páxinas no taboleiro da porta da biblioteca para os que non asistiron ou para os despistados. Con isto xa comezariamos coa dinámica normal do club de lectura.

Ao principio de cada mes entrégolles a todos os participantes un díptico con información sobre o autor e obra que van ler e comentar na primeira páxina, reservando as 3 restantes para que tomen notas da lectura que despois poidan utilizar nas reunións. Cando hai reunión dun grupo do club, paso sempre o mesmo día por todas as aulas recordándolles a convocatoria para evitar posíbeis despistes; realízase a

reunión na biblioteca e pechámola, indicándoo cun aviso na porta. Temos previsto ampliar a biblioteca coa sala contigua abrindo unha porta, co cal no futuro non sería necesario pechala por completo. Ao longo do curso facemos publicidade do club e das lecturas a través das titorías, comentando os participantes do club as súas impresións sobre o libro que acaban de ler. Tamén pedimos a súa colaboración para que deixen a súa opinión no blogue da biblioteca dos libros que van lendo.

Unha vez acabada a actividade do club, elaboro un informe personalizado da asistencia, lectura e participación do alumnado a partir das fichas mensuais que me foron proporcionando os profesores coordinadores de cada grupo para despois pasar ese informe ao profesorado de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura de cada alumno. Tamén lles paso unha ficha de avaliación da actividade a todos os participantes no club na que comentan cuestións como a adecuación de horario e periodicidade das reunións, do método de escolla das lecturas, do papel do coordinador xeral do club –eu-, do profesorado coordinador do grupo, do servizo de empréstito de libros da biblioteca en referencia ao club, da propia actividade do participante dentro do club, do resto dos participantes de cada grupo, de cada un dos libros lidos e cales recomendarían para anos sucesivos, da actividade libro-cine, da satisfacción xeral da actividade e se a repetirían no ano seguinte e, por último, suxestións de mellores para o próximo curso. Serve para ter en conta o que se fixo, o positivo, o negativo, o que se pode mellorar para anos sucesivos e tamén de base, xunto con outra información, para elaborar a memoria do club nese curso.

E isto vén sendo, en liñas xerais, o resumo da organización do noso club de lectura.



# A hora de ler

Milagros Lemos Molares

Responsable da biblioteca  
CEIP Espiñeira - Aldán

<http://ocantildaspalabras.blogspot.com/>

A LOE sinala a necesidade de que, a fin de fomentar o hábito de lectura se dedicará un tempo diario á mesma en Primaria, e os novos currículos da Comunidade Autónoma de Galicia establecen que, como mínimo, se debe asegurar media hora diaria á lectura. Tendo en conta esta lexislación e o lema do programa de fomento da lectura da Consellería de Educación "Hora de Ler", moitos centros comezaron a denominar desta maneira a práctica dun tempo de lectura que –maioritariamente– responde á actividade coñecida como lectura silenciosa sostida.

No CEIP Espiñeira de Aldán, como en tantos centros de Ga-

licia, a Hora de Ler tamén comezou moi timidamente. O profesorado, en xeral, sorprendeuse da proposta de dedicarlle unha sesión ao uso exclusivo da lectura. Todos nos preguntabamos: "Se xa lle dedicamos un tempo suficiente á lectura, por que hai que ler a unha hora determinada? Por que todo o centro ten que estar lendo á mesma hora?" Por outra banda, o proxecto achegaba outros problemas como a distribución horaria, maiormente con relación ás sesións dos especialistas.

Ao principio, dedicabamos a Hora de ler á lectura por pracer. O alumnado lía un libro que tiña en préstamo da biblioteca



escolar, un libro da casa ou que lle prestara un amig@. Só se lía libros, non revistas ou prensa. Neste primeiro período experimental considerábase que, para conseguir un verdadeiro interese pola lectura, esta debería ser libre; pero a posta en práctica da experiencia amosounos a necesidade de facer algunhas modificacións sobre a planificación e desenvolvemento desta actividade. Era necesario variar a estratexia, potenciando a motivación e ampliando os tipos de técnicas lectoras –antes era só individual e silenciosa–; tamén diversificar os fondos e os formatos. Outra das melloras consistía en que o profesorado debía ler nese tempo, xa que dar exemplo é un dos mellores motores para transmitir o pracer pola lectura e a ansia por aprender.

A incorporación destas alternativas acercábanos cada vez máis á verdadeira intención da campaña que trataba de poñer en valor o libro e a lectura, e facer máis visible a biblioteca dentro do espazo educativo. Na elaboración do noso Proxecto Lector, todos coincidimos na concepción da lectura como unha peza fundamental para a aprendizaxe no resto das áreas.

Unha vez establecidos os obxectivos desta sesión, había que acomodala ao horario ordinario do centro e limar certas inseguridades –en que área se realizará, quen se fará cargo... –. Por fin a idea foi madurando e callando no profesorado. A conclusión de que a lectura non é algo exclusivo do titor ou do profesorado de lingua foi decisiva para incluír esta sesión no horario do centro: vinte minutos para todos os grupos, despois do recreo e restándolles ás demais sesións cinco minutos. O responsable de levala a cabo con cada grupo sería o profesor encargado da sesión seguinte á Hora de ler.

Despois de dous anos con esta práctica, a Hora de ler no noso centro supón un dos momentos máis esperados dentro da xornada escolar.

Ademais do que supón para o desenvolvemento da competencia lectora, do hábito diario e da educación do silencio e da escolita, tamén observamos as seguintes vantaxes:

- Vén ser unha fiestra para o alumnado que no ambiente familiar non ten a oportunidade de poder dedicarlle un tempo máis ou menos fixo e continuo á lectura. Deste xeito, poden dar o paso a ler obras máis extensas –saben que ao día seguinte poden continuar co libro–.

- A posibilidade de atoparse con outro tipo de fondos –libros de información, revistas, xornais, folletos...– que habitualmente, na clase ou na biblioteca, non se atopan.

- A oportunidade de facer unha lectura oral ou dramatizada por parte do profesorado, práctica que nos últimos tempos estivo reservada en maior grao para educación infantil. Esta é unha boa opción para lerlles obras clásicas, biografías de personaxes históricos e fragmentos de obras que lles poden resultar atractivos e poden incitar o alumnado a coller ese libro noutra ocasión –tanto novidades literarias como libros de poemas, fábulas e adiviñas, etc.–.

- O profesorado consegue dispor dun sistema para coñecer as preferencias e intereses do alumnado. Ás veces ocorre que os especialistas, ao non estar tanto tempo en contacto cos alumnos/as, non son capaces de chegar a coñecer os intereses particulares de cada nen@ e con esta sesión favorécese ese achegamento.

- Dende hai tempo, o Equipo da biblioteca escolar organiza exposicións de fondos arredor dun tema –o medo, o mar...–, a un autor, a un ilustrador, etc.

- Os fondos forman parte da exposición temporal, porén, cada día na hora de ler, o alumnado pode acudir a ela para elixir un libro e lelo nesta sesión. Nestas exposicións aparecen fondos de todo tipo e para distintas idades e resulta curioso observar como o alumnado que non ten precisamente unha competencia lecto-

ra axeitada, fai un uso frecuente das mesmas e colle, sen ningún tipo de complexos, obras do seu interese e axeitadas ao seu nivel lector. Este feito supón unha reflexión por parte do profesorado para atender permanentemente á diversidade.

- Supón unha maior mobilidade dos fondos da biblioteca escolar. As bibliotecas de aula renóvanse constantemente e teñen un aspecto moi heteroxéneo, con fondos e formatos de todo tipo –revistas, folletos, xornal, libros, traballos...–.

- O alumnado ten a posibilidade de intercambiar fondos propios e de facer recomendacións do que xa leron.

- É unha gran ocasión para que o profesorado poida presentar fondos de interese vinculado coa actualidade ou a temática que se está a desenvolver.

Como conclusión, cabe salientarse que a Hora de ler resulta moi proveitosa para o alumnado do centro, posto que podemos conseguir que a lectura, ademais dun instrumento de aprendizaxe, sexa unha boa alternativa de ocio, tan prazenteira como calquera outra, non esquecendo nunca o papel dinamizador do profesorado, facilitando recursos, variando o tipo de fondos e os formatos das lecturas.





Hora de Ler

# Proxecto lector de centro: un reto para o día a día

Mar Sueiro Pena  
Susana Iglesias Feijoo

Equipo de biblioteca  
CPI San Vicente, A Baña

<http://arslegendi-abania.blogspot.com>

O CPI San Vicente é o único centro educativo do concello coruñés da Baña, no que traballamos 27 profesores de Educación Infantil, Primaria e Secundaria con alumnos de entre 3 a 17 anos. Dende o curso 2005-2006 un pequeno equipo de profesores de EP e ESO comezou a desenvolver un proxecto de dinamización da biblioteca escolar, apresurado e intuitivo pero cargado de ilusión e gañas de dar vida a unha biblioteca desaproveitada. A semente xa estaba botada.

A partir do seguimento atento do traballo que levaban a cabo outras comunidades autónomas –Navarra, Andalucía ou Asturias–

a prol da mellora na comprensión lectora na educación obrigatoria comprendemos deseguida que acadar un compromiso unánime de traballo por mellorar a comprensión lectora do noso alumnado, dende todas as áreas do currículo e coa biblioteca coma columna vertebral, sería un paso firme e seguro para poñer freo ao fracaso escolar e ás serias dificultades de aprendizaxe que estabamos a detectar a cotío –dificultades que case sempre están vinculadas a serios problemas á hora de comprender o que se le e a unhas inadecuadas técnicas de estudo–.

Foi entón cando elaboramos un documento aprobado por unanimidade na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro. Ese Proxecto Lector de Centro guiou estes tres últimos cursos de traballo pola lectura e a escritura en todas as etapas educativas e dende todas as áreas do currículo. Un proxecto aberto e flexible elaborado polo equipo de biblioteca en colaboración coa dirección do centro, o departamento de orientación, os departamentos de linguas e literaturas de ESO, os coordinadores de cada ciclo de EI e EP e outros departamentos didácticos de ESO. Este PLC é avaliado, revisado e corrixido anualmente e desenvólvese en seis accións diferentes nas que, en maior ou menor medida, se implica todo o profesorado.

### 1. Hora de Ler

Vinte minutos diarios de lectura de elección libre, sen imposición de lingua nin de xénero. Dun xeito progresivo a Hora de Ler afiánzase coma unha agradable e produtiva actividade cotiá nas diferentes etapas educativas non sen superar diferentes atrancos de organización que fomos solucionando en cada avaliación trimestral.

#### CURSO 2007-2008

3º ciclo de EP- 20 minutos diarios

1º ciclo de ESO- 20 minutos diarios

#### CURSO 2009-2010

EI- 20 minutos diarios

EP- 20 minutos diarios

ESO- 20 minutos diarios

Para o seu correcto funcionamento foi preciso establecer, por exemplo, normas rixidas para o préstamo de libros evitando así paseos á biblioteca no momento da lectura. Por outra banda, dotáronse as bibliotecas de aula

con coleccións para a lectura colectiva así como con pequenas seccións documentais seleccionadas por profesorado dos diferentes departamentos didácticos e que permanecen durante un mes en cada aula. Deste xeito a Hora de Ler pode adoptar diferentes formas en función do grupo e da iniciativa do profesor que os acompaña: poden ler libremente unha lectura escollida por eles, poden facer unha lectura colectiva dun título obrigatorio –en alta voz ou en silencio–, poden escoitar a lectura dun fragmento ou a presentación dun libro por parte do profesor ou poden presentar eles mesmos aos seus compañeiros unha lectura que os emocione ou interese especialmente.

Un alumno de cada grupo asume a función de bibliotecario de Aula e ocúpase de renovar, devolver ou actualizar as coleccións da aula así como de informar aos encargados de biblioteca das lecturas que resultaron de maior interese para eles, así como das que non tiveron ningún atractivo.

### 2. Glosarios de termos específicos. Dicionarios de aula

Unha correcta comprensión lectora implica a adquisición e comprensión do vocabulario específico e do léxico propio de cada materia. Para iso, todas as aulas do centro están dotadas duns cadernos alfabéticos nos que os propios alumnos e alumnas apuntan cada novo termo que aprenden xunto coa súa definición. Estes glosarios de termos son xenéricos –castelán e galego– en EP e temáticos en ESO.

### 3. Técnicas de estudo

En cumprimento do PAT –Plan de Acción Titorial– os titores de cada grupo de ESO comprométese a dedicar dúas sesións mensuais de tutoría a actividades para a adquisición de técnicas de estudo –subliñado, esquemas, resumo, lectura rápida...–. O equipo de biblioteca así como o departamento de orientación

proporcionan aos titores todo o material que precisen.

### 4. Actividades de comprensión lectora e ALFIN –alfabetización informacional–

Cada departamento e ciclo comprométese a deseñar actividades específicas para traballar a comprensión lectora e a alfabetización en información. Estas actividades programadas son recollidas anualmente no Plan Anual de Lectura. Para o seu deseño e posta en práctica contan coa colaboración e asesoramento da biblioteca escolar.

### 5. Itinerarios lectores: lecturas obrigatorias e recomendadas

As programacións didácticas de ciclos e departamentos inclúen unha selección de lecturas obrigatorias e recomendadas. Xuntas conforman o itinerario lector do centro, isto é, todas as lecturas informativas e de ficción que deben ler ou que desexariamos que lesen ao longo dos seus estudos obrigatorios.

### 6. Actividades de Fomento da Lectura, Formación de Usuarios e Educación Documental organizadas pola Biblioteca Escolar

Programadas con mimo cada curso polo equipo de biblioteca e nas que participa activamente toda a comunidade educativa.

Somos conscientes, de todos os xeitos, de que este Proxecto Lector debe estar vivo para ser eficaz e sabemos ben que a súa vitalidade dependerá sempre de que todo o profesorado do centro crea nel e se esforce en incorporalo progresivamente á súa docencia cotiá.





# A biblioteca escolar, factor de compensación social

**M<sup>a</sup> Josefa Souto Lorenzo**

Responsable da biblioteca  
CEIP de Esteiro, Ferrol.

<http://bibliotecaceipesteiroferrol.blogspot.com/>

A lectura serve para integrarse, para gozar, para ser libres, para entender a realidade e poder cambiala, para crear, para desenvolver as capacidades que un posúe; serve, en definitiva, para "vivir mellor". Por esta razón é necesario que a lectura sexa o eixo de toda actividade educativa e, como consecuencia, que todas as escolas posúan unha biblioteca atractiva, dinámica e dotada con recursos múltiples e diversos, elixidos con criterios rigorosos e de calidade. Asemade, todo isto deberá acompañarse coa posta en marcha dos mecanismos necesarios para que esta chegue a todos e todas e,

de maneira moi especial, aos máis desfavorecidos.

O CEIP de Esteiro ten a fortuna, dende hai dous anos, de pertencer ao grupo de centros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. O que supón, que experimentou unha mellora cualitativa e cuantitativa nos servizos que oferta a súa biblioteca escolar e tamén nas actuacións do profesorado encargado da mesma, que recibe anualmente asesoramento e formación, ademais de producirse un cambio salientable na organización e xestión das actividades lectoras e na propia concepción da biblioteca considerada actualmente como factor



indiscutible de “compensación social”.

O centro acolle a un alumnado heteroxéneo: de diferentes estratos socioculturais, con necesidades específicas, etc, polo que é obxectivo prioritario do profesorado do centro e do equipo directivo que apoia con firmeza esta iniciativa, facer unha oferta baseada na calidade, que cubra todas as necesidades e, en especial, as daqueles que polas súas características específicas teñan máis difícil o acceso á lectura, co fin de que logren acadar “unha vida mellor” como se dicía ao principio deste artigo.

Entre as propostas de lectura destácase a actividade de ámbito curricular, “Hora de ler”, que ten como obxectivo mellorar a competencia lingüística do alumnado e promover a adquisición do hábito lector. Para a súa posta en marcha, igual que fixeron outros centros, axustouse o horario para levala a cabo todo o colexio na mesma franxa horaria. En canto á súa organización e respectando a singularidade do alumnado –idades, hábitos lectores na súa casa, intereses, etc– no primeiro e segundo ciclo adócanse tres días á semana á lectura libre por parte do alumnado, e dous días á “lectura colectiva”, intentando dar resposta a todas esas variables, xa que se detectou que moitos nenos nunca sentiran o pracer de escoitar aos seus pais lerlles un conto. Esta medida, moi exitosa entre o alumnado, tivo ademais un efecto múltiple: axudou a cubrir ese espazo reservado ás emocións tan importante para o desenvolvemento do ser humano e ofreceulle ao docente a oportunidade de modelar, en voz alta e de forma natural, o que fai un bo lector cando se enfronta a un texto nun contexto onde non hai lugar para a corrección nin para aprendizaxe formal, porque estamos compartindo lecturas, emocións e sensacións. Como consecuencia disto introducíronse tamén outro tipo de lecturas de

maior calidade, e descubrimos, por exemplo, como “Robinson Crusoe” caía a pau no ciclo medio e como, a partir deste título, os nenos e as nenas atrevéronse con outros clásicos. A medida foi beneficiosa para todos e fortaleceu aos débiles.

Educación infantil estableceu unha rutina que axuda a crear, entre a xente miúda, o hábito de ir á biblioteca e de levar libros á súa casa para ler cos seus pais. Isto garante que todos, independentemente do seu contexto sociocultural, se beneficien da posibilidade de achegarse ao mundo dos libros. Esta medida vai acompañada da recomendación de ler cos fillos e de información sobre os beneficios que isto aporta á súa formación.

Na hora do recreo a biblioteca permanece aberta sempre, e tamén todas as tardes, de 4 a 5, agás as dos martes. Isto axuda a que os colectivos máis desfavorecidos teñan acceso a outros recursos como puidese ser internet. Asemade cómpre salientar que, agás os dicionarios e enciclopedias e algúns libros delicados, todos os fondos –informativos, de ficción, CDs, películas– son obxecto de préstamo. A finalidade desta decisión é achegar os recursos a todo o colectivo do centro, especialmente aos que teñen na súa casa un acceso nulo ou moi limitado á información.

Os venres ofertamos “Imos ao teatro” para axudar a descubrir, sobre todo ao alumnado das familias máis deprimidas culturalmente e influenciadas por unha televisión cunha oferta cultural escasa ou nula, outros eidos da cultura: música clásica, jazz, bandas sonoras, danza, debuxos animados e contos de calidade. Desta tímida experiencia recolleemos xa algúns resultados vendo como algúns nenos e nenas que nunca tiveran a oportunidade de achegarse a este tipo de eventos, unha vez coñecidos, acoden a velos no blog da biblioteca



que é o lugar onde están aloxados todos eles.

Por último, as mochilas viaxeiras achegan os libros ás casas durante unha semana, e son unha maneira de convidar á lectura en familia. Unha baza máis para promover a importancia da lectura como elemento de lecer.

Finalmente quero dicir que, unha biblioteca ben equipada, sen máis, non é suficiente, senón que precisa dun grupo humano que canalice os seus recursos e planifique a súa actividade coidando que todos os seus usuarios gocen dos seus beneficios e, sobre todo, de aqueles que a vida situou na outra beira, na beira dos desfavorecidos.



# Difusión cultural desde a biblioteca escolar

Xoaquín C. Freixeiro

Responsable da biblioteca  
CEIP Condesa de FENOSA ,  
O Barco de Valdeorras.

<http://condesa.blogaliza.org/>

O último dos obxectivos do manifesto UNESCO/IFLA sobre a biblioteca escolar, asigna a esta a función da difusión cultural dentro e fóra da comunidade educativa, e, realmente é esta unha tarefa, a pouco que se deseñen actividades que requiran a participación e complicidade das familias ou dos profesionais do centro, na que a biblioteca ten que se ver inmersa.

No Equipo de Apoio á Biblioteca do CEIP Condesa de Fenosa levamos uns cantos anos promovendo iniciativas que podemos inserir, con maior ou menor tino, dentro do concepto da difusión cultural. Por unha banda están

as que se programan á marxe do currículo escolar e nas que a participación é voluntaria, aquelas que implican a participación das familias ou dos profesionais e, para rematar, todas as que supoñen unha tentativa de amosar publicamente a oferta e programación da nosa biblioteca e as recomendacións lectoras.

## ACTIVIDADES REALIZADAS DUN XEITO VOLUNTARIO FÓRA DO HORARIO DE CLASES

Dentro das actividades de participación voluntaria que se desenvolven fóra do horario das clases oficiais e que non son avaliadas, salientamos os clubs

de lectura. Os clubs de lectura que levan ben anos funcionando nas bibliotecas públicas e nas de centros de secundaria e bacharelato, son porén novidosas nos colexios de primaria, e máis aínda se contamos co engadido de ser ofertadas como actividade voluntaria e a realizar nas horas de lecer do alumnado. Os nosos clubs de lectores funcionan nas horas de recreo –tanto no recreo da mañá como no do comedor escolar– e o alumnado participa neles aceptando unha invitación pública que fai a biblioteca na que se explican os compromisos que se adquiren ingresando no club. Debemos subliñar que só é convidado a participar nos clubs o alumnado de 4º a 6º de primaria, e que as súas actividades teñen unha clara intenciónalidade de crear unha afección á lectura, aspecto que debe ser o punto de partida de clubs con membros de maior idade e onde os obxectivos están orientados á consolidación do hábito lector e á socialización das lecturas.

Tamén funcionan, cos mesmos principios de voluntariedade e ocupando tempo de lecer, os clubs de escritura, verdadeiros obradoiros de creación literaria cos que tentamos fomentar o coñecemento dos recursos de creación literaria e o gusto pola escritura tanto de xeito colectivo como individual, así como desenvolver o interese polas creacións literarias alleas. O noso obxectivo coa creación destes clubs de escritores segue a ser o do fomento da lectura, xa que partimos da premisa de que un lector pode non ser un bo escritor, pero un escritor sempre será un bo lector.

#### ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAN OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Podemos enmarcar no ámbito da difusión cultural os contacontos dos martes despois do horario de clase, realizados tanto por mestres como, sobre todo, por nais e pais do alumnado de 3 e 4

anos de infantil. De feito a principal razón de abrimos nesa hora era a idea de facilitar o contacto coa biblioteca dos usuarios non autónomos, que podían acudir a facer o préstamo dos libros de lectura acompañados dos seus pais/nais. O contacontos comezou como motivación para este alumnado realizado por mestres achegados ao equipo de biblioteca. Pero a actividade de “Os Martes... Conto” foi gañando interese a medida que as familias se implicaban na tarefa, traendo un conto preparado da casa, ás veces de calidade case profesional, converténdose deste xeito en colaboradores activos da biblioteca.

Contamos tamén cun Club de lectura de Mestres, no que participa un grupo de mestres que ten a necesidade de coñecer de primeira man que tipo de materiais len @s nen@s, de saber da calidade literaria e dos valores que traballan as propostas de lecturas para o alumnado, máis alá da recensión editorial da contracuberta. A idea subxacente neste club é a de elaborar unha listaxe de libros de calidade literaria contrastada, que aborden valores positivos e cunha riqueza léxica asumible e esixente asemade. Para iso cubrimos unha “folla de cata” do libro e posteriormente poñémola en común na reunión do club.

Non podemos esquecer tampouco outras actividades de carácter lúdico como a olimpiada do saber, concurso de preguntas que se fan dende a biblioteca e que requiren dunha investigación para atopar a resposta. No deseño da actividade apostouse pola implicación das familias, animando a procurar a información na casa e así aprender en familia.

#### PUBLICACIÓNS DA BIBLIOTECA

Tamén teñen importancia na difusión cultural que realiza a bi-

blioteca escolar as publicacións e recursos web que ofrece.

“O Barquiño de Papel” é o boletín trimestral que edita a biblioteca, tamén en dixital, con artigos sobre a oferta de actividades, recomendacións de lecturas, novas do centro, recursos na rede sobre determinados temas...

Canda o boletín mantemos un blogue que naceu como soporte aos clubs de lectura pero transcendeu deles para se converter nun diario da biblioteca, expositor de traballos de investigación, de creación literaria, de reportaxes da actualidade do centro...

Por fin a web da biblioteca fornece informacións do catálogo da biblioteca, de ligazóns de interese e ofrece recursos de produción propia –webquests, Jclics, titoriais...–.

Sen dúbida, para o noso equipo a difusión cultural é un campo irrenunciabile que nos permitiu abrimos a toda a comunidade con actividades enriquecedoras que fortalecen a función educativa da biblioteca.





# Colaboración para poñer en común as experiencias de oito centros

Guadalupe Gil Ucha  
Almudena Janeiro Torres  
Fátima García-Picher Rodríguez  
Ana Amalia Fernández Silva  
M<sup>a</sup> Inés Acuña Mata  
Luz Díaz García  
Guadalupe González Rodríguez  
Dolores López Durán  
Elvira Pérez Fernández  
Julia González González  
M<sup>a</sup> Jesús Veleiro González  
Montserrat Fuentes Gómez  
Rocío Carballada Alonso  
Compoñentes do grupo intercentros de bibliotecas escolares

Empezamos sendo un grupo de sete mestras de seis colexios distintos de Educación Infantil e Primaria de Vigo. Entre a maior parte de nós xa existía unha relación de amizade e profesional. Agora coincide que, pasados os anos, somos as encargadas das Bibliotecas Escolares dos nosos centros de ensino e ademais medramos en número: dende hai tres anos –curso 2007-2008– o grupo está integrado por trece mestras de oito colexios –con todo o enriquecemento que isto supón tanto a nivel persoal como profesional–. A maioría dos centros pertencen ao plan de mellora de bibliotecas escolares –PLAMBE–.

A nosa andaina comeza o curso 2005-2006. Ocorréusenos a idea de reunirmos unha vez ao mes,

para programar actividades relacionadas coa Biblioteca. Comezamos reuníndonos nunha cafetería e alí entre todas discorriamos diferentes actividades para propor aos nosos Equipos de Biblioteca. Poñiamos en práctica o acordado e na seguinte xuntanza avaliábamos a experiencia, comentando os pros e os contras. Logo, decidimos reunirmos cada mes na Biblioteca Escolar de cada un dos nosos colexios, para coñecer de primeira man os nosos lugares de traballo e as nosas bibliotecas escolares.

A experiencia foi realmente enriquecedora, pois ademais de programar as diversas actividades para cada mes, aprendiamos de como as nosas compañeiras tiñan organizada a biblioteca



dos seus colexios respectivos e adaptabamos iso a cada unha das nosas, enriquecendo, polo tanto, a actividade bibliotecaria de cada un dos nosos centros. A informatización dos fondos das bibliotecas escolares, utilizando o Programa Meiga, foi outro dos obxectivos que nos propuxemos neste curso académico.

O curso 2006-2007 decidimos formar un Grupo de Traballo co título "Xestión, organización e informatización da biblioteca escolar", dentro da convocatoria de formación en centros, ofertada polo Centro de Formación e Recursos de Vigo. Non só nos centramos na formación arredor do fomento da lectura, senón que tamén quixemos formarnos en educación documental e formación de usuarios. Seguimos reuníndonos cada vez nun colexio e así puidemos ver, en primeira persoa, as cousas que facemos, as dificultades que supoñen... Ademais, así tiñamos a oportunidade de contar con ordenadores para poder traballar, gravar nas memorias USB as actividades que realizamos, resolver in situ dúbidas de catalogación e préstamo, recomendar libros de lectura infantil e xuvenil e de consulta que "funcionan ben", compartir material...

A raíz das xornadas e encontros de bibliotecas escolares e dos cursos que sobre esta temática realizamos estes últimos anos, descubrimos a necesidade de iniciar a nosa aprendizaxe na utilización das novas ferramentas informáticas para poñer as nosas bibliotecas na andaina deste novo século. No curso 2007-2008 o proxecto que presentamos como Grupo de Traballo levaba o título de "2.0 Reto para as nosas bibliotecas".

A participación nestes grupos de traballo proporcionounos a posibilidade de formación no Programa Meiga, Blogs, Pizarra Dixital, Power-Point,...

Por outra banda, reunímonos en varias ocasións para seleccionar,

ler e comentar bibliografía interesante sobre bibliotecas escolares: artigos de revistas proporcionados polo noso asesor de bibliotecas do CFR de Vigo, libros recomendados dende a Asesoría de Bibliotecas da Consellería e por outros medios. Noutros casos, establecemos contacto coas Consellerías de Educación de diferentes comunidades autónomas e institucións como a Fundación Germán Sánchez Ruipérez para solicitar diversos materiais.

Cada ano visitamos o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Así mesmo, asistimos ás xornadas e encontros de bibliotecas escolares que son convocados pola asesoría, ao tempo que procuramos realizar os cursos que sobre esta temática organiza o CFR da nosa cidade. Esta formación, á que moitas veces só pode acceder a persoa responsable da biblioteca, tentamos transmitila ao resto do grupo, e nalgũa ocasión promovemos que sexan outras profesoras do equipo de biblioteca as que accedan á experiencia dunha formación que consideramos as vai enriquecer.

O noso é, pois, un grupo de profesoras que se reúne para formarnos e para traballar colaborativamente, cada unha dende a perspectiva da súa biblioteca pero tamén cunha perspectiva grupal, programando actividades para cada trimestre e reflexionando sobre o resultado das mesmas.

Nos cursos 2008-2009 e 2009-2010 seguimos reuníndonos unha vez ao mes para traballar e intercambiar experiencias sobre as bibliotecas escolares dos nosos centros, como un grupo estable, pero non regulado por ningunha convocatoria.

Estamos absolutamente convencidas de que o Grupo de Traballo tamén nos proporciona a enerxía e o ánimo necesario para afrontar todo este traballo dun xeito máis doado, xa que cando algunha de nós está desanimada as demais fan todo o

posible para levantarlle a moral, funcionando moitas das veces como unha verdadeira terapia de grupo. Isto é absolutamente necesario se temos en conta que moito do traballo que estamos a realizar ten un alto compoñente de voluntarismo. Non negamos que ás veces o cansazo fai que os folgos estean un pouco baixos pero o feito de reunírnos provoca que carguemos a batería para contaxiar o entusiasmo unhas ás outras. A constitución e desenvolvemento deste equipo facilítanos a formación de todas e cada unha de nós ao tempo que é un apoio fundamental á hora de planificar e levar a cabo as actividades de biblioteca, de compartir reflexións e de apoiarnos unindo profesionalidade e amizade, escola e vida.

Realmente estamos encantadas de formar parte do grupo de profesoras e profesores que traballa nas bibliotecas escolares, e tamén de representar a distintos colexios para facer desta experiencia unha verdadeira colaboración entre bibliotecas escolares.





# A biblioteca escolar... pública

Begoña López Soto  
Dolores Paris Fraga

Responsables da biblioteca

IES Fernando Esquíu

<http://blogfesquio.blogspot.com/>

No mundo no que vivimos son moitas as distraccións e a competencia que ten a lectura e a aprendizaxe. Os nosos mozos e mozas teñen outras opcións de diversión distintas ás que tiña a xeración precedente; distintas, non peores nin mellores, pois a diversidade non supón un empeoramento no goce do lecer.

Ao igual que no entretemento, os mozos de hoxe aprenden doutro xeito, recorren a outros documentos e achéganse ao coñecemento utilizando outros instrumentos. A escola non pode ser allea a esta realidade e debe adaptarse ás novas inxerencias do alumnado. Debe ser un lugar

dinámico e múltiple onde se experimente con diversas fontes, un lugar de coñecemento, onde acceder, contextualizar e dar sentido ao enorme caudal de información que circula na nosa sociedade.

A biblioteca é o lugar onde se atesouran todas as fontes, enciclopedias, libros de referencia, de ficción, cine, audio... e por suposto a porta aberta ao mundo, ás novas tecnoloxías. Pode ser o vehículo para crear situacións e contextos nos que a lectura e a aprendizaxe sexan satisfactorios, e ten que mobilizar emocións e sentimentos para

crear lectores críticos e cidadáns creativos.

Como? Explotando as fontes e presentando os recursos nun formato atractivo para eles.

Non é mellor escola ou biblioteca a que ten mellores fondos ou recursos, senón a que saca maior partido deles. Se non damos publicidade á biblioteca, ninguén entrará nela. Se non facemos unha presentación de recursos dinámica, os alumnos perderanse na pescuda da información.

Hoxe en día poucas son as bibliotecas escolares galegas que non teñen un servizo "editorial", que non presentan as adquisicións nun blog ou rendibilizan os fondos nunha páxina web.

Dende que o PLAMBE –Plan de mellora de bibliotecas escolares– irrompeu nos centros de ensino e nos permitiu aprender uns dos outros e compartir recursos, todas as bibliotecas escolares publicamos, con distintas motivacións e funcionalidades, artigos nos blogs, webquests, trípticos ou boletíns.

Na biblioteca do IES Fernando Esquío tamén utilizamos este sistema para dar a coñecer as nosas actividades. Baixo o lema de "o que non se ve, non existe" empregamos todos os métodos ao noso alcance para dar publicidade aos recursos do centro e para establecer pautas para o uso dos mesmos. Isto serve como complemento didáctico para achegar contidos dunha forma atractiva e conectada co mundo no que se move o alumnado, promovendo a súa curiosidade e autoestima, pois o alumno pode interaccionar nas actividades propostas, resolver incógnitas, achegar os seus propios comentarios e suxestións... e sobre todo empregando as mesmas ferramentas coas que eles gozan no seu tempo libre.



Cando lles presentamos obras de consulta sabemos que funcionan mellor os recursos on-line do blog da biblioteca que calquera das enciclopedias tradicionais.

Por exemplo, se queremos dar a coñecer o "ano novo" nas distintas culturas, as súas datas e tradicións ou explicar os dereitos humanos sempre é máis efectivo que cheguen ao contido tras unha busca online vía unha webquest ou un xogo, que a través dunha explicación tradicional na aula.

A publicación en papel tamén é importante para achegarnos a toda a comunidade educativa. Durante o curso editamos trípticos de recomendacións de lecturas para momentos vacacionais no Nadal e verán. Trimestralmente o boletín de biblioteca informa das actividades previstas, do feito ata o momento, das noticias relacionadas cos libros e a lectura, as novas adquisicións, curiosidades no "sabías que...". Ademais de obter as recomendacións dos usuarios da biblioteca, nunha sección fixa relacionada coa toponimia da bisbarra, pedímoslles aos nosos alumnos e alumnas que identifiquen os lugares onde residen e o significado dos seus nomes.

O club de lectura, as exposicións, conmemoracións, aniversarios, as actividades de fomento da lectura, os libros por temáticas... todos teñen a súa versión publicada online no blog e en formato papel.

Para as exposicións editamos guías para o profesorado e un boletín do alumno para que este non sexa un mero espectador e a actividade adquira relevancia. O alumnado ten que actuar, interrelacionarse, buscar e contrastar información, resolver enigmas para que o coñecemento supoña un reto e sexa atractivo superalo, e ao final recibir un recordo en formato de adhesivo, marcapáxinas ou caderno conmemorativo.

A historia do libro, O rostro humano das matemáticas, O Entroido, O ABC do cómic, A muller ao longo da historia, o Día das Letras Galegas, Mafalda e os Dereitos Humanos, o Día da Paz, A caída do muro de Berlín, Hergé e Tintín, O dobre aniversario de Edgar Allan Poe, Os libros que deixan pegada, Os libros para pasar un anaco, Recomendacións para as familias de adolescentes... calquera motivo é interesante para presentar e dar a coñecer os recursos da biblioteca, facela visible e necesaria. E ao mesmo tempo manter un vínculo emocional con este espazo e, como soñaba Borges, entrar nela imaxinando que "o paraíso debe ser un tipo de biblioteca".





# Biblioteca escolar e TIC: un *affaire* apaixonante

M<sup>a</sup> Ángeles Costa Giráldez  
Charo Sánchez

Coordinadora de TIC

Coordinadora da biblioteca

IES Sánchez Cantón, Pontevedra.

<http://mesturas.blogspot.com/>

Estes nosos tempos son moi complexos para a institución educativa xa que ten perante si o desafío de adaptarse a unhas necesidades que mudan a un ritmo frenético. Asemade asistimos á resistencia lóxica dunhas estruturas que rexeitan cambios esenciais producindo conmoções de consecuencias difíciles de prever.

Neste marco tan inestable aparecen as inquadas TIC para crearen, malia as súas innegables vantaxes, un elemento máis de inseguridade nos docentes que se enfrontan en desigualdade de condicións a un alumnado máis afeito a estas novas linguaxes, aínda que a miúdo as súas des-

trezas sexan só aparentes e de dubidosa orientación. E, polo menos en Galicia, o sentimento de que as TIC chegaron para quedaren coincide no tempo co papel emerxente desempeñado polas bibliotecas escolares, que ata hai ben pouco eran espazos a un paso de quedar obsoletos na maioría dos centros. Entón, quen o ía dicir, como nesas relacións incendiarias e en principio inconvenientes entre persoas con moita diferenza de idade, saltaron faíscas entre as vellas bibliotecas e as frescas e irresistibles TIC. Por que ocorreu o frechazo? Poida que simplemente coincidiron circunstancias, persoas e azares nun momen-



to determinado, pero o certo é que non foi un flirteo pasaxeiro nin puntual. A estas vellas damas do saber o affaire séntalles de marabilla e cada día están máis louzás. Nótano os seus flamantes andeis, quizais ás veces un pouco máis desordenados que noutrora polas mans dos seus novos usuarios, pero a quen lle importa iso cando as aplicacións da web 2.0 lles permiten medrar inmensamente, coñecer interesantes amigas doutros centros, ir de visita a golpe de rato para comentar novidades e trocar información. Cando crían que a súa felicidade era case completa apareceron outros pretendentes, as potentes plataformas de xestión de contidos, no caso de Galicia o Moodle. Gañábase en capacidade de intervención interna, mais ao ter que acceder con claves de usuario, perdíase parte da accesibilidade, visibilidade e frescura da web 2.0. Por un momento, e seguindo esquemas un tanto anticuados, pensaron que terían que elixir, pero as damas no fondo saben que despois de tantos anos de inactividade non poden renunciar a nada e a decisión máis sabia é dicir que si a todos para non renunciar a semellante festín de información e poderío que de súpeto se lles pon a tiro. Foi unha decisión acertada por moitas máis razóns.

A rede é unha aliada imprescindible cunha infinita capacidade de almacenamento que nun momento determinado nos dá certa seguridade fronte á ameaza de que volva agromar o vello espírito do arcebispo Teófilo de Antioquía, o que deu remate final á colección de Alexandría, biblioteca memorable, entre outras moitas cousas, por ser un magnífico centro de ensino e aprendizaxe.

Tamén é unha garantía fronte á inevitable subxectividade do bibliotecari@ porque non debemos esquecer que unha biblioteca, por grande e potente que sexa, é froito dunha selección imprescindible pero desafiada,

na que orientacións ideolóxicas, razóns de espazo, orzamento ou oportunidade levan a adquirir e destacar unhas obras fronte a outras.

Cada vez producimos elementos de información e creación máis complexos nos que se amalgaman toda sorte de linguaxes, códigos e soportes. A alianza entre bibliotecas escolares e tecnoloxía faise máis que nunca imprescindible para orientar e ensinar a trazar camiños nesas montañas infinitas de información e creatividade que poden caer sobre as nosas mentes, e as do noso alumnado, entumecéndoas e anulando toda capacidade de elección.

Da man cómplice das TIC é máis fácil proporcionar aos usuarios unha intervención directa e personalizada e o espazo da biblioteca escolar, o físico e o virtual, cobra unha dimensión real e simbólica moito máis potente.

A biblioteca escolar en colaboración coas tecnoloxías de información pode canalizar as iniciativas de innovación que se producen nos centros, potenciando a pulsión do docente que o leva a comunicar e compartir. Demostrouse que poden liderar experiencias rigorosas e gratificantes, ademais de axudar ao profesorado a interiorizar e integrar os instrumentos dixitais e as novas formas de alfabetización en procesos de aprendizaxe nos que o alumnado desempeña un papel máis protagonista.

Pero tamén hai ameazas e debilidades certamente perigosas. Se estas experiencias se multiplican e xeneralizan, a súa eficiencia redúcese e ata pode colapsar debido ás dificultades de encaixar os novos conceptos nas vellas estruturas organizativas dos centros porque esas estruturas deixaron de ser válidas e nada se adecúa xa, nin espazos, nin recursos, nin horarios. A isto engádese un interese lene por parte das distintas administra-



cións que non acaban de apostar abertamente por fomentar a solvencia dos coordinadores con dotacións horarias dignas. As bibliotecas escolares galegas gozan dun estado de saúde máis que aceptable debido aos xenerosos cuidados dos/as docentes que as manteñen activas e á intelixente xestión por parte da Asesoría, elementos fráxiles se non se apoian en estruturas consolidadas e solventes. Escóitábase rumores de que comezan a ser un referente, pero se non acaban por consolidarse definitivamente, se se desperdicia tanta ilusión e traballo, o dano será xa irreparable.



## Son axudante de biblioteca!!

### Montserrat Barciela Garrido

Responsable da biblioteca  
CEIP Humberto Juanes

No CEIP Humberto Juanes de Nigrán-Pontevedra, queremos que a Biblioteca Escolar sexa un centro de recursos ao que poida recorrer calquera membro da comunidade escolar na procura de lectura, formación e/ou información nun ambiente atractivo e agradable.

En consecuencia, a formación dos usuarios é para nós un obxectivo prioritario encamiñado a conseguir que, sobre todo, o noso pequeno alumnado, poida aproveitar ao máximo os materiais que curso a curso a biblioteca escolar lle ofrece.

O grupo de profesorado que forma o equipo de biblioteca sem-

pre tivo clara a importancia de que os nenos e nenas sintan que a biblioteca é realmente súa, de que todos os libros e materiais expostos son da súa propiedade... compartida!

Por esta razón puxemos en práctica no curso 2006-2007 unha experiencia: formar alumnado dos últimos cursos da E.Primaria (4º, 5º e 6º) como Axudantes de Biblioteca, de tal xeito que participen con nós na tarefa de informar, animar á lectura e polo tanto formar aos demais usuarios.

En realidade esta experiencia parte dunhas necesidades:

Por unha parte, porque cando abrimos a biblioteca por vez pri-

meira durante o tempo de recreo e na incerteza de como ía ser a afluencia de usuarios durante eses –libremente elixidos– trinta concentrados minutos –o fútbol ten moitos seguidores– quixemos que todas as actividades que puidese demandar o alumnado –ver, ler, estudar, xogar, facer deberes, buscar información...– se atendesen nas mellores condicións posibles e iso, sabémolo, non é doado facelo. Unha soa persoa precisaría axuda.

Para asegurarnos a mellor coordinación no día a día dos recreos e sentar unhas bases de funcionamento claras e exitosas, decidimos que, durante os dous primeiros cursos, fose a persoa responsable da biblioteca quen organizase os axudantes de biblioteca e quen estivese presente a diario para que axudantes, alumnado e profesorado tivesen un referente a quen dirixir as súas dúbidas, consultas e informacións. Neste curso hai quendas con profesorado e tres axudantes.

Vista a necesidade de establecer unhas normas para toda a comunidade educativa, previamente un grupo de traballo da escola desenvolve un proxecto de formación no que define un protocolo de actuación para que todo usuario –profesorado, alumnado, familia, axudantes, ex-alumnos... – en calquera circunstancia ou momento –mañá, tarde, recreo...– saiba cal é a práctica correcta, o cal permitirá aproveitar ao máximo a biblioteca. Isto é o chamado Protocolo de Actuacións: Ou como usuarios ben formados fan un bo uso da biblioteca. Este protocolo incluíu, xa, as pautas de actuación dos axudantes. Logo deuse a coñecer ao resto do profesorado e consensuouse o texto definitivo, aprobándose cos cambios que acordamos entre todos, nunha sesión de claustro específica para este asunto, o que colaborou a optimizar a utilización dos diferentes espazos.

Por outra parte, as tarefas propias de animación precisan de moitas mans e nada mellor que involucrar e contar cun grupiño de nenos e nenas voluntarios que participen nestas actividades co profesorado do equipo de biblioteca, converténdose á súa vez nos mellores transmisores e animadores cara o resto de compañeiros e compañeiras.

Comezado o curso, é a nosa mascota, “Robiño”, quen pon en marcha a operación “axudante de biblioteca” anunciando mediante carteis que chegan ás aulas dos maiores, a convocatoria do “concurso público” de voluntarios e as condicións que se requiren para poder presentarse. Unha vez recibidas as solicitudes, a persoa responsable da biblioteca... admite a todos e cada un dos solicitantes. Convoca tres reunións no tempo do recreo –unha por curso, xa que aos principiantes hai que proporcionarlles máis formación– para así coñecer disponibilidades horarias, intereses, expectativas... e tamén para poñer en común normas, actitudes e actuacións correctas dos bos axudantes. Ao remate e desde o curso pasado, entrégase a cada axudante a “Guía do Axudante de Biblioteca” para que poida consultar durante todo o curso as cinco normas da biblioteca e repasar as súas funcións.

Acabadas as xuntanzas explicativas, facemos o horario de tal xeito que participan todos os nenos e nenas presentados –entre 35 e 45– respectando os días da semana que ofertan e os grupos –sempre de tres– que así o solicitan.

Antes de finalizar o curso, a persoa responsable da biblioteca fai a avaliación da experiencia: En primeiro lugar, reúne a todos os axudantes para poñer en común que niveis se acadaron en canto ao cumprimento dos compromisos, das dificultades atopadas... e así ter información de primeira man para que a valoración permita corrixir ou perfeccionar a

actividade. De seguido pásalles unha enquisa para que fagan a valoración persoal dos aspectos que máis interesa coñecer.

Xa no primeiro curso da experiencia, decidimos deseñar un distintivo que diferenciase aos axudantes do resto do alumnado para así facilitar a súa busca, pero tamén cun dobre obxectivo: investilos de certa autoridade diante dos demais compañeiros e autoafirmalos na súa función. Finalmente optamos por un chaleco de cor verde –a nosa biblioteca é “unha fraga de palabras e soños” –; no primeiro ano ao estilo “feito na casa”, pero xa dende hai dous, similar aos de emerxencia co anagrama oficial de axudante. Sempre hai tres colgados: Nada máis entrar na sala o primeiro que fan é poñelo. Á hora de saír sempre son os últimos en facelo e deixalos colgados no seu sitio. Constatamos que esta “investidura” produce un efecto moi positivo nos nenos.

A biblioteca consta de tres amplas salas: consulta, lectura e audiovisuais, ademais habilitamos na entrada un espazo que demos en chamar “Punto de merenda” para que antes de entrar na sala, os axudantes e usuarios poidan comer o que traen da casa, xa que unha das cinco normas é non introducir comida nin bebida na biblioteca. Un dos axudan-







tes durante ese tempo está neste punto para recordarlles a norma aos máis pequenos e evitar ruído excesivo. Os outros dous distribúense pola sala de consulta e lectura. Se non teñen que orientar aos compañeiros, entón van colocando nos andeis os libros que quedaron no carriño das devolucións ou recollendo os que teñen algún dano para que o equipo de reparación os arranxe.


A valoración da experiencia non pode ser máis positiva. Todos os obxectivos están acadados nun

grao moi aceptable, aínda máis tendo en conta que só levamos dous cursos de funcionamento. Ver alumnos de 6º obedecer as indicacións de alumnos de 4º sen que os reproches iniciais molesten aos demais usuarios, ou ben pillar in fraganti a alumnas de 1º cos chalecos postos "ordenando" os libros nos estantes, son dous exemplos do grao de implicación dos nenos e nenas coa súa biblioteca. A experiencia segue aberta.

## PUBLICIDADE



[www.anayamascerca.com](http://www.anayamascerca.com)



O sitio en Internet de Anaya Educación  
para o profesorado



# As Mochilas viaxeiras da biblioteca escolar Brea Segade



Unha das prioridades do equipo da biblioteca escolar Brea Segade é establecer vías de comunicación coas familias do noso alumnado, facéndoas partícipes do noso Proxecto Lector. Parécenos imprescindible contar coa colaboración do conxunto da comunidade escolar no fomento da lectura e a escritura e concienciar o profesorado e as familias sobre o papel que a biblioteca pode e debe desempeñar nos procesos de ensino aprendizaxe. Nesta liña botamos a andar diferentes iniciativas como a apertura para familias en horario extraescolar, a publicación de trípticos informando das novidades, actividades e servizos que ofertamos ou

a posta en marcha dun blogue, [www.blogoteca.com/bbs](http://www.blogoteca.com/bbs), a nosa xanela aberta á comunidade escolar. A localización do CEP Brea Segade nunha zona apartada dos principais núcleos de poboación fai que todo o noso alumnado empregue o transporte escolar e, como consecuencia, condiciona a participación das súas familias en actividades desenvolvidas no propio colexio. Se a isto engadimos as dificultades derivadas de combinar horarios laborais e escolares, resulta doado entender que as familias non poidan facer uso da biblioteca con tanta frecuencia coma nos gustaría.

**Covadonga Rodríguez Argüelles**

Responsable da biblioteca  
CEP Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade de Taragoña,  
Rianxo

<http://www.blogoteca.com/bbs/>



No curso 2007-2008 a Asesoría de Bibliotecas Escolares puxo á nosa disposición unha nova vía de apertura da nosa biblioteca ás familias, a Mochila Viaxeira, que desde un primeiro momento acollemos con entusiasmo pois intuíamos as súas potencialidades, especialmente nun centro das nosas características. A Mochila permitiríanos levar a biblioteca ata as casas do noso alumnado, mostrarlles a todas as familias o que podían atopar na biblioteca e promover a súa implicación no fomento da competencia lectora dos seus fillos e fillas.

Comezamos a traballar en tres direccións: deseño de material complementario, organización da actividade e selección dos fondos que incluír nas mochilas.

Desde o primeiro momento pareceunos importante deseñar un logo que identificase todos os materiais e actividades que se desenvolven arredor da Mochila Viaxeira. Creamos tamén CADERNOS de Viaxe para cada mochila, nos que recoller as achegas das familias sobre a experiencia. Cada mochila leva así mesmo unha carta de presentación na que explicamos os obxectivos da actividade, a súa duración e a importancia de participar no Caderno de Viaxe.

No curso 2007-2008 contabamos con tres Mochilas Viaxeiras,

unha para cada un dos ciclos de Primaria. Decidimos que un sorteo sería o xeito máis xusto de proceder á súa adxudicación, xa que naquel curso non ía ser posible que chegasen a todo o noso alumnado e ademais, que unha semana de estancia permitiría que as Mochilas visitasen un maior número de casas. Cada martes sorteabamos no recreo as tres mochilas e os venres os afortunados ou afortunadas pasaban a recollelas pola biblioteca e tíñanas na súa casa durante sete días. A experiencia foi todo un éxito. Os CADERNOS de Viaxe recollían comentarios do noso alumnado e das súas familias agradecendo a iniciativa e pedindo que ampliásemos o tempo de estancia das Mochilas nas casas. Desde outubro do 2008 contamos con oito Mochilas Viaxeiras, unha para cada clase, que permanecen dúas semanas nas casas e que continúan dando lugar á mellor fonte de comunicación entre a biblioteca e as familias: os comentarios e os debuxos nos CADERNOS de Viaxe. Continuamos realizando sorteos para adxudicar as Mochilas porque nos parece máis emocionante que facelo simplemente por orde de lista e porque reforzamos a idea de que quen leva a mochila é moi afortunado.

Definimos tamén os criterios de selección dos fondos a incluír na mochila, que leva o mesmo contido para todo o alumnado

dunha clase ou, naquel primeiro curso, dun ciclo. Queríamos que cada mochila que chegase ás casas incluíse unha escolma de materiais atractivos e de calidade para gozar en familia e ofrecese unha visión o máis completa posible do que podían atopar na nosa biblioteca. Buscamos igualmente potenciar os fondos en galego e os materiais de temática local. Cada mochila inclúe: unha guía de orientación familiar, literatura para pais e nais, literatura infantil en diferentes xéneros, materiais de ciencia e natureza, unha gravación sonora, unha gravación audiovisual e unha publicación da BBS –Biblioteca Brea Segade– editora que recolle traballos do alumnado do noso centro. Primamos tamén as novidades e eses libros imprescindibles que todos debemos gozar. Especialmente grato foi levar ata as casas de todo o noso alumnado a obra de Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade e ler nos CADERNOS que grazas ás Mochilas os adultos descubriran a figura deste poeta de Taragoña. Algunhas veces incluímos, a maiores, algún título especial para algunhas familias, pola temática ou polas idades ás que se orienta.

Este é o terceiro curso no que as Mochilas viaxan desde a Biblioteca Brea Segade e para nós continúan a ser unha das actividades de fomento da lectura máis enriquecedoras e gratificantes. Os sorteos seguen sendo moi concorridos, as achegas dos CADERNOS de Viaxe continúan emocionándonos e animándonos a compartir lecturas coas familias; aumentan as visitas á biblioteca en horario extraescolar, ás veces para pedir algún libro da Mochila que non deu tempo a acabar ou algún libro parecido ao que tanto gustou. Destacar o coidado que reciben os materiais incluídos nas Mochilas, ningún deles extraviado, ningún deles deteriorado. Como non coidar un premio!

# A participación da comunidade educativa na biblioteca



O colexio San Roque de Darbo (Cangas) leva dende o ano 2007 formando parte do plan de mellora de bibliotecas escolares, mellorando tanto as instalacións da biblioteca como a cantidade e selección de fondos bibliográficos. Concibimos a biblioteca non só como un centro de recursos –sendo esta un imprescindible servizo de acceso á información, ademais dun lugar de estudo, investigación, descubrimento, autoformación e lecer–, senón tamén como un lugar onde se inician actividades que logo transcenderán máis alá das paredes da biblioteca.

Un dos obxectivos formulados no proxecto da nosa biblioteca é a participación de toda a comunidade escolar sendo conscientes da importancia que ten a implicación da familia nos hábitos de lectura e á vez como repercuten os hábitos lectores na capacidade de concentración e na construción do coñecemento do noso alumnado.

Reflexionamos sobre a lectura como pracer e chegamos a esta conclusión: os nenos e nenas –dende moi pequenos– están acostumados á lectura compartida de contos en momentos de ocio, ao ir durmir, en momentos relaxados... Pero a partir dos oito

**Susana Espinar Moure**

Responsable da biblioteca  
CEIP San Roque de Darbo, Cangas

<http://pingaapinga.blogspot.com>

anos estes costumes parece que van desaparecendo, o que fai que o alumnado vexa a lectura como unha obriga; por iso formulamos actividades que involucren os pais e as nais para facer que a lectura continúe sendo unha forma máis de ocio, prazenteira; unha forma de comunicación e de compartir experiencias a través dos libros tratando de instalar hábitos familiares con tempos adicados á lectura, e destacando a importancia da aprendizaxe vicaria. Ademais, cremos que é imprescindible que o contacto cos libros non sexa soamente na escola.

Entre as actividades desenvolvidas para este obxectivo temos o préstamo de libros para persoas adultas e familias que seleccionan contos e libros para os seus fillos e fillas mentres eles/elas están en actividades extraescolares. Ao mesmo tempo fan uso das instalacións buscando, por exemplo, información en internet.

**Participación no deseño da biblioteca.** Dende o colexio pedírase a opinión ás familias dos alumnos e alumnas sobre como nos gustaría que fose a nosa biblioteca: situación dos ordenadores, das zonas de lectura para maiores e pequenos/as, contos e libros preferidos.



Dende o primeiro momento temos achegas e doazóns de material bibliográfico tanto do instituto como das familias do alumnado, así como suxestións para a adquisición de novos fondos bibliográficos.

**Implicación e presenza das nais polas tardes na biblioteca** facendo apoio escolar, compartindo momentos de lectura relaxada e involucrándose no acceso á información a través de internet.

Neste curso empezamos co empréstimo de libros entre nais/pais e profesorado; facendo cada un/unha as achegas que considere oportunas para intercambiar lecturas e, posteriormente, comentarios sobre elas. Dentro deste empréstimo temos libros de diversas temáticas, dende clásicos, libros de propostas de como actuar e divertir os nenos e nenas, libros actuais, contos para persoas adultas, etc.

**Mochilas viaxeiras.** A partir do segundo trimestre empezaremos mandando ás casas as mochilas con lecturas para toda a familia, contos, libros, pasatempos, para ser compartidos.

Realizamos tamén actividades desenvolvidas na biblioteca como os **obradoiros construtivos, que transcenden máis aló do interior da biblioteca**, para que os pais e nais poidan coñecer as actividades realizadas e as lecturas traballadas, de maneira que poida existir unha continuidade na casa, ademais da posibilidade de que o alumnado coñeza os traballos feitos polos outros niveis. A información sitúase nos paneis centrais do colexio, paneis en movemento nos que os nenos/as, e familias podan engadir datos, observacións ou percepcións.

Outras das actividades que realizamos para o fomento da lectura e que serve de lazo entre a biblioteca e a familia son os **libros liberados** pola biblioteca, un por cada ciclo. Os nenos e nenas

atopan o libro, lévano para casa e logo volven libéralo no colexio. Isto implica unha comunicación por parte do fillo ou filla coa súa familia polos interrogantes que o propio libro vai suscitar: por que ten ese libro, que ten que facer con el, que significa o termo "libro liberado" e, por suposto, compartir a lectura na casa e a complicidade cos compañeiros. O libro convértese no estímulo que fai que a nena, o neno e os seus pais se acheguen a el cunha actitude lúdica e de pracer.

No ciclo de educación infantil as nais e pais que o desexen, no horario lectivo, van á aula contar un conto elixido por elas/eles mesmos, compartindo ese momento co seu fillo/a e os compañeiros/as.

Cada curso, segundo o tema ou centro de interese que se queire abordar dende a biblioteca, pídese ás familias colaboración coa información que podan aportar a través de cuestionarios, materiais, fotos... Ademais, informamos ao alumnado e pais e nais das actividades de animación á lectura que se desenvolven en horario non lectivo nas bibliotecas da zona para que poidan asistir. Por outra parte, cada curso escolar elaboramos dous trípticos, un no mes de decembro e outro no mes de xuño, con **recomendacións de lecturas** para todos os niveis educativos e para os pais e nais.

Rematamos este artigo cunha frase de Jorge Luis Borges que, pola súa claridade e certeza, contribúe a enxalzar o valor que teñen os libros e tamén, por que non, aos lugares chamados bibliotecas: "Dos diversos instrumentos inventados polo home, o máis asombroso é o libro; todos os demais son extensións do seu corpo... Só o libro é unha extensión da imaxinación e a memoria".



# A biblioteca vista desde a dirección



Ao director, cando non o era, xa non lle gustaba como estaba a biblioteca de desaproveitada. Por iso, cando elaborou o proxecto de dirección introduciu un punto que lle recordará que unha das tarefas que se impón o equipo é fomentar a lectura entre o alumnado e mellorar a biblioteca do instituto.

Agora mirouna de forma diferente. Entre aquelas catro paredes percibiu que tiña moito que facer, desde a situación da mesma no exterior do edificio principal, nun local que fora pensado para ximnasio e que presentaba problemas de iluminación, ventilación, altura, e calefacción. O mobilia-


rio tampouco era adecuado nin atractivo. Víanse libros pousados por alí e sen nada que indicase que fosen inventariados algunha vez. O equipo informático era prehistórico, ou sexa, anterior a Windows. Foi anotando... tamén actualización de fondos.

A dirección sabía da necesidade de poñer a alguén á fronte dun equipo da biblioteca con criterios claros de por onde empezar unha nova etapa. Valoráronse as horas que se lle podía dedicar de xeito que se visen resultados, sumando aos períodos lectivos as imprescindibles gardas. Ademais pensaba en todo o traballo que cumpría, pois a biblioteca de-

**Enrique Sampil Sánchez**

Director  
IES A Pinguela, Monforte de Lemos

[www.iesapinguela.es](http://www.iesapinguela.es)



bía de estar aberta nos recreos, catalogar de novo os fondos de acordo cunha norma de xeral aceptación que non dependese dos gustos de cada un dos posibles bibliotecarios e, sobre todo, debíanse facer actividades de fomento da lectura, para o que non faría falla unha grande infraestrutura, senón proxectos, colaboración, ganas e ideas claras. Anotou: Fulano á fronte dun equipo amplo. Pidiu colaboración ao profesorado no claustro e o claustro deu cun grupo de apoio; pero as inercias, prexuízos e diversidade de criterios ralentizaron bastante o labor do conxunto. E, con canto diñeiro se conta?

Un día convocáronos a Santiago para falar dun programa, o PROA, impulsado polo MEC e con vocación de apoio ao alumnado con déficit de integración e dos centros máis desfavorecidos, e viron que unha das liñas posibles de actuación era de apoio á biblioteca escolar que permitía facer fomento da lectura e traballar as competencias. Canto máis cedo se producise o contacto cos libros maior sería a súa familiaridade con eles e para formar persoas adultas responsables é necesario que de rapaces saiban valorar os libros, coídalos e que-remos ata apropiarse deles afectiva e intelectualmente.

Noutra ocasión saíu unha convocatoria no DOG para formar parte dun tal Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. Todos no instituto consideraron que ese tren non se podía perder, que se podía iniciar outra maneira de facer as cousas e formar parte dun grupo de xente con similares inquedanzas e que a administración educativa, por fin, aportaría fondos para dar un cambio radical e rematar coas bibliotecas paupérrimas con aporte de fondos, mobiliario e equipos para poder funcionar en rede e facer visible outro xeito de concibir a biblioteconomía. Foi á segunda, pero pagou a pena. Acabouse a biblioteca intocable e invisible e púxose en marcha outra máis aberta ao medio, integrada nas aulas, pensada para axudar a estudar e para o goce da lectura. O equipo deuse conta de que a dicotomía libros-ordenador era unha falacia, que o importante é facilitar información e que esta tamén se pode atopar en internet. E houbo que afrontar un labor que estaba pendente: meter a rede entre as catro paredes, procurar unha wifi accesible tamén para alumnos e ter unha conexión rápida, á vez que contar con enciclopedias dixitais e libros electrónicos como un xeito máis de constatar que a tecnoloxía pode ser unha aliada que facilita a sabedoría.

A formación de usuarios foi dos labores que acercaron máis os alumnos á biblioteca escolar. Tamén os concursos que periodicamente se organizaron. Abriuse a biblioteca ás familias e considerouse que as mochilas viaxeiras eran un bo xeito de facilitar que nas casas, en moitas das cales non existen libros fóra dos que os rapaces necesitan para os seus estudos, entrasen periodicamente publicacións asequibles, pois onde os maiores len os fillos tamén o fan, independentemente de que se lle dedique tempo á televisión ou ao ordenador. Que familias, fillos e escola compartan lecturas é posible e tamén grato, polo que se invitou aos

pais e nais a coñecer a biblioteca e realizouse un programa informativo para que puidesen acceder aos seus fondos, directamente ou por medio dos seus fillos. Que os libros busquen os seus lectores é unha idea que paga a pena desenvolver xa que lector, como case todo, non se nace senón que se fai.

Outro mito que cumpriu superar foi o da contraposición libro-cómic. O grupo considerou que a lectura de tebeos, banda deseñada ou como se lle queira chamar, é unha das mellores maneiras de que os rapaces lle entren á lectura. Que o importante é que lean, e xa atoparán diferente literatura polas canles habituais de divulgación, a mellor das cales é sen dúbida un lector de referencia e se é un compañeiro, mellor aínda.

Por esa razón, cando saíron convocados os Clubs de Lectura, no instituto foi obrigado participar de xeito entusiasta. Fixéronse un par de grupos entre alumnado de ESO e Bacharelato. Case toda a clase, por certo. Chegaron fondos para libros e encontros con autores, que foron celebrados por todos. A biblioteca estivo colaborando cos seus medios para que a experiencia fose máis grata. E chegou o día no que os mesmos alumnos entraron pola túa porta pedindo poder contactar con escritora famosa de libros de produción masiva dunha gran editorial para adolescentes, aínda que sexa por videoconferencia, dixeron. O director sentiuse satisfeito, había alumnado que estaba a ler polo gusto de facelo, non para facer méritos diante dalgún profesor ou, como tantas veces, para mellorar nota. Segu-ro que por iso foron dilixentes cando unha Asociación de Escritores ofertou talleres de creación literaria para alumnado dirixidos por veteranos escritores galegos.

E non moi diferente foi o proceso para adoptar o Programa Prensa Escola de La Voz de Galicia. Se é importante que o alumnado

lea e goce coa lectura, por que non que o faga nas aulas con noticias do día a día, á vez que se propician lazos culturais entre os centros de ensino e a sociedade.

Nove anos despois, o director fai balance e a sensación é doce e agre á vez. É certo que a biblioteca está aberta nos recreos e tamén despois de xantar para o alumnado transportado. Un equipo pequeno pero valioso da biblioteca ten vocación de permanencia no tempo. Os departamentos puxeron toda a carne no espeto e colaboran na realización de expurgos periódicos. Agora xa se ten un responsable á fronte, cunha dedicación horaria, un equipo da biblioteca que realiza diversas tarefas de apoio e coa empatía da comunidade educativa no desenvolvemento do seu labor. De 2006 a 2009 recibíronse 21.000 euros e gastáronse 27.500 en novos fondos. A dirección agradeceulle publicamente ao claustro a colaboración, voluntaria e desinteresada, para –por fin– catalogar os fondos. Está todo o material clasificado no Meiga, a aplica-

ción para xestión de bibliotecas máis completa que coñecen, e a maiores, vía web, alumnado, pais e profesorado poden consultar as existencias. Existen guías de utilización da biblioteca e tamén de lectura para alumnos, e está satisfeito dos que acostuman frecuentar o lugar. Tamén se están a crear, por primeira vez, clubs de lectura entre os profesores, o que permitirá a tantas veces desexada presenza dos libros polos corredores do centro. Está a funcionar ben a lectura en sala e o préstamo domiciliario co alumnado máis habitual que dispón dun carné de biblioteca no que vai anotando as súas lecturas, con deseño propio.

Pero a dirección viu tamén áreas de mellora evidentes que enumera para desenvolver no futuro: é necesario introducir máis temáticas e xéneros, integrar as importantes coleccións de libros técnicos dos departamentos e materias de FP na biblioteca, mellorar o uso que se fai das bibliotecas de aula, crear máis clubs de lectura, introducirse nas rutas literarias, facer que a hora

de ler gane en eficacia, expoñer as novidades nun lugar visible e invitar os mozos a ser os primeiros en lellos, conseguir que a maioría do profesorado sinta a biblioteca como lugar propicio para desenvolver tarefas, darlle voltas ao préstamo ás aulas que non está a ter éxito, incrementar os materiais de coñecemento de todas as materias pois aínda segue a primar claramente a literatura, facer que os traballos do propio alumnado teñan un ocos andeis o mesmo que as colaboracións que historicamente se publicaron nas revistas do centro –que increíblemente tamén foron expurgadas–...

O director mira pola ventá e ve as portas da biblioteca. Sen dúbida, aínda queda moito que facer.





# A utopía da biblioteca escolar, camiño da realidade

Carmen M. Valderrama Currás

Profesora

Inspectora en Comisión de Servizos

A participación nos últimos Encuentros dos centros do Plan Mellora de Bibliotecas Escolares permitíume ver o entusiasmo que teñen as persoas responsables en cada centro, o traballo ben feito, así como o impulso apaixonado que as asesoras poñen, desde a Consellería de Educación, que fai posible que cada ano este Plan mellore e se estenda, ao tempo que dan os ánimos necesarios aos profesionais responsables para que non esmoreza todo o conseguido ata agora.

Non son unha especialista no tema, senón simplemente alguén que cre neste traballo silencioso,

pero que comeza a ser visible e produtivo, que sente un entusiasmo por el e polos resultados que pode ter este labor, quizais a longo prazo, na formación do alumnado e no apoio inxente ao profesorado para poder levar a cabo as transformacións didácticas necesarias no seu traballo. Pode ser que ese entusiasmo, a crenza nas repercusións positivas que ten na comunidade educativa e a miña esperanza en que isto se universalice e chegue a todos os centros dunha forma regulada, fosen as razón polas que se me invitou a escribir, en medio de voces moi autorizadas, e eu atrevínme a aceptar.



Hoxe as Bibliotecas escolares xa non son os lugares lúgubres de hai anos, onde os libros durmían o sono case eterno, senón espazos vivos e dinámicos onde hai libros e tamén se manexan as ferramentas das novas tecnoloxías, imprescindibles dado que estamos na sociedade do coñecemento. Desde elas o alumnado e o profesorado poderán acceder a todo tipo de información. Se a Escola segue a ser un axente compensador de desigualdades, a Biblioteca Escolar pode ser un dos garantes do seu cumprimento.

Penso que a Biblioteca Escolar é un punto neuráxico no proceso de ensinanza-aprendizaxe e que serve para que os estudantes teñan unha maior responsabilidade ante este proceso. Tamén proporciona asistencia aos docentes, servindo de nexo entre eles e os recursos informáticos, facilitando a ensinanza transversal. Coa colaboración de todos, a Biblioteca Escolar será o corazón do centro, dinamizador, integrador e coordinador de todo o equipo docente que traballa para conseguir os obxectivos propostos. Por isto podemos afirmar sen ningunha dúbida que é un espazo útil e imprescindible.

Se releemos o Manifesto da UNESCO de 1999, sobre Bibliotecas Escolares, vemos que explica perfectamente a súa utilidade cando di que "enriquecen, apoian, vitalizan e serven de instrumento ao currículo", ademais de "estimular e capacitar a cada un para que desenvolva ao máximo as súas posibilidades como educando, cidadán e ser humano".

Desde a Biblioteca Escolar axudaremos a promover a lectura entre os nenos e mozos. Faremos que sintan o pracer por ela, axudaremos a que se metan noutras peles e comprendan ao outro, que vivan varias vidas e se aventuren, aprendan, gocen, sen aditivos externos; en defini-

tiva que estean máis preparados para afrontar a vida. Sen dúbida servirá para que, cunha comprensión lectora, no máis amplo senso, aprendan a coñecer, a vivir xuntos, a actuar e cheguen a ser pensadores críticos, creativos, interesados, curiosos e comunicadores efectivos. Desde a lectura pódese loitar tamén contra o tan cacarexado fracaso escolar, se conseguimos un maior grao de competencia lectora en todos os campos.

Conforme reflexiono, fágome moitas preguntas. Quen debe encargarse das Bibliotecas Escolares? Polo que eu observo nos centros, penso que deben ocuparse docentes que compaxinen a guía, faciliten os materiais e fagan a selección necesaria, cun coñecemento aberto e multilineal, coñecedores das novas tecnoloxías e que sexan activos na súa utilización.

Que Biblioteca Escolar? Aquela que sexa un espazo flexible, multidisciplinar, con barreiras difusas entre o ocio, o pracer e o coñecemento, constituídas en viveiros nos que florezan e se canalicen os proxectos pedagóxicos máis innovadores no sentido de coñecementos autoxestionados, e onde se coordinen plans, se estructuren docencias compartidas, producindo novos soportes e materiais de información e creación; é dicir, que deveña nun punto onde se facilite o apoio mutuo, que o saber hoxe tanto necesita.

Desde logo isto esixe compromisos por parte do alumnado, como protagonista da súa aprendizaxe, e do profesorado, decidido a levar a cabo un cambio nos seus hábitos didácticos, cunha relación máis rica e máis flexible entre eles e cos estudantes, que axudará á difícil tarefa de equilibrar desigualdades e atender a diversidade.

Pero esta gran aventura necesita un impulso xigantesco e firme, é dicir un apoio desde os responsables educativos para que



o traballo feito ata agora e que leva dado tan bos resultados non esmoreza, velando pola saúde das que están vivas e axudando ao nacemento doutras bibliotecas escolares. E sigo preguntándome: como? pois facilitando actuacións que as favorezan, deixando a un lado o enorme grao de voluntarismo entusiasta, que dura un tempo pero que se esgota. Haberá por tanto que prever as horas do profesorado para este fin, proporcionado un marco legal claro. Así mesmo a Administración Educativa deberá, como explica Kepa Osoro, "facilitar espazos e estratexias que favorezan a aprendizaxe autónoma, activa e integrada".

Se cremos todo isto e moito máis, o investimento en recurso humanos e materiais terá os seus froitos, tanto se o miramos desde un presuposto economicista, como se o soñamos desde a necesaria utopía. Deste xeito camiñaremos xuntos para axudar a que o noso país progrese, posto que os nosos escolares de hoxe, o futuro, estarán mellor preparados para afrontar os novos retos e vivir as novas realidades.



# Bibliotecas escolares. As casas dos libros

Anxo Fariña

Ilustrador e escritor de literatura infantil

Aceptei o convite de escribir un artigo sobre as bibliotecas escolares pola miña intensa relación con estes espazos tan especiais. O feito de ser escritor e ilustrador de literatura infantil e xuvenil xa me achega dun xeito indirecto a estes almacéns de ilusións. Mais, o nexo máis forte, está no contacto directo.

No ano 2005 comecei a realizar diversas campañas de promoción da lectura e da creatividade polos centros de ensino de toda Galicia. Do norte ao sur, de infantil a secundaria, de dez nenos nunha unitaria a centos de alumnos, así, máis de cincocentos centros. E, como se fose un

pequeno ritual non escrito, cada vez que entraba pola porta o primeiro que visitaba era a biblioteca escolar.

Pode que pensedes que todas as bibliotecas escolares son iguais, mais nada máis lonxe da realidade. A falta de espazo, os medios económicos, a idade dos lectores, ou a imaxinación dos docentes encargados, configuran as futuras "casas dos libros". Para min era como visitar a casa dun amigo que acaba de mudarse e sempre che ensina fachendoso o seu fogar.

Podo citar todo tipo de exemplos de bibliotecas, tanto nega-

tivos como positivos. Dos primeiros pouco teño que contar, pois todo o mundo coñece, ou pode imaxinar, cales son os seus puntos febles: desidia, abandono, falta de medios... Porén, os exemplos positivos son tantos, tan variados, tan cheos de imaxinación e creatividade, que merecen que lles dedique toda a miña atención. Rogo me desculpedes se non dou nomes de centros ou profesores, xa que seguro que me trabuco nalgún ou omito outros. Feito que sería imperdoábel.

A creatividade está nos lugares máis insospeitados, como por exemplo, debaixo dunha escaleira. Debido á falta de espazo nun centro de educación infantil, utilizaron o oco que quedaba debaixo de esta estrutura para construír unha biblioteca. Unha creación que ben podería estar como exemplo nunha revista de arquitectura. Os libros penduraban das paredes cunhas simpáticas pinzas de cores, con cadansúa ficha na que se reflectía a portada, para que cada neno soubese onde era o seu sitio correcto.

As antigas salas de caldeiras veñen dando tamén uns lugares de lectura moi confortábeis malia a primeira e negativa impresión. Unha transformación feita co agarimo e o esforzo dos profesores pode, porén, obrar unha milagre. Foron eles os que pintaron as paredes evocando contos infantís ou personaxes de cómic. Foron eles os que percorreron centos de quilómetros para ir a unha cadea sueca de mobiliario co fin de atopar trebellos económicos e divertidos para amoblar as bibliotecas.

Falando de remodelacións e moles teño que citar a imaxinación dun conserxe que, ante unha sala chea de columnas e vigas, artellou uns estantes increíbeis cun orzamento ínfimo. Recolleu restos sobrantes de madeiras por obras, uniu unhas con outras salvando os obstáculos que a

construción orixinal lle impoñía, cun resultado final que lembraba os entramados da famosa Torre Eiffel recubertos de libros.

Podería escribir centos de páxinas, unha por cada biblioteca que visitei, pero non creo que sexa o momento de facelo. Desde aquí o único que podo é dar as grazas a todos vós, os que co voso esforzo e dedicación facedes que os libros teñan algo máis que un espazo de almacenamento. Facedes que teñan un fogar.





# Para saberms algo máis...

Cristina Novoa  
Pilar Sampedro

Asesoras de bibliotecas escolares  
Consellería de Educación

## BIBLIOGRAFÍA

### BIBLIOTECAS ESCOLARES

- Articulación de los recursos en el funcionamiento de la biblioteca escolar. VVAA. MEC, 2007.
- Baró, M./Mañá, T./Velloso, I.: Bibliotecas escolares, ¿para qué? Anaya. Madrid, 2001.
- Bibliotecas escolares (2006) monográfico Ensaio, Revista do CFR da Coruña, nº 8, xuño.
- Bibliotecas escolares. (2005) monográfico Cuadernos de Pedagogía nº 352, decembro.
- Bonilla, Elisa / Goldin, Daniel e Salabedría, Ramón: Bibliotecas y escuelas. Retos y desafíos en la sociedad del conocimiento. Océano Travesía. México, 2008.
- Camacho Espinosa, José Antonio: La biblioteca escolar en España: pasado, presente y un modelo para el futuro. Ediciones de la Torre. Madrid, 2003.
- Castán, Guillermo: Las bibliotecas escolares, soñar, pensar, hacer. Díada. Sevilla. 2002.



- Centelles, Jaume: La biblioteca, el corazón de la escuela. Octaedro-Rosa Sensat. Barcelona, 2006.
- Cómo organizar una biblioteca escolar: aspectos técnicos y pedagógicos. Gobierno de Navarra. Departamento de Educación y Cultura. 1999.
- Durban, Gloria: La biblioteca escolar como herramienta educativa. Disponible en <http://www.bibliotecaescolar.info/castellano.htm>
- Durban Roca, Glòria: la biblioteca escolar, hoy: un recurso estratégico para el centro. Graó. Barcelona, 2010.
- García Guerrero, José: La biblioteca escolar, un recurso imprescindible: propuestas y materiales para la creación de ambientes lectores en los centros. Junta de Andalucía. Consejería de Educ. y Ciencia. Sevilla, 1999.
- García Guerrero, José: Recursos para la organización y dinamización de la biblioteca escolar. Consejería de Educación y Ciencia. Delegación Provincial de Málaga, 2003.
- Gómez Hernández, José Antonio / Quilez Simón, Pedro (coord.): La biblioteca, espacio de cultura y participación. ANABAD, 2008.
- Grané, Mariona / Willem, Cilia: Web 2.0. nuevas formas de aprender y participar. Laertes Educación, 2009.
- Jordi, Catherine: Guía práctica de la biblioteca escolar. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca, 1998.
- Llagues, Elena: Guía práctica para el desarrollo y dinamización de la Biblioteca Escolar en Secundaria. Ministerio de Educación y Ciencia / CIDE. 2006.
- Los fondos de la biblioteca escolar y los planes de lectura del centro. Blitz. Serie azul. Pamplona. Gobierno de Navarra. Departamentos de Educación y Cultura. 2005.
- Marchesi, A./Miret, I.: Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendaciones. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Madrid. 2005.
- Osoro, Kepa (coord.): La biblioteca escolar, un derecho irrenunciable. Anaya, 2002.
- Rodríguez Fernández, Óscar / Bravo de Pablo, Sagrario: Las direcciones más interesantes de Internet. Anaya Multimedia. 2008.
- Salaberría, Ramón: Biblioteca pública y biblioteca escolar: una colaboración imprescindible. MEC. Madrid, 1997.
- Samek, Toni: Biblioteconomía y derechos humanos. una guía para el siglo XXI. Ediciones Trea, 2008.
- Zayas, Felipe (coord.): La competencia digital en el área de lengua. Octaedro. Madrid, 2009
- Barvo, Carmen: Nuevos espacios para la lectura en el siglo XXI. FGSR. Salamanca, 2007.
- Bayard, Pierre: Cómo hablar de los libros que no se han leído. Anagrama. Barcelona, 2008.
- Cassany, Daniel: Taller de textos. Leer, escribir y comentar en el aula. Paidós, 2006.
- Cassany, Daniel: Tras las líneas. Sobre la lectura contemporánea. Anagrama. Barcelona, 2006.
- Celaya, Javier: Mitos y realidades del impacto de las nuevas tecnologías en el fomento de la lectura y la escritura. Editorial Tramas & Texturas, 2002.
- Chambers, Aidan: Los niños, la lectura y la conversación. Fondo de Cultura Económica. México, 2008.
- Chambers, Aidan: El ambiente de la lectura. Fondo de Cultura Económica. México, 2009.
- Chambers, Aidan: Lecturas. Fondo de Cultura Económica. México, 2008.
- Chambers, Aidan: ¿Quieres que te cuente un cuento? Una guía para narradores y cuentacuentos. Banco del libro. Caracas, 2001.
- Cien libros para un siglo. Equipo Peonza. Anaya, 2004.
- Colomer, Teresa: Andar entre libros. La lectura literaria en la escuela. Fondo de Cultura Económica. México, 2005.
- Colomer, Teresa: La formación del lector literario. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca, 1998.
- Colomer, Teresa: Siete llaves para valorar las historias infantiles. Papeles de la Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca, 2002.

#### BIBLIOTECAS E LECTURA

- ¿Nuevas lecturas? ¿Nuevas formas de leer? Lectura y escritura multimedia en las bibliotecas públicas y escolares (XIII Jornadas de Bibliotecas Infantiles, Juveniles y Escolares). Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca. 2005
- Abril Villalba, Manuel (coord.) Lectura y literatura infantil y juvenil. Claves. Editorial Aljibe, 2005.
- Animar a escribir para animar a leer. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca, 1999.
- Argüelles, Juan Domingo: Que lean los que no leen. Paidós. México, 2003.
- Arizaleta, Luis: Circunvalación. Una mirada a la educación literaria. Octaedro. Madrid, 2009.

- Colomer, Teresa (coord.): *Lecturas adolescentes*. Graó, Barcelona, 2009.
- Cotroneo, R.: *Si una mañana de verano un niño. Carta a mi hijo sobre el amor a los libros*. Taurus. Madrid, 1995.
- Delahaie, Patricia: *Cómo habitar al niño a leer: para que su hijo descubra el placer de la lectura desde la más temprana edad*. Médici, 1998.
- Domech, Martín y Delgado: *Animación a la lectura: ¿Cuántos cuentos cuentas tú?* Madrid. Editorial Popular, 2004.
- Durán, Teresa: *Leer antes de leer*. Anaya, 2002.
- Equipo Peonza: *El rumor de la lectura*. Editorial Anaya, 2001.
- Escardó i Vas, Mercé: *La biblioteca, un espacio de convivencia*. Anaya, 2003
- García Padrino / Cerrillo: *Presente y futuro de la literatura infantil*. Colección estudios. Universidad de Castilla La Mancha, 2000.
- Garralón, Ana: *Historia portátil de la literatura infantil*. Anaya. Madrid, 2001.
- Goldin, Daniel: *Los días y los libros*. Paidós, 2006.
- Jover, Guadalupe: *Un mundo por leer*. Octaedro, 2008.
- Jover, Guadalupe (coord.): *Constelaciones literarias. 'Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia'* (Coord.) Consejería de Educación de la Junta de Andalucía. Málaga, 2009.
- *Leer con sentido o el sentido de leer: las bibliotecas y el desarrollo de competencias lectoras en los niños y jóvenes de hoy*. FGSR. Salamanca, 2006.
- Lerner, D.: *Leer y escribir en la escuela: lo real, lo posible y lo necesario*. Fondo de Cultura Económica, México, 2001.
- Lomas, Carlos (coord.): *Textos literarios en contextos escolares. La escuela en la literatura y la literatura en la escuela*. Graó. Barcelona, 2008.
- *Los hábitos lectores de los adolescentes españoles*. CIDE (Centro de Investigación y Documentación Educativa). Madrid, 2003
- Machado, Ana M<sup>a</sup>: *Lectura, escuela y creación literaria*. Anaya, 2008.
- Manguel, Alberto: *La biblioteca de noche*. Alianza, 2006.
- Marina, J.A./Válgoma, M.: *La magia de leer*. Editorial Plaza&Janés. Barcelona, 2005.
- Mata, Juan: *Como mirar a la luna. Confesiones a una maestra sobre la formación del lector*. Editorial Graó. Barcelona, 2005
- Mata, Juan: *Animación a la lectura. Diez ideas clave*. Graó, Barcelona, 2009.
- Monllor, Cecilia: *Clubs de lectura*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Santiago de Compostela, 2004.
- Moreno, Víctor: *El deseo de leer*. Edit. Pamiela, 1985.
- Moreno, Víctor: *Lectores competentes*. Anaya, 2005.
- Moreno, Víctor: *Lectura, libros y animación: reflexiones y propuestas*. Departamento de Educación y Cultura, Gobierno de Navarra. 2002.
- Moreno, Víctor: *Leer para comprender*. Blitz. Serie amarilla. Departamento de Educación y Cultura. Gobierno de Navarra. 2003.
- Moreno, Víctor: *Metáforas de la lectura*. Lengua de trapo, 2005.
- Moreno, Víctor: *Va de poesía*. Editorial Pamiela. 1999.
- *Nuevos espacios para la lectura en el siglo XXI*. VVAA. Papeles de la Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2007.
- Nemirovsky, Myriam (coord.): *Experiencias escolares con la lectura y la escritura*. Graó. Barcelona, 2009.
- Pérez Iglesias (coord.): *Palabras por la lectura*. Consejería de Cultura de Castilla-La Mancha. Asociación Cultural Educación y Bibliotecas. Madrid, 2007.
- Petit, Michèle: *Nuevos acercamientos a los jóvenes y la lectura*. Fondo de Cultura Económica. México, 1999.
- Petit, Michèle: *El arte de la lectura en tiempos de crisis*. Océano Travesía, 2008.
- Petit, Michèle: *Una infancia en el país de los libros*. Océano Travesía, 2009.
- *Plan de lectura, escritura e investigación de centro*. Gobierno del Principado de Asturias, 2007.
- Reyes Camps, Lourdes: *Vivir la lectura en casa*. Juventud. 2004.
- Rico, Lolo: *Cómo hacer que tus hijos lean. Análisis y recetas*. Alfaguara, 2003.
- Rodari, Gianni: *Gramática da fantasía*. Kalandraka. Pontevedra, 1999.
- Rodríguez Abad, Ernesto/ Nonell Iglesias, Elvira: *Animando a animar: tenemos un plan. Como estimular el goce lector*. Los libros de la Catarata, 2006.
- *Sociedad lectora y educación*. Revista de Educación. Número extraordinario 2005. Ministerio de Educación y Ciencia. Madrid, 2005.
- Solé, Isabel: *Estrategias de lectura*. Editorial Graó, Barcelona, 1992.
- VV.AA.: *Crear lectores. Propuestas para los padres*,

- maestros y bibliotecarios. Visor/Aprendizaje. 1989.
- Teixidor, Emili: La lectura y la vida (Como incitar a los niños y adolescentes a la lectura: una guía para padres y maestros), Ariel, 2007.
  - VVAA: Grial. Lectura pública. Galaxia, 2007.
- BIBLIOTECAS E ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL / EDUCACIÓN DOCUMENTAL**
- Andreu, Laura Beatriz. Las habilidades en información. Educación y biblioteca, nº 156, p. 66-69, 2006.
  - Arellano, V. Biblioteca y aprendizaje autónomo. Guía didáctica para descubrir, comprender y aprovechar los recursos documentales. Pamplona: Departamento de Educación y Cultura, Gobierno Navarra, 2002 .
  - Argudín, Yolanda: Educación basada en competencias. Nociones y antecedentes. Editorial Eduforma, 2007.
  - Baró, M./Mañá, T.: Formarse para informarse. Ed. Celeste / MEC Madrid, 1996.
  - Benito Morales, F. : A la educación por las bibliotecas. Educación y Biblioteca 100, p. 15-16, 1999.
  - Bibliotecas y Aprendizaje. Educación y Biblioteca 70, p. 17-22, 1996.
  - Educación documental: modelo para la adquisición de habilidades de información. Educación y Biblioteca, 92, p. 35-38, 1998.
  - Educación documental: reto y compromiso para docentes y bibliotecarios. Educación y biblioteca, nº 57, 1995.
  - El desafío de enseñar a pensar mediante las técnicas documentales. En: Educación y Biblioteca, nº 34, 1993.
  - Información documental y aprendizaje. Bilbao: Instituto para el Desarrollo Curricular del País Vasco, 1997.
  - Metodología Documental. Educación y Biblioteca, 92, p. 45-46, 1998.
  - Modelo para el desarrollo de habilidades de información en la E.S.O. Educación y Biblioteca, nº 68, 1996.
  - Blaxter, L.; Hughes, C.; Tight, M. Cómo se hace una investigación. Barcelona, Gedisa, 2001.
  - Cobos, L., Álvarez, M.: Las enseñanzas de las habilidades documentales y la práctica educativa. Educación y Biblioteca, 92, p. 70-71, 1998.
  - Cuevas Cervero, Aurora: Alfabetización en información, lectura y biblioteca escolar. Trea, 2007.
  - Durban, Glòria: Itinerario formativo 1º de ESO: para llegar a ser un experto en información. Disponible en <http://www.bibliotecaescolar.info/actividades/indice.htm>
  - Durban, Glòria: Aprender a investigar e informarse. En Articulación de los recursos en el funcionamiento de la biblioteca escolar. VVAA. MEC, 2007.
  - Formar usuarios en la biblioteca: programas desarrollados por el Área de Promoción de la Lectura del Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca. 2001.
  - Giménez Sacristán (coord.): Educar por competencias, que hay de nuevo. Morata, 2008.
  - Gómez Hernández, J.A. (coord.) Estrategias y modelos para enseñar a usar la información: Guía para docentes, bibliotecarios y archiveros. Murcia: Editorial KR, 2000.
  - Hacer un documental es ... Dossier y cantar. Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil de la Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Salamanca, 1996.
  - Illescas, M.J. Con ingenio seré un genio: técnicas de estudio y trabajo intelectual (I y II) Madrid, Editex, 1999.
  - Illescas, Mª Jesús. Estudiar e investigar en la biblioteca escolar: la formación de usuarios. Cuadernos Blitx. Pamplona: Departamento de Educación y Cultura, Gobierno de Navarra, 2004 .
  - La educación documental (monográfico). En: Educación y biblioteca, nº 92 (1998).
  - Monereo Font, C. y Castelló, M.: Estrategias de enseñanza y aprendizaje: cómo incorporarlas a la práctica educativa. Barcelona: Edebé, 1997.
  - Noguerol, Artur: Técnicas de aprendizaje y estudio. Edit. Graó, 1994.
  - Piquín, Rosa. Proyectos documentales integrados. ¿Qué son? ¿Cómo hacerlos? Libro abierto. Nº 21. Consejería de Educación Delegación Provincial de Málaga. Disponible en <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/index.php>
  - Proyectos de trabajo (monográfico). En Cuadernos de Pedagogía.
  - Zabala, A.: Cómo trabajar los contenidos procedimentales en el aula. Graó, 1994.
  - Zabala, A.: Enfoque globalizador y pensamiento complejo. Graó, 1999.

## PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

### EDUCACIÓN E BIBLIOTECA

- Libro Abierto. Boletín de información e apoio ás bibliotecas escolares. Delegación Provincial de Málaga, con edición dixital [http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/index.php?option=com\\_content&view=category&layout=blog&id=49&Itemid=80](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/index.php?option=com_content&view=category&layout=blog&id=49&Itemid=80)
- Pinakes. Revista das bibliotecas escolares de Extremadura, con edición dixital <http://pinakes.educarex.es/index.php>
- Abareque. Revista dixital de bibliotecas escolares de Asturias. <http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/web/index.php>

### RECURSOS INTERNET

#### BIBLIOTECAS ESCOLARES

- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>  
Sitio web de Bibliotecas Escolares de Galicia con acceso aos outros blogues da asesoría de bibliotecas escolares, aos blogues das bibliotecas escolares dos centros de primaria e secundaria; con informacións e recursos en relación a bibliotecas escolares e lectura, así como enlaces a diversas páxinas.
- <http://www.educacion.es/educacion/comunidades-autonomas/programas-cooperacion/plan-fomento-lectura.htm>  
Plan para o fomento da lectura e a mellora das bibliotecas escolares do ME.
- <http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas/index.htm>  
Páxina con recursos para B.E. do ME.
- <http://www.bibliotecas-cra.cl/recursos/index.html>  
Recursos para as bibliotecas escolares e a educación en información. Ministerio de Educación de Chile.

- <http://www.rbe.min-edu.pt/>  
Rede de Bibliotecas Escolares – Portugal

- <http://www.virtuulis.com/becres/>

Portal colaborativo das bibliotecas escolares portuguesas.

- <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/>

Bibliotecas Escolares – Málaga.

- <http://www.pnte.cfn Navarra.es/bibliotecaescolares/directorio.html>

Bibliotecas escolares. Goberno de Navarra. Dirección Xeral de Educación.

- <http://www.edu365.com/vadellibres/index.htm> / <http://www.xtec.cat/innovacio/biblioteques/>

Portal de contidos/ Biblioteca / Catalán.

- <http://www.educastur.princast.es/recursos/biblioteca/>

Bibliotecas escolares Asturias.

- <http://www.gobiernodecanarias.org/educacion/unidad-programas/palb/index.asp>

Lectura e bibliotecas escolares. Canarias.

- <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org>

Acceso ao catálogo colectivo do Proxecto Meiga. Rede de bibliotecas de Galicia, da Consellería de Cultura e Deporte. Inclúe catálogos de bibliotecas escolares.

- <http://www.agabel.net>  
Asociación galega polas bibliotecas escolares e a lectura.
- <http://www.bibliotecaescolar.info/castellano.htm>

Páxina de Gloria Durban sobre biblioteca escolar.

- <http://www.dilve.es>  
Distribuidor do Libro español en Venta (Información dos catálogos editoriais).

#### EDUCACIÓN DOCUMENTAL

- <http://www.alfinred.org/blog>  
Foro sobre Alfabetización Informativa

- <http://www.bibliotecaescolar.info/actividades/galego.htm>

Itinerario formativo sobre educación en información, de Glória Durban. Versión galega.

- <http://www.es-de-libros/index.php?&EDLang=Galego>

Programa de información e sensibilización sobre o respecto á creación e o valor dos libros e a lectura. Cedro. Versión en galego.

- <http://www.google.es/literacy/index.html>

Proxecto de alfabetización dixital Google.

- <http://platea.pntic.mec.es/%7Eerodri1/index.htm> (Webquest)

#### PROMOCIÓN DA LECTURA

- <http://bega-horadeler.blogspot.com/>

Blog de HORA DE LER, da Consellería de Educación con información sobre o programa, actualidade, información e materiais en relación á lectura.

- <http://lerenmancomun.blogspot.com>

Espazo web para os clubs de lectura dos centros de ensino de Galicia con novas e enlaces aos blogues dos clubs de lectura dos centros de ensino de Galicia.

- <http://librosaeito.blogspot.com>

Banco de libros para o préstamo entre os clubs de lectura e as bibliotecas escolares galegas.

- <http://redelectura.blogspot.com>

Blogue de asesoría de bibliotecas escolares sobre libros e lecturas.

- <http://www.galix.org>  
Galix: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.
- <http://www.filix.org>

Portal de literatura infantil e xuvenil galega, coordinada por Manuel Figueiras.

- <http://www.galiciaencantada.com>



Enciclopedia da fantasía popular galega, coordinada por Antonio Reigosa.

- <http://www.culturagalega.org/bd/index.php>

Banda deseñada galega. Consello da Cultura Galega.

- <http://www.culturagalega.org/lg3/>

Espazo web de literatura do Consello da Cultura Galega.

- <http://leer.es/>

Centro virtual sobre a lectura. ME.

- <http://www.oepli.org>

Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil.

- <http://www.orellapendella.org/>

Páxina de difusión de literatura popular infantil.

- <http://www.ourizoazul.org>

Literatura infantil e xuvenil galega. Conbsellería de Cultura e Deporte.

- <http://www.amigosdelibro.com>

Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil.

- <http://www.fundalectura.org.co/>

LIX dende Colombia.

- <http://www.bancodellibro.org.ve/>

Sección venezolana de IBBY (International Board on Books for Young People).

- <http://www.casadaleitura.org>

Portal de promoción da lectura, da Fundación Gubelkian. Portugal.

- <http://www.fundaciongsr.es>

Fundación Germán Sánchez Rui-pérez.

- <http://www.fundaciongsr.es/documentos/default3.htm>

Documentos electrónicos lectura/ bibliotecas escolares.

- <http://www.sol-e.com>

Portal sobre LIX a cargo da Fundación GSR e con cargo ó Plan de Fomento da Lectura.

- <http://www.juntadeandalucia.es/cultura/calettras/>

Centro Andaluz para a promoción da lectura.

- <http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/>

Portal do Plano Nacional de Leitura portugués.

- <http://www.uclm.es/cepli/>

Universidad de Castilla-La Mancha- Centro de promoción da lectura.

- <http://lij-jg.blogspot.com>

Literatura infantil e xuvenil actual.

- <http://www.bienvenidosala-fiesta.com>

Diccionario de literatura infantil e xuvenil.

- <http://www.libroadicto.com>

Libros recomendados polos propios adolescentes.

### REVISTAS DIXITAIS

- <http://revistabloc.es/>

Revista de arte e literatura infantil. Versión dixital.

- <http://www.cuatrogatos.org>

Revista de Literatura infantil e xuvenil.

- <http://www.imaginaria.com.ar>

Boletín Quincenal de Literatura Infantil y Juvenil (Arxentina).

- <http://www.pizcadepapel.org>

Revista de literatura infantil e xuvenil on line.

- <http://www.prazadasletras.org/>

Versión dixital da revista editada pola Consellería de Cultura.

- <http://www.revistababar.com>

Revista dixital de literatura infantil e xuvenil.

### BIBLIOTECAS VIRTUAIS

- <http://bvg.udc.es/index.jsp>

Biblioteca virtual galega.

- <http://www.bibliotecasvirtuales.com/>

Bibliotecas virtuales.

- <http://www.bivir.com/>

Biblioteca virtual de literatura universal en galego.

- <http://www.cervantesvirtual.com/index.shtml>

Biblioteca virtual Miguel de Cervantes. Varias ligazóns interesantes.

- <http://www.cervantesvirtual.com/portal/Platero/>

Biblioteca Platero, de Literatura Infantil e Xuvenil.

- <http://www.educarm.es/>

Portal educativo Comunidad de Murcia. Sección Biblioteca virtual.

- [http://www.grupobuho.com/gbsite/biblioteca\\_escritores\\_clasicos-3.html](http://www.grupobuho.com/gbsite/biblioteca_escritores_clasicos-3.html)

Relatos clásicos.



# ENTREVISTA

## Juan Mata

P. Juan Mata é un vello amigo das bibliotecas escolares de Galicia, ás que ven acompañando en actividades de formación do profesorado como as I Xornadas “Do falar ao ler” dirixidas a todo o profesorado ou os Encontros dos centros do plan de mellora de bibliotecas escolares 2010, destinadas aos responsables das bibliotecas que forman parte do plan de mellora. A el tamén debemos o texto para o punto de lectura do Día do Libro 2010 que recolleemos ao final desta entrevista.

Este profesor de Didáctica de Lengua e Literatura na Universidade de Granada representa moi ben a todos aqueles que, como profesionais e cidadáns, reflexionan acerca da lectura e a súa influencia no mundo en que vivimos, por iso é un luxo poder realizarlle esta entrevista que comeza coa pregunta de rigor: Cal é a súa opinión acerca da situación actual da lectura?

Entrevistaron: Cristina Novoa Fernández e Pilar Sampedro Martínez

Se o que preocupa é o número de cidadáns que le con frecuencia algún tipo de libro ou documento, habería que dicir que, segundo se desprende das enquisas sobre índices de lectura, os nenos e os mozos son lectores asiduos e interesados, e que conforme aumenta a idade decrece o interese pola práctica lectora. É dicir, son os adultos os que len pouco. Non obstante, os lamentos sobre o pouco que se le en España adoitan cargar sobre a infancia e a xuventude esa culpa, o cal é inxusto. Penso non obstante que a lectura non debería reducirse a unha cuestión de cantidade senón de finalidade. Boto en falta unha definición de que é o que debería lerse e por que. Non importa tanto cantos len senón para que se le. Os que alentan a imaxe catastrófica da lectura en España deberían ser, nese sentido, máis diáfanos e máis precisos.

*As súas publicacións Como mirar a la luna, Confesiones de una maestra sobre la formación del lector ou El rastro de la voz y otras celebraciones de la lectura, falan da importancia desta ferramenta e o seu papel na evolución do ser humano, porque lemos para aprender, lemos para comprender, lemos para alimentarnos, lemos para curar, ... para que lemos?*

Cada lector debería responder a esa pregunta dun modo libre e persoal. A lectura non é unha práctica homoxénea e unilateral. De feito, lemos con fins moi diferentes: para aprender, para entender o mundo que nos rodea, para pasar o tempo, para imaxinar vidas posibles, para informarse sobre algún suceso, para satisfacer unha curiosidade... En realidade, estamos a ler constantemente, a maioría das veces sen ser conscientes de que o facemos. Unha cuestión diferente é formularse o valor de ler ficcións ou ensaios filosóficos ou tratados de historia, esa clase de textos que afectan ao coñecemento do noso destino como seres huma-

nos e como cidadáns. As respostas a esa cuestión poden ser moi diversas. Eu atreveríame a dicir que a lectura deses textos pode axudar á mellor comprensión do mundo en que vivimos e das persoas que nos rodean. Pero dígoos con toda clase de cautelas. A lectura non é un axioma. O importante a este respecto é evitar as simplificacións, os dogmatismos ou as frivolidades.

*Ler pode salvar, pode evitar a marxinação?*

Sen dúbida. Nun sentido estrito, a lectura fai posible o coñecemento, e compartir o coñecemento é un feito radicalmente socializador. A ignorancia, en cambio, favorece a exclusión. E aínda que só fose por iso, deberíamos afirmar que a lectura atenúa a posibilidade de quedar á marxe das decisións e os procesos comunitarios. Pero non esquezamos que a lectura ofrece ademais posibilidades de afirmación persoal, de elaboración dun pensamento propio. Eludir a submisión, é dicir, exercer a liberdade de razoar e vulgar sen a tutela doutros, é así mesmo unha forma de salvación. E esa experiencia é propiciada pola lectura.

*A súa labor de divulgación dos libros e a literatura mereceu o Premio Feria del Libro de Granada*

*e o Premio Andalucía de Fomento de la Lectura 2002. Ademais é autor da exposición itinerante "Amar leer" e sostén o blogue "Discreto lector". É innegable o papel dos mediadores en relación ao tema que nos traemos entre mans. Cal considera que é o papel do profesorado en relación á lectura? E o das familias?*

O profesorado ten encomendada a tarefa de asegurar que todos os nenos aprendan a ler e escribir axeitadamente e afiancen as súas capacidades de comprensión. É un labor que corresponde a todo o profesado, independentemente da súa especialidade. Pero non é responsabilidade exclusiva deles. A colaboración das familias nesa tarefa é esencial. Sabemos que os alumnos que medran nun ambiente onde os libros e a lectura forman parte das prácticas cotiás aprenden máis rapidamente a ler e escribir, e desenvolven con máis firmeza as capacidades de comprensión lectora. Non obstante, ese contexto familiar non é o predominante. Por iso, nas aulas debe garantirse o que nos fogares non sempre pode facerse. Cando o binomio escola-familia actúa ao unísono os beneficios para o alumnado son inmediatos.

*Centrándonos na institución educativa, cal é a función da bi-*

*"Penso que a aprendizaxe dos alumnos iría mellor se se sustentase en textos de libros antes que en libros de texto."*

**biblioteca escolar na formación de lectores?**

Os lectores fórmanse lendo textos, todo tipo de textos, e gran parte deses textos están depositados nas bibliotecas. Esta case ofensiva obviedade convén recordala de vez en cando para evitar desorientacións. As bibliotecas escolares non son, polo tanto, un complemento senón un fundamento. Penso que a aprendizaxe dos alumnos iría mellor se se sustentase en textos de libros antes que en libros de texto. A función primordial das bibliotecas escolares é polo tanto a promoción do coñecemento e a garantía do acceso de todo o alumnado aos textos necesarios. Debería ser a estación de chegada ou o punto de partida de calquera itinerario intelectual. Serve ademais de instrumento de compensación con respecto aos alumnos en cuxos fogares non abundan os libros ou son infrecuentes as prácticas lectoras.

**A este respecto, a LOE ten realizado achegas interesantes en relación á biblioteca escolar e a lectura. Cal é a súa opinión?**

A LOE supuxo un avance, aínda que tímido, con respecto ás bibliotecas escolares e a lectura. De entrada, admitiu que as bibliotecas son esenciais na formación do alumnado e recoñece, polo tanto, a súa relevancia pedagóxica. Iso é moi importante. Agora ben, unha mención, aínda sendo necesaria, pode quedar en puro discurso se as administracións públicas, os centros escolares e o profesorado non se comprometen seriamente co desenvolvemento das bibliotecas escolares. De pouco serve o recoñecemento se logo non hai recursos para dotalas de fondos, se os claustros se despreocupan do seu funcionamento e o seu progreso, se escasean os profesores dispostos a encargarse delas, se non se implementan proxectos lectores... Un marco por si só non constitúe un cadro.

É necesario un lenzo. E ese lenzo hai que pintalo día a día.

**A lectura é unha responsabilidade educativa, pero non só; como se debería apoiar máis alá do recinto escolar?**

Evitando que alguén, debido á súa condición familiar ou o seu ámbito cultural, quede excluído dos dons do coñecemento. Ese foi o significado primixenio das bibliotecas públicas e ese debería seguir sendo o significado de calquera acción comunitaria en favor da lectura.

**O seu último libro *10 ideas clave sobre la animación a la lectura*, co que acadou o Premio Telémaco 2009, semella reivindicar -de novo- a expresión "animación á lectura" que algúns substituíran por "fomento da lectura" ante el mal uso que se fixera da primeira. Que opina?**

A verdade é que o título foi unha proposta da editorial, que eu aceptei sen reservas pola oportunidade que me ofrecía de situar o concepto de "animación" no contexto histórico e cultural do que procedía e eliminar no posible as falsificacións posteriores. Parecíame oportuno destacar a orixe claramente social e política da 'animación', que en relación coa lectura significaba dar a oportunidade de acceder aos libros a miles de cidadáns privados dese don. Ese foi o sentido primixenio da "animación á lectura", o de estimular a ler persoas historicamente apartadas desa práctica cultural. Lamentablemente, moitas frivolidades posteriores degradaron o seu significado orixinal.


**Que nos fai lectores? Que nos afasta da lectura?**

Fainos lectores comprender que a lectura afecta nalgunha medida á propia vida, que ler é unha experiencia que abre máis do que pecha e que suma máis do que resta. Sentírense receptivos e dispostos a descubrir e asu-

mir, define os bos lectores. E esa condición pode comezar coa voz doutro lendo en voz alta un conto. E non só no fogar, tamén nas aulas. Compartir lecturas forma lectores. E que nos afasta da lectura? As imposicións, a falta de sentido, a labia, a insinceridade, a pedantería...

**Por que é necesaria a lectura literaria, xusto no momento actual, cos seus condicionantes sociais e educativos?**

A literatura non é, en si mesma, portadora de ningunha virtude indubidable. Unha fermosa novela pode marcar a un lector e deixar indiferente a outro. E un poema vulgar pode ser inesquecible para uns e inadmisibile para outros. É a lectura persoal o que outorga sentido a un texto. E nese caso, a soberanía é sempre do lector. Sucede, non obstante, que hai textos literarios que pola súa intensidade ética e emocional, propician máis o coñecemento e o sentimento. Porque ler é, sobre todo, lerse e se se ignora esa calidade da lectura achícase en parte a experiencia de ler. Penso, por iso, que hai tamén que ensinar a ler literatura, aínda que a continuación debo advertir contra os riscos. Non hai inimigo máis mortífero para a literatura que o academicismo.





Para rematar, que actitude das persoas mediadoras resultaría máis efectiva para contaxiar o gusto pola lectura?

O entusiasmo, a convicción, o exemplo, a modestia, a cooperación, o estudo, a veracidade...

Semella que a mellor maneira de colocar a palabra fin a esta conversa é recoller o fermoso texto co que Juan Mata agasallou ás bibliotecas escolares galegas, con motivo do Día do Libro 2010.

Somos seres dotados para a linguaxe e grazas a ela e con ela construímos o que somos. Temos por iso unha inesgotable confianza nas palabras, no seu poder para argumentar e emocionar, para persuadir e civilizar. Coas palabras elaboramos mundos, teorías, relacións, ficcións, leis, sonos..., aínda que tamén con elas podemos destruír, danar, enganar ou confundir. É por iso que, entre outras misións, confiamos nas palabras para defender as virtudes e as recompensas da lectura. Estamos convencidos de que se acertamos nas descricións, as metáforas ou os razoamentos poderemos orientar aos escépticos ou os indiferentes cara aos libros, impulsalos a descubrir os gozos que outros descubriron antes.

Eu, aínda que gran parte dos días me mostro seguro da forza das palabras para invitar a ler e procuro ser consecuente, non poucas veces dubido de que a reiterada apoloxía da lectura poida despertar curiosidade, ánimo ou paixón polos libros. É posible mostrar realmente a alegría dende a que un fala cando defende a lectura dun libro? Que perciben en verdade os outros cando observan o meu entusiasmo ou o meu silencio ditoso? Entenden os meus argumentos ou dan o mesmo significado a palabras como emoción, pracer ou fantasía? Neses días indecisos penso que é imposible traspasar a outros a íntima felicidade que un sentiu lendo un poema, un

*“Compartir lecturas forma lectores”*

ensaio, un conto, unha novela. O titubeo non impide, non obstante, a perseveranza.

É por iso que sempre preferirei a discreción do exemplo á barandada dos discursos. Se me presento ante un grupo de nenos límite a abrir un álbum ilustrado e lelo con delicadeza e fervor, se estou en fronte de adolescentes non lles falo nin como un colega nin como un académico senón como alguén que coa súa idade descubriu nos libros o que a vida lle ocultaba, se debato cos meus alumnos procuro inculcarlles amores antes que deberes cara aos libros, se traballo con profesores aléntoos a actuar sempre como lectores antes que como eruditos, se me dirixo a nais ou pais intento facerlles ver a importancia de ofrecer modelos e estímulos, se converso con outros lectores sobre un libro non oculto os meus pensamentos pero non os erixo en verdade. Non sei se esa actitude é convincente, se axuda ou non a crear lectores, pero penso que actúo como deberían actuar sempre os lectores, sen arrogancia, sen conciencia de superioridade, procurando regalar o único que nos está permitido: o testemuño dunha alegría, a manifestación dunha experiencia singular cun conxunto de palabras que alguén armou para nós, aínda que o seu rostro nos sexa descoñecido ou a súa vida transcorrese hai milenios ou o seu cuarto diste centos de quilómetros do noso.

# O modelo regresivo e ilegal do Decreto 79/2010, de 20 de maio



Alba Nogueira López

Profesora titular de Dereito Administrativo  
Universidade de Santiago de Compostela

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia foi finalmente publicado mantendo elementos significativos das tachas de inconstitucionalidade e ilegalidade apuntada polos órganos consultivos aos que fora sometido o proxecto – nomeadamente as citadas polo Consello Consultivo de Galicia-. O Decreto é unha norma de inferior rango cás leis e tratados internacionais, e en varios puntos viola o principio de xerarquía normativa establecido no artigo 9 da Constitución.

Catro son os aspectos máis conflictivos:

- A regresividade do modelo, que vai contra o mandato de progresividade do uso do galego no ensino do art.13.2 da Lei de Normalización Lingüística.
  - A inexistencia dunha oferta educativa “en” galego, de acordo cos compromisos ratificados da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias.
  - A violación do dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna, de acordo co art. 13.1 da Lei de Normalización Lingüística.
  - A posibilidade de os/as estudantes alteraren a programación educativa utilizando “nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia” (art.12.3 Decreto) poñendo en perigo o coñecemento do galego “nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán” (art.14.3 LNL).
- a) Un modelo contrario á progresividade no uso do galego no ensino.

As políticas de normalización lingüística son políticas finalistas, no sentido de que deben ir orientadas a un obxectivo do

uso en igualdade das dúas linguas oficiais, removendo os obstáculos que poidan existir para ese fin. As normas que regulan a lingua son, por tanto, normas de resultado encamiñadas a conseguir ese obxectivo de xeito progresivo.

Esta progresividade debe ir medrando en intensidade, coa única limitación no seu alcance de conseguir o obxectivo de normalización. En tanto non se produza unha situación de igualdade real das linguas, xustifícanse medidas de discriminación positiva para corrir a situación de desigualdade. É evidente que os estudos sociolingüísticos, os datos estatísticos e a avaliación do sistema educativo indican que o galego segue sufrindo unha situación de desigualdade e que experimenta un retroceso sostido nos novos falantes. Tal progresividade e intensidade, como xa indicamos, non é cuestión de horarios senón de consecución do fin de igualdade real –e non puramente formal– e competencia plena en galego e castelán. A configuración progresiva do coñecemento das linguas propias tería como límite a exclusión do castelán ou a consecución do obxectivo final da normalización lingüística entendida como igualdade real das dúas linguas.

Sendo este o obxectivo da normalización no ensino, resulta evidente que un decreto que establece límites regresivos ao uso do galego no ensino (menos da metade das materias, excluído o inglés e, no seu caso, outras materias impartidas en lingua estranxeira), sen ter conseguido o fin de normalización, viola o principio de progresividade fixado polo art.13.2 da LNL.

**b) Violación do principio de xerarquía normativa ao non dispoñer de liñas “en” galego de acordo coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias.**

Un modelo en que tan só algunhas materias se oferten en galego

era o que tiña Galicia antes do Decreto 124/2007. Este sistema de ensino do galego, cara ao que volve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, foi desbotado polo Comité de Expertos do Consello de Europa no primeiro proceso de avaliación da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, no que mesmo se establece como conclusión final que “el Comité de Expertos alienta a las autoridades competentes a establecer modelos educativos en gallego para la enseñanza preescolar, primaria y secundaria, de conformidad con los compromisos específicos contraídos en estos ámbitos”. Resulta por iso sorprendente que o Decreto 79/2010 pareza querer interpretar o cumprimento da CELRM como un obxectivo a longo prazo tal e como se desprende da lectura da Disposición adicional Quinta.-Avaliación dos resultados: “Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.

Os compromisos da Carta non son dispoñibles para a Xunta de Galicia nin en canto á súa interpretación, nin na súa periodificación. O Reino de España podía ter subscrito compromisos menos esixentes para o conxunto das linguas ás que se lle aplica ou mesmo para o galego, mais non o fixo. A “plena aplicación” da Carta da que fala o Decreto 79/2010 prodúcese pola súa ratificación e non pode ser violada por unha norma xerarquicamente inferior. Pola posición que os tratados internacionais ocupan na xerarquía normativa, o Decreto 79/2010, como norma de desenvolvemento da ordenación

lingüística do sistema educativo, debe incorporar os compromisos adquiridos. A dicción da Carta é clara e precisa en canto ao nivel de compromiso establecido para o galego, que se ten que traducir en sistemas de inmersión en galego. A inexistencia dunha oferta neste sentido constituiría unha tacha de ilegalidade do Decreto por violación do principio de xerarquía normativa.

**c) Violación do dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna.**

A Lei de normalización lingüística establece o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna. As normas regulamentarias que desenvolvan a LNL deben fixar o concepto de primeiro ensino e, tamén, como se garante ese dereito, que habería que harmonizar co principio de non-separación en aulas diferenciadas con carácter xeral.

O Art.5.3. do Decreto establece: “Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna”. Non se garante con esta regulación, polo tanto, o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna senón tan só que esta se “terá en conta”. Unha redacción coma esta, combinada coas previsións de uso da lingua maioritaria da contorna do art.5.1, non permite deducir que o alumnado recibirá o ensino na súa lingua materna nin sequera cando sexan obxecto de atención individualizada. Ábrense ás portas a que o profesorado teña en conta esa lingua materna, isto é sexa consciente de que ten unha lingua distinta da maioritaria da aula, pero non se establece a obriga de uso desta lingua de acordo co dereito establecido pola Lei de Normalización Lingüística.

O modelo de determinación da lingua materna escollido pola Xunta de Galicia consistente nunha pregunta en que as únicas opcións de resposta son galego ou castelán resulta moi distancia-

do dunha vontade de coñecer a realidade sociolingüística ou de atacar os prexuízos existentes. Correspóndelle, en todo caso, á Administración educativa fixar a lingua vehicular das aulas e garantir o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna. Os dereitos recoñecidos polas leis, ademais, non poden ser sometidos a votación condicionando o seu exercicio á decisión doutros país e nais por un sistema de maiorías.

**d) Deber de coñecemento das linguas oficiais, competencia lingüística e alteración polos estudantes da programación educativa.**

Un dos aspectos máis discutibles no plano xurídico, sen entrar no asentamento de prexuízos que consolida, é a regulación contida no art.12.3 en relación coa posibilidade de os estudantes empregaren nas manifestacións orais e escritas a lingua que escollan: "3. En todas as áreas, materias ou módulos, agás nas sinaladas no parágrafo anterior e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurárase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo".

O uso dunha lingua polo estudiantado forma parte da programación educativa en tanto que permite a adquisición da competencia lingüística requirida nas dúas linguas oficiais. A competencia non é puramente pasiva –escoitar o mestre/a– senón que esixe a capacidade de falar e escribir correctamente de acordo cos obxectivos de cada etapa. Esta evidencia de que a forma de aprender linguas é mediante o uso e non con modelos puramente pasivos é ademais unha esixencia da lexislación básica estatal en materia educativa. A Lei Orgánica de Educación, nada máis e nada menos que no seu artigo 2, fixa como un fin do sistema educativo estatal "a capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras". Queda claro que constitúe un dos fins esenciais do sistema educativo a comunicación, non unicamente a comprensión, nas linguas oficiais. Nos diversos artigos dedicados a cada unha das etapas educativas insístease como un obxectivo da etapa na adquisición dunha competencia nas linguas oficiais apropiada para o nivel educativo correspondente. Todo iso acompañado por unha previsión (art.19.2 para a educación primaria e, en termos semellantes, o art.26.2 para edu-

cación secundaria ou o art.35.2 para o bacharelato) de que "Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las áreas de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, las tecnologías de la información y la comunicación y la educación en valores se trabajarán en todas las áreas". Existen, por tanto, competencias transversais que deben ser traballadas en todas as áreas entre as que se sinala en posición destacada a expresión oral e escrita.

Unha interpretación conxunta destes preceptos conectada cos fins xerais de competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais indican claramente que o currículo escolar ten unha obriga de resultado –a adquisición de competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais– que se desenvolve de xeito transversal e que ten, fundamentalmente, unha manifestación na expresión oral e escrita.

Sendo a fixación do currículo competencia dos poderes públicos e constituíndo a expresión oral e escrita nas dúas linguas oficiais, de acordo coa Lei Orgánica de Educación, un fin do sistema educativo e unha competencia básica a adquirir por todos os estudantes, non é esta unha cuestión dispoñible que poida ser sometida a unha decisión dos estudantes subtraéndose da programación do sistema educativo.

O Decreto 79/2010 non pode por tanto pretender consagrar unha exención da competencia básica oral e escrita nas dúas linguas oficiais –como certamente sucederá, tal e como revelan datos estatísticos oficiais e enquisas científicas– se pode excluírse totalmente o uso activo dunha das dúas linguas excepto na clase desa lingua como materia. Tal regulación violaría as previsións da LOE e da LNL, normas de rango superior, convertendo en ilegal







Autor: Xaquín Marín

esa previsión por contraria ao principio de xerarquía normativa.

e) A inconstitucionalidade da deixación pola Administración educativa das súas funcións de programación educativa e da imposición por grupos de pais de elementos curriculares a outras familias.

O desenvolvemento dun dereito de elección da lingua docente –como fixo o modelo de ensino vasco– ten que partir de dúas premisas: a plena adquisición da competencia nas dúas linguas e a posibilidade real de elección para os pais e nais entre os diversos modelos existentes.

Como se encargou de recordar o Consello Consultivo de Galicia no seu Ditame: “Someter a configuración dun dereito fundamental a votación, con deixación da función de programación xeral do ensino que compete aos poderes públicos, infrinxe os preceptos constitucionais contidos no arts 3 e 27. É certo que

no apartado 5 do artigo 27 CE se alude á “participación efectiva de todos os sectores afectados”; non obstante, isto non ampara que a dita función dependa exclusivamente da vontade vinculante das familias e vulnera o principio de competencia organizativa no ensino, en canto supón unha abdicación da dita competencia á que alude o citado precepto constitucional, e que, así mesmo, se desenvolve en distintos preceptos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación”.

Ningunha lei autonómica pode facer deixación por parte dos poderes públicos da súa función de programación do sistema educativo xa que, directamente, sería inconstitucional por violación do art. 27 da Constitución. Tamén choca co dereito de educación como un dereito de liberdade a pretensión de configuración legal dun dereito de imposición da lingua vehicular das materias por unhas familias ás outras. Se non existe oferta de modelos lin-

güísticos distintos na educación, a posibilidade de que a decisión sobre a lingua na que cursan materias uns nenos a poidan adoptar as familias doutros estudantes –do mesmo curso ou mesmo de cursos anteriores, dada a intención de que a escolla se mantéña invariable varios anos–, pugna coa interpretación do art. 27 da Constitución efectuada polo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo.

# A crise económica, o estado de benestar e a educación



Miguel Vázquez Freire

Profesor de ensino secundario

A actual e gravísima crise económica está a ser utilizada polos ideólogos neoliberais para relanzar o ataque contra o Estado de Benestar que parecera perder forza tras os excesos dos “neocom” e os esperpénticos últimos anos de Bush –aos que, entre nós, poderían sumarse os do segundo goberno Aznar–. Cando a crise estourou con toda a súa máxima virulencia, alzáronse voces, mesmo entre os máis conspicuos defensores do Estado mínimo, advertindo de que o capitalismo –nada menos!– precisaba ser reformado. Mesmo o presidente dos empresarios españois recoñecía que por unha vez tamén el aceptaba que naquelas circunstancias a intervención do Estado era necesaria. Necesaria, claro, para salvar os bancos. Salvados estes, retorna de novo o discurso neoliberal: privatizacións, adelgazamento do Estado, desmantelamento das institucións sociais e das políticas asistenciais. É neste contexto onde cómpre situar os debates de política educativa, tanto arredor da tensión entre comprensividade e segregación, como sobre os modelos pedagóxicos.

## ESPAÑA, FINLANDIA E PISA

Un dos argumentos favoritos dos críticos co modelo comprensivo, que en España se pretendeu poñer en marcha mediante a LOXSE, é atribuír a esta lei os malos resultados obtidos por España nos programas PISA de avaliación dos sistemas educativos internacionais. A inconsistencia desta crítica xa ten sido posta de relevo en varios lugares (ver referencias) e eu limitareime a lembrar aquí tan só un dato. Como é sabido, o país que acada os mellores resultados en PISA é Finlandia. Porén, cal é o modelo educativo que caracteriza o sistema escolar deste país? O comprensivo!

Paul Robert, director dunha Escola Primaria en Francia, formou parte dunha visita de expertos

educativos que no ano 2006 se desprazou ao país dos lagos para comprobar in situ as causas do seu éxito. Como resultado desa visita, publicou un artigo que vén de aparecer recentemente en versión portuguesa (ver referencias). A súa lectura ten que resultar desconcertante para cantos teñan seguido as críticas á LOXSE en España. As mesmas razóns que os detractores desta colocan como orixe da –suposta– catástrofe educativa española son recoñecidas por Robert nas escolas finesas como causa do seu bo quefacer: a progresión automática de nivel –non existe avaliación no sentido de “aprobado” ou “suspenso” ata os 13 anos, a escala de notas a partir desa idade vai do 4 ao 10, tendo sido proscrito o 0–, a radical descentralización que permite unha gran autonomía aos centros escolares, a gran liberdade do alumnado para seleccionar o seu propio currículo, a maior importancia concedida á aprendizaxe comprensiva e ao desenvolvemento afectivo do alumnado fronte á transmisión de coñecementos en materias disciplinares específicas...

Acaso o texto de Robert –en 2008 ampliou o artigo en forma de libro: “La Finlande un modèle éducatif pour la France? Les secrets de la réussite”– ten sido acollido con unánime aceptación en Francia? En absoluto. Desde a década dos oitenta do pasado século, a “querela da escola” – título dun libro do filósofo Alain Finkielkraut aparecido en 2007– enfrenta dous bandos aparentemente irreconciliables: dun lado, os “pedagogos” –bando no que cumpriría situar a Paul Robert–; doutro, os defensores da “escola republicana”, dentro do cal están a xogar un papel moi activo filósofos como Régis Debray, Henri Pena-Ruiz ou o propio Finkielkraut. A comparación co caso francés parece especialmente ilustrativa porque, coído eu, debería permitir revisar certos tópicos do noso propio debate. Neste sentido, pérome particular-

mente valioso atender aos argumentos dos “neo-republicanos”, posto que os dos “pedagogos” son no fundamental os mesmos que aquí manexaron os defensores da LOXSE e manexan aínda hoxe os movementos de renovación pedagóxica.

### OS ARGUMENTOS DOS NEO - REPUBLICANOS

Nun breve artigo non é posible concentrar toda a complexidade deses argumentos –para ver un panorama xeral, é útil o último número da revista “Le Philosophoire”, ver referencias– pero permitiráseme que destaque tres puntos. En primeiro lugar, afirmase que as reformas educativas postas en marcha polos equipos ministeriais dos últimos gobernos –en Francia non se apreciaría diferenza entre as políticas de esquerda e as de dereita, algo ben distinto do observable en España– constituirían un ataque contra a escola meritocrática e humanista, influenciado por modelos educativos e sociais de orixe anglosaxona. Mais, se, por unha banda, o “pedagogismo” se fundamentaría nunha pretensión de cientificidade que se pon en cuestión, por outra, a adaptación dos obxectivos educativos ao novo contexto social, coa que se xustifican as reformas, non procuraría outra cousa que acomodar a formación escolar aos intereses do desenvolvemento económico capitalista, o que implicaría, dunha parte, formar técnicos –e de aí o desprezo da formación humanística–, doutra, facer consumidores acrícos.

En segundo lugar, a maioría dos neo-republicanos coinciden en denunciar o papel xogado polos chamados “sociólogos da sospeita” –Bourdieu, Paseron, Dubet–. A teoría da reprodución, defendida por Bourdieu e compañía, ao insistir en probar que a escola incumpre a súa función declarada de igualdade de oportunidades lexitimando así a división clasista, tería contribuído á desvalorización da institución

escolar sen ofrecer ningunha alternativa viable a cambio. Como consecuencia, estaríase a favorecer o traballo da dereita de desmontaxe da escola republicana para introducir, baixo xustificacións máis ou menos pedagóxicas a favor dunha autonomía dos centros, unha efectiva privatización do sistema escolar francés –moi diferente do español: en Francia a escola privada é minoritaria– e mesmo un debilitamento do tradicional laicismo, punto no que insiste especialmente Henri Pena-Ruiz.

Finalmente, a crítica da escola meritocrática en base a un igualitarismo vago e inalcanzable, tería contribuído a un descenso do nivel de esixencia, no currículo escolar e nos criterios de avaliación, e en definitiva a unha “igualación polo baixo” que, no canto de favorecer os fillos das clases desfavorecidas, como se quereda facer crer, consolidaría a súa situación de marxinalidade. Neste punto, hai notables diferenzas entre os chamados neo-republicanos. Para algúns –así, o matemático Laurent Lafforgue, promotor dunha activa campaña anti-reformas, ben acollida ao parecer en amplos sectores do profesorado– do que se trataría esencialmente sería de recuperar a vella tradición escolar francesa que o “pedagogismo” estaría a destruír, o que leva á promoción dun programa que se asemella significativamente ao “retorno ao básico” da política educativa reaganiana. Outros, como Henri



Pena-Ruiz, non negan o fundamento de certas críticas contra o elitismo do sistema educativo francés, pero non aceptan que este elitismo deba ser corrixido reducindo o nivel de esixencia, senón promovendo medidas compensatorias para os sectores desfavorecidos –bolsas, apertura de bibliotecas nos barrios, axudas ás familias–.

### CIDADÁNS FRONTE A CONSUMIDORES

Sen dúbida, a crítica do chamado pedagogismo aparece revestida dun maior fundamento no caso francés respecto do debate español. Non é o mesmo a defensa do modelo educativo tradicional cando este se identifica coa escola republicana laica, que cando esta remite... á escola franquista. En todo caso, non me parece que os argumentos dos neo-republicanos estean enteiramente faltos de razón, nin moito menos. O preocupante é a ausencia dun auténtico diálogo entre os dous bandos. Como moi ben di Antoine Prost –léase a entrevista en “Le Philosophoire”– os anti-pedagogos na súa maior parte ignoran os textos dos pedagogos. Pero témome eu que tampouco desde os movementos pedagóxicos haxa unha auténtica vontade de enxergar que pode haber de fundamentado nas críticas recibidas.

Non hai espazo para desenvolver isto en profundidade así que se me permitirá, polo momento, formular tan só un apuntamento xeral, que nos leva de novo, e xa para rematar, á cuestión do Estado de Benestar. Este modelo de Estado é o resultado da loita dos sectores sociais desfavorecidos, a través da presión das súas organizacións –partidos de esquerda, sindicatos– e mobilizacións, para conseguir unha redistribución da riqueza en forma de servizos públicos institucionalizados. A escolarización xeral e obrigatoria é unha das conquistas capitais desa loita e constitúe un dos núcleos do Estado de

Benestar. Agora ben, como por exemplo ten posto de relevo o sociólogo alemán Claus Offe, na consolidación do Estado de Benestar éntrase inevitablemente nunha dialéctica potencialmente perversa, na que colabora a presión do capitalismo ao converter en reclamacións de servizos por parte duns consumidores o que debería ser contemplado como exercicio cidadán duns dereitos. Así, no caso da educación, o cidadán–consumidor esixe cada vez máis: ampliación da escolaridade obrigatoria, prazas escolares antes e despois da etapa obrigatoria, ampliación do tempo de estancia nos centros e dos servizos proporcionados –bibliotecas, comedores, transporte, actividades complementarias–. Isto, por si mesmo, implica xa un problema obvio: o dos límites dos recursos do propio Estado, algo que se fai particularmente ostensible nos momentos de crise.

Pero, ademais, a perspectiva do alumno e da súa familia como “consumidores” dunha oferta no “mercado” educativo, e non como cidadáns que exercen o dereito á educación, favorece que estes non asuman que o seu dereito implica tamén un deber. Eles pagan –a través dos impostos– por un servizo, de acordo. Pero, cal é ese servizo? Non, desde logo, que o fillo ou filla deba “pasalo ben” nas aulas, tampouco que deba aprobar se non o merece. O seu dereito non consiste niso. Reflexionar sobre a natureza dese dereito e os seus límites pode axudar a revisar os problemas da comprensividade.

A esquerda, con razón, pon o acento na igualdade. A dereita retruca salientando a “calidade” –obsérvese a conxerxencia do epíteto coa terminoloxía mercantil– e a “excelencia”. Os neo–republicanos, pola súa banda, lémbrennos que a igualdade non pode obterse co custo de que a educación perda a súa auténtica natureza, isto é, a construción duns procesos de ensino e

aprendizaxe nos que, se é certo que os responsables do primeiro –o profesorado– non sempre acertan e poden ser lexitimamente obxecto de crítica e revisión, os suxeitos do segundo –o alumnado– poden chegar a fracasar sen que ese fracaso deba ser necesariamente atribuído aos primeiros ou ao “sistema”. A recuperación da responsabilización e conseqüente responsabilidade do alumnado na actividade educadora probablemente é un dos elementos que o igualitarismo pedagóxico debería revisar.

A pregunta final, para a que agora non hai espazo de propor unha resposta, ben podería ser esta: como evitar que a crítica da escola efectivamente existente derive, non na súa mellora, senón no seu simple desmantelamento? Respecto disto, os neo-republicanos franceses teñen razón nunha cousa: nos tempos de vacas fracas, como estes o son, a esquerda –toda a esquerda– debería saber defender o bo, que tanto custou conquistar, antes de se arriscar a perdelo por acadar o –hipoteticamente– mellor.

### REFERENCIAS:

- LAFFORGUE, L. *Défense de l'école et politique; Peut-on sauver l'école?*, prólogo ao libro do mesmo título de Jean Paul Riocreux. Estes dous textos poden consultarse en: [www.ihes.fr/~lafforgue/textes/ecoleetpolitique.pdf](http://www.ihes.fr/~lafforgue/textes/ecoleetpolitique.pdf) e [www.ihes.fr/~lafforgue/education.html](http://www.ihes.fr/~lafforgue/education.html).
- LE PHILOSOPHOIRE. *Laboratoire de philosophie*. Nº 33, primavera 2010.
- ROBERT, P. (2010): *A Educação na Finlândia. Os segredos dun sucesso*. Edições Afrontamento, Porto.
- VARIOS (2005): *El informe PISA: análisis crítico*. En Aula de Innovación Educativa, nº 139, febreiro. Editorial Graó.
- VARIOS (2008): *La evaluación PISA en ciencias*. En Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales, nº 57, xullo. Editorial Graó.



# Uns cantos argumentos para elixir.

A Universidade da Coruña forma parte dun sistema europeo formado por 46 países con titulacións compatibles. Ofrece 38 titulacións de grao con validez no espazo europeo de educación superior e 46 mestrados oficiais de posgrao de todas as áreas do coñecemento.

A Universidade da Coruña fomenta a internacionalización dos seus estudantes mediante convenios de mobilidade con máis de 40 países e prácticas en empresas europeas.

É unha das tres principais universidades españolas en atracción de alumnos, que aumentan cada ano.

A Universidade da Coruña está entre as cinco mellores universidades españolas en rendemento académico.

A inserción laboral dos titulados da Universidade da Coruña supera a media universitaria española.

A porcentaxe media de inserción laboral en menos dun ano é do 72%. A maior parte dos titulados da Universidade da Coruña ten postos directivos ou técnicos.

A Universidade da Coruña promove un desenvolvemento creativo. Máis da metade do seu profesorado ten entre 30 e 49 anos.

A investigación é fundamental para a docencia de calidade. Conta cun importante catálogo de investigadores e con Parque Tecnolóxico.

A Universidade da Coruña aumenta cada ano as axudas para os estudantes.

Dispón dunha completa infraestrutura e de todos os medios tecnolóxicos actuais para lle facilitar o estudo ao alumnado.

Fomenta a formación integral con programas específicos de cultura, deporte, cooperación, igualdade, medio ambiente, linguas e tecnoloxía.

## O máis importante para ti? Farémolo posible

Envíanos o teu argumento para elixir universidade. O que ti decidas, necesites ou creas fundamental. Incluirémolo na nosa lista de prioridades.

Evolucionamos contigo.

[comunicacion@udc.es](mailto:comunicacion@udc.es)

[www.udc.es](http://www.udc.es)

# Terras de Friol



Blanca Castro Gerpe  
Profesora de xeografía e historia

José María Carricoba Armesto  
Profesor de lingua galega,

CPI de Friol

## OS INICIOS DO PROXECTO

A idea de facer este proxecto, nace froito da casualidade. Os dous profesores que o estamos levando a cabo, o mestre de Lingua Galega mais eu, profesora de Xeografía e Historia, decidimos sumar esforzos, pois partíamos dun interese común. Fartos de oírle dicir ao alumnado de Friol “aquí non hai nada”, puxémonos en marcha para demostrarlles que en ningures “hai nada”. Por entón, de Friol coñeciamos pouco máis que o noso centro de traballo e os principais reclamos turísticos do concello, como a Torre de San Paio de Narla ou a feira do queixo e pan de Ousá. Comezamos a percorrer parroquias, recoller información, perdernos mil veces, enlarmarnos polos camiños... e nace “Friol, algo máis que pan e queixo”.

Por outra banda, e ademais do interese persoal en sacar adiante o proxecto, sentímolos tamén como una obriga moral, pois nunca se chega a coñecer a un alumnado se previamente non coñecemos os seus referentes culturais máis inmediatos, ao tempo que este traballo nos permitiu un maior achegamento á comunidade á que pertencen.

## OBXECTIVOS

O obxectivo central do proxecto é a dignificación do patrimonio material e inmaterial de Friol. En torno a isto xira todo o demais. O alumnado é para nós unha parte activa no traballo, pois apórtanos moitos datos que descoñeciamos, e pónennos en marcha sobre novas pistas. A súa colaboración é para nós fundamental, e ademais, e iso si que o vemos como un éxito rotundo, conseguimos espertar neles novos intereses, que comezaran a falar cos maiores na recollida de lendas (a tradición oral en Friol é riquísima), que fotografaran todo aquilo que consideraran de valor, que aprenderan cousas novas e valoraran e interpretaran todo o que ata entón para eles non era máis que cousas vellas ou contos de maiores.

Ademais, o proxecto permitiunos enriquecer as nosas clases ao ter a Friol como referente en diferentes disciplinas. Partindo do xeral ao concreto, ou viceversa segundo os casos, podemos contextualizar cada temática no referente máis inmediato, á par que Friol é visto polo alumnado como un concello a ter en conta.

### DESENVOLVEMENTO

Para sacar adiante o proxecto é imprescindible percorrer o concello, coa dificultade que isto supón, non só porque se trata dun concello moi grande, senón tamén para compatibilizar o noso horario laboral co traballo de campo. Sempre que as circunstancias meteorolóxicas o permitan (aínda que xa houbo saídas con circunstancias adversas e máis dunha boa molladura), procuramos como mínimo facer unha saída semanal, tanto para fotografar como para obter información oral. Despois sistematizamos a información recollida, contrastámola coa escasa bibliografía que hai referida ao concello, actualizamos datos xa publicados, e ao ser posible, ampliámoslos.

A hemeroteca foi un recurso de indubidable valor para reconstruír a historia recente do concello, labor que aínda non fixo máis que comezar. Con todo, aínda temos moito que rastrexar no arquivo histórico ou no arquivo diocesano de Lugo, para poder abordar novas incógnitas que van aparecendo a medida que avanzamos. Empezamos con este proxecto en outubro do ano 2008, e nunca imaxinamos chegar onde chegamos en tan pouco tempo.

### ESTRUTURA E CONTIDOS

Todo o relacionado co concello de Friol ten aquí cabida: prehistoria, historia, arte, lendas, costumes, crenzas, ditos e refráns, cancionero local, personaxes, xeografía, economía, emigración, fotografías antigas (Friol en branco e negro), romarías, lendas, construcións populares... Se ben hai aínda moitos temas

apenas abordados, pero que comezan a ser esbozados.

Outro apartado interesante é a aportación de material gráfico e de documentación por parte do alumnado, que aínda que de momento é escaso, esperamos que co tempo chegue a irromper con máis forza. Entre este material figuran fotos antigas ou documentación sobre a guerra civil, e que forma parte dun traballo de recollida de testemuñas aínda vivas sobre aspectos relacionados con esta época.

Ademais abríronse proxectos colaterais onde o alumnado ten un protagonismo incuestionable, como foi a creación dun grupo de teatro que xa realizou dúas actuacións. Unha no curso pasado, titulada "A serpe da cova", baseada na famosa lenda local da Cova da Serpe, e que foi representada na fortaleza de San Paio de Narla, no Centro Sociocultural de Friol e no Museo de Lugo. No presente curso xa representaron uns monólogos en clave cómica no Centro Sociocultural de Friol. Na actualidade, están preparando unha nova representación teatral titulada "As Damas do Narla" (tamén baseada na historia dos Seixas, señores de San Paio, e na lenda local do asasinato de Dona Catarina de Santirso), que será representada de novo na Torre de San Paio e, en Lugo, dentro das XI Xornadas de Artes Escénicas organizadas polo concello de Lugo. Os textos e a montaxe, evidentemente, corre ao noso cargo.

Tamén se creou un blog paralelo, que baixo o título "Novos e vellos no Campo da Feira", está destinado ao uso exclusivo do alumnado e feito coa finalidade de que incluíran nel os seus propios artigos relacionados con Friol. Con todo, e debido a limitacións técnicas, o blog de momento é bastante inoperativo, pois é pouco o alumnado que dispón de Internet na casa, e menos, dun Internet de calidade

### VALORACIÓNS E CONCLUSIÓNS

Consideramos o proxecto un éxito, pois entre os obxectivos básicos que perseguíamos figuraban: espertar o interese polo propio e o espírito conservacionista da identidade, impedir a perda da memoria histórica, revalorizar os referentes próximos desde unha óptica universal, involucrar ao alumnado na procura de todo tipo de datos que contribuirán a enriquecer o coñecemento do máis próximo e sentir o orgullo de pertencer a unha comunidade con riqueza propia.

Case non hai semana na que non se nos achegue algún alumno ou alumna con datos novos: unha lenda contada polos avós, unha foto dunha construción antiga ás veces maltratada polas vicisitudes do paso do tempo, unha pena con lenda, unha casa con historia, unha historia con misterio... Non sempre son datos aproveitables, aínda que case sempre si o son (só necesitamos dar credibilidade a todas as aportacións para despois tirar do fío e poñer orde ao recollido).

Como anecdotario poderíamos citar centos de exemplos, pero quedamos co que para nós foi simbólico: rastrexando unha casa-torre medieval, a do Fidalgo en San Martiño de Prado, demos cunha casa invadida pola vexetación, esquecida polo tempo e a memoria. A silveiras ocultaban a parte máis emblemática: un relevo medieval cunha bésta. A segunda visita que fixemos á casa, estaba limpa de silveiras. Un veciño contounos que os alumnos/as foran vela en máis dunha ocasión, e que el mesmo optou por limpar a fachada das silveiras que ocultaban o relevo. Volveunos varias veces. De momento, o relevo permanece visible, exhibindo con orgullo un pasado que non se debe esquecer, e grazas a un veciño anónimo que, movido pola curiosidade de visitantes imprevistos, decidiu intervir onde "patrimonio" non intervéen. Este humilde feito é para nós un logro simbólico.

# O papel dunha educadora no ámbito rural. Intervención no concello de Xermade



Manuela Vilaboy Romero

Pedagoga de Servizos Sociais  
Concello de Xermade

Xermade é un concello rural da provincia de Lugo; ten unha extensión de 167 km. , repartidos en dez parroquias. Está situado na Terra Chá, limitando cos concellos de Monfero e As Pontes da provincia da Coruña, e Muras, Guitiriz e Vilalba.

A poboación nestes momentos é de 2.255 habitantes, dos cales 916 persoas son maiores de sesenta anos, o que supón un 40,62% da poboación. Así, 518 son mulleres (22,97% da poboación) e 398 son homes (17,65%).

Os servizos sociais municipais contan cun traballador social, unha pedagoga e, desde o mes de outubro de 2008, tamén durante un ano cunha auxiliar administrativa, que xestiona o Banco do Tempo, e cun animador sociocultural.

A porcentaxe tan elevada de poboación envellecida fixo que a intervención que se viña facendo desde o Programa de Intervención Familiar con familias –preferentemente con menores, como regulaban ata hai uns anos as Ordes da Consellería– se ampliase para atender a outros grupos de poboación que estaban en situación de risco ou podían estalo.

En Galicia o Programa de Educación Familiar naceu no ano 1994 regulado por unha orde da Xunta de Galicia para a súa subvención, encadrado dentro da prestación básica Familia e Convivencia. En Xermade desde ese mesmo ano houbo por iso unha educadora no concello, aínda que de xeito discontinuo.

O Programa de Educación Familiar (PEF) consiste nunha intervención social individualizada de carácter integral en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou risco. Unha intervención que atende tanto a actuacións socioeducativas como asistenciais e de inserción sociolaboral, para o que se



realizan diagnósticos individuais de cada familia.

As funcións dos/das técnicos en intervención familiar, recollidas na normativa deste ano son as seguintes:

- Intervención personalizada con familias con diferentes necesidades, especialmente con aquelas que se atopan nunha situación social máis complexa.

- Intervención grupal para reforzar as competencias e habilidades traballadas nas actuacións individualizadas con diferentes membros das familias.

- Intervención educativa na comunidade, poñendo especial énfase na colaboración con outros programas comunitarios que primen a inserción social dos membros da familia en contextos de aprendizaxe.

- Detección temperá de necesidades educativas nas familias, atendendo á especial relación de coordinación coas escolas infantís e os centros educativos da zona.

- Deseño, posta en marcha e avaliación dos proxectos individualizados de intervención social coas familias e de programas preventivos e comunitarios en colaboración con entidades públicas e/ou de iniciativa social.

- Incorporación da perspectiva de xénero no traballo realizado coas familias.

- Emisión de informes sociofamiliares, nos que se recollan os datos da intervención profesional levada a cabo coa familia.

- Coordinación con outros axentes que se relacionen coas familias desde outros ámbitos.

- Promoción do acceso das familias ás redes e recursos comunitarios.

Di a norma que os proxectos recollerán actuacións nas áreas de funcións, roles e responsabilidades das familias, habilidades e competencias parentais, educa-

ción para a saúde e afectivo-sexual, formación para o emprego, seguimento escolar e prevención do absentismo escolar, vivenda, etc., acordos coa diagnose realizada de cada núcleo familiar. Así mesmo, incluírán un sistema de indicadores que permita a valoración continua e final da intervención social realizada.

### ACCIÓNS CON MENORES EN XERMADE

Á parte das actuacións propias do Programa de Educación Familiar (PEF), algunhas das actividades que realizamos en Xermade están relacionadas coa poboación infantil, intentando integrar aqueles nenos e nenas que forman parte do PEF.

Desde o ano 2006 celebramos o entroido ao longo dos días vacacionais, durante catro horas diarias, con obradoiros e xogos relacionados con esta época do ano. Como no resto das actividades, buscamos unha finalidade educativa, aproveitando este tempo de ocio para facilitar aprendizaxes que incidan na formación integral dos nenos e nenas e que amplíen os seus coñecementos arredor do entroido. Así mesmo, celebramos o baile-concurso de entroido de adultos cos seus premios correspondentes.

Igualmente, desde o 2006 no mes de agosto programamos o Campamento Rural Infantil que, igual que o entroido, ten carácter socioeducativo. Ao longo de dez días os nenos e as nenas fan xogos, obradoiros e saídas como ao Aqua Park de Cerceda, a Ribadeo ou a Malpica. Nestes días promovemos a convivencia e a relación con outros nenos e nenas que veñen doutros concellos.

#### Obxectivos:

- Ofrecer espazos educativos grupais que favorezan o desenvolvemento integral das/os nenas/os dentro do seu medio

durante o tempo libre, previndo situacións de risco.

- Mellorar a calidade de vida infantil favorecendo a participación social e o asociacionismo, estimulando a integración da poboación infantil no desenvolvemento da comunidade.

- Ofrecer alternativas á ocupación do tempo libre fóra da perspectiva estritamente consumista que se nos ofrece.

- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo un espazo infantil educativo, de ocio e tempo libre en períodos vacacionais.

- Coñecer a xeografía galega e o seu patrimonio cultural.

Realizamos tamén obradoiros de expresión corporal e psicomotricidade: trátase de incidir na educación das capacidades sensitivas, perceptivas e expresivas dos nenos e das nenas, a partir das sensacións do propio corpo e das relativas ao mundo exterior. A través do movemento corporal prodúcese multitude de sensacións sobre o ton muscular, a respiración, a posición relativa dos segmentos corporais, etc. A través de diferentes actividades tratouse de promover unha forma de vida non sedentaria e de estimular as capacidades motrices de cada neno/a.

#### Obxectivos:

- Promover hábitos de vida saudables.

- Desenvolver a motricidade.

- Coñecer e fomentar diferentes formas de actividade física.

- Estimular un autoconcepto equilibrado.

Nos obradoiros de creatividade traballáronse contidos relacionados coa educación para o consumo, para a igualdade, para a convivencia e a educación ambiental. Trátase de estimular os nenos mediante estratexias críticas e racionais de pensamento, así como de mobilizar o seu in-

terese pola ciencia e as diversas manifestacións culturais da humanidade, a través de diferentes actividades que estimulen o desenvolvemento da motricidade fina, formas de pensamento complexas e o interese polo que sucede ao noso arredor.

#### Obxectivos :

- Estimular a coordinación viso-manual.
- Coñecer o medio inmediato desde diferentes perspectivas.
- Fomentar o interese polo que sucede na realidade.
- Desenvolver as capacidades de razonamento e pensamento abstracto.
- Desenvolver habilidades comunicativas e manuais.
- Estimular a creatividade e sensibilidade estética.
- Fomentar actitudes racionais cara o consumo.

Desenvolvemos os obradoiros de xogos populares, xoguetes tradicionais, mans creativas, técnicas de estudo, mass media (informática e Internet).

#### ACCIÓNS PARA A IGUALDADE

En materia de igualdade contamos co I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Xermade, no caso de Servizos Sociais, e á parte dos obradoiros, conmemoramos o día 8 de marzo –Día Internacional da Muller– e o 25

de novembro –Día Internacional Contra a Violencia de Xénero– polo seu significado, pero no caso do concello de Xermade o obxectivo é sensibilizar á poboación, en particular sobre a violencia de xénero.

No Día Internacional da Muller fixemos unha xuntanza de máis de 100 mulleres coas que realizamos charlas como:

- A autoestima na muller.
- Cómo xestionar e dinamizar unha asociación de mulleres.
- Lecturas sobre a Igualdade.

Continuamos cunha cea de confraternización, baile e un sorteo de agasallos.

#### Pretendemos con isto:

- Implicar as mulleres de Xermade nas actividades do Concello.
- Promover a relación entre as dúas asociacións de mulleres rurais do Concello.
- Recoller as inxedanzas e preferencias de cara á realización de actividades.
- Ofrecer un día lúdico ás mulleres do noso concello
- Celebrar o día 8 de marzo e que se coñeza o seu significado.

Unha das actividades que moveu a un número considerable de persoas foi a organización dun partido solidario contra a violencia de xénero. Fixemos dous equipos de fútbol sala feminino, con 27 mulleres, que adestraron durante varios meses para xogar un partido benéfico, cunha recadación que se entregou a unha asociación que traballa en prol das mulleres maltratadas. O lema desta campaña foi "Stop á violencia de xénero". Cada xogadora, os adestradores e o árbitro levaban este lema nas súas camisetas. As xogadoras levaban unha palabra en positivo contra a violencia sexista.

Ao mesmo tempo, tivemos unha xuntanza coas directivas dos cin-

co equipos de fútbol-campo do concello e colaboraron na campaña "Di non á violencia de xénero" levando impreso ese lema nas súas camisetas.

#### Buscamos con isto:

- Implicar o deporte do Concello nas actividades de Igualdade entre homes e mulleres.
- Sensibilizar a toda a poboación sobre a problemática do maltrato.
- Facilitar a través das tarxetas teléfonos de interese no caso de consultas ou casos de maltrato.
- Promover a través da información e da sensibilización a denuncia das desigualdades entre homes e mulleres e a violencia de xénero.
- Eliminar prexuízos a través da práctica dun deporte basicamente exercido por homes, no que os propios homes son os protagonistas "en positivo" desta actividade.
- Ocupar o tempo libre e/ou de ocio das mulleres.

Este ano realizamos dous obradoiros nos meses de novembro e decembro, un sobre desenvolvemento persoal –autoestima– e outro sobre hábitos de vida saudable.

#### ACCIÓNS COAS PERSOAS MAIORES

Os obxectivos da intervención xerontolóxica son realmente incrementar ou manter a autonomía, previr a dependencia e favorecer o envellecemento activo, entendendo como tal o proceso de "optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida a medida que as persoas envellecen" (OMS), sendo conscientes de que debemos combater a soidade, o illamento social, o analfabetismo e a falla de educación, o abuso contra as persoas de idade avanzada, e a exposición a situacións de conflito aumentan enormemente os



riscos de discapacidade e morte prematura nas persoas maiores.

No ano 2006, despois de levar xa algún tempo detectando estas e outras necesidades na poboación en xeral e na maior en particular, comezamos un proxecto de dinamización para este colectivo.

Neste concello non contabamos con oferta socioeducativa por parte da administración local para a poboación, co cal a xente que desexaba acudir a cursos, obradoiros, charlas... tiña que desprazarse a outros concellos ou ás actividades que realizaban as distintas asociacións de veciños e veciñas das parroquias.

Así comeza este proxecto no que algúns dos obxectivos eran:

- Motivar as persoas maiores a participar nas actividades do Concello.
- Loitar contra o illamento e o encerro sobre un/unha mesmo/a.
- Satisfacer a necesidade de divertirse.
- Educar para favorecer o mantemento da saúde.
- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das súas familias.
- Manter ao máximo os lazos sociais e as relacións da persoa maior co seu medio.

Os espazos onde se desenvolven os distintos cursos, obradoiros e charlas son os das asociacións de veciños e veciñas e os propios do concello.

Ao principio foi un traballo de recompilación de bibliografía, de formación, e de entrevistas con persoal de centros de maiores. En primeiro lugar convocamos a unha xuntanza as asociacións do concello de cara a presentarles este novo proxecto e coñecer as súas necesidades e intereses, xa que isto iría ligado ao éxito das actividades que propoñemos. Fixemos reunións informativas

nas parroquias para explicar o proxecto. Elaboramos un folleto informativo de Servicios Sociais, cos programas, técnicos, horarios, teléfonos, etc, e un cuestionario para repartir nos domicilios co fin de coñecer de primeira man o que a xente necesitaba e quería, cales eran as demandas para empezar por aí as nosas actividades.

Dese cuestionario saíron os primeiros cursos que fixemos no ano 2006 relacionados coa saúde:

- Obradoiro de memoria durante dous meses –en cinco parroquias– con 55 persoas participantes.
- Obradoiros de relaxación cunha duración dun mes, no cal participaron 17 persoas.
- Obradoiro de educación para a saúde, onde participaron en 4 parroquias, durante dous meses, 78 persoas.

Empezamos con estes tres cursos coa intención de que a xente fose facendo a continuación as súas propias demandas. Así, nos meses posteriores continuamos con actividades variadas relacionadas coa saúde como xerontoximnasia ou risoterapia e un obradoiro de elaboración de candeas.

Fixemos un intercambio de maiores co concello de Vedra, onde implicamos a outros axentes da comunidade: coro parroquial, grupo de gaitas, artesanía de madeira... Primeiro visitamos nós os maiores de Vedra e logo amosámoslles a eles o noso concello. Outra das excursións que realizamos foi ao V Salón Galego dos Nossos Maiores –Galisenior– en Ourense.

Así mesmo, comezamos a realizar charlas nas distintas parroquias. Ese ano comezamos a colaborar co Proxecto “Vacacións en Paz” e para dar conta das características destes acollementos impartíuse unha charla en abril.



Outras charlas versaron sobre o Alzheimer e timos e fraudes no medio rural.

No ano 2007 fomos ampliando a diversidade de cursos, obradoiros e actividades, entre as que incluímos educación vial, continuamos con relaxación e xerontoximnasia, memoria, o obradoiro de Maquillaxe de entroido, o obradoiro de contacontos, a animación á lectura, cestería, cocina micolóxica, risoterapia, decoración de Nadal, fotografía, decoración de salón, pintura e debuxo, teatro, ioga e reciclado de xoguetes. Cada unha destas actividades tiña a súa razón de ser, ou ben porque se detectaba na poboación a necesidade de realizar algún destes cursos ou ben porque había unha demanda expresa.

En 2008 continuamos con algunhas destas actividades: bailes de salón, pintura e debuxo, teatro, ioga, xerontoximnasia, velas decorativas. Atendendo a que na parroquia de Roupas tiñamos un obradoiro de teatro –realizado alí pola tradición que tivo esta disciplina ao longo do tempo– invitamos a un grupo de teatro dun centro de maiores. Meses despois actuaron conxuntamente os dous grupos de teatro do concello no Día do Teatro.

Entre as actividades máis demandadas pola xente incluíanse as de saúde, polo que ofertamos un ciclo de charlas ao longo de todo o ano e repartido nas distintas parroquias: Alzheimer,

Primeiros auxilios, Alcoholismo, Fibromialxia, Cancro, Coidados do pé, Esclerose múltiple, Chan pélvico, Demencias, Alimentación ecolóxica, Herdanzas, testamentos e sucesións, Iniciación aos regulamentos dos espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e Sexualidade en persoas maiores.

En 2009 as actividades que realizamos nas distintas parroquias foron: bailes de salón, ioga, memoria, arte floral, poda e xardinería, cestería, e nestas actividades houbo anotadas 244 persoas, máis as 16 que ían ao SPA de Vilalba cada 15 días.

Nalgúns casos a proposta de actividades, non sendo demandada, faise co fin de dar a coñecer outras alternativas ás persoas e de abordar temas como o da sexualidade, que non propoñen abertamente debido a toda clase de mitos, tabús e prexuizos que aínda dominan.

Pouco a pouco, o concello de Xermade foise abrindo á poboación de xeito que nestes momentos facemos unha intervención con menores, mulleres, maiores e a poboación en xeral. O traballo socioeducativo faise con toda a poboación aínda que cando empezamos a intervención neste concello nos atopamos cunha poboación moi dividida, no senso de que cada un ou unha é da súa parroquia. Non consideraban o desprazamento a outras parroquias para facer actividades. Así que unha das tarefas que considerabamos imprescindible foi a de facer mover a xente, as relacións interparroquiais. Hoxe podemos dicir que é un obxectivo conseguido, que temos actividades nas que se xuntan veciños e veciñas de cinco parroquias distintas. Engadirei que tamén seguimos contando cun número importante de persoas que aínda que quixeran non se poden desprazar a outras parroquias por diversos motivos, por iso é que cando comezamos este proxecto, e nas reunións

coas asociacións, chegamos ao acordo de que sería importante descentralizar as actividades co fin de que a xente que non teña medios de transporte poida participar igualmente nos obradoiros.

Por outro lado, falamos en distintas ocasións das asociacións de veciños e veciñas. No caso de Xermade foi e é de gran utilidade a relación fluída que existe entre o concello e as asociacións. Isto favorece o intercambio de información e a colaboración entre organismos que traballamos no mesmo sentido pola mellora da calidade de vida da nosa cidadanía.

### UN CURTO BALANCE

Todas as actividades que mencionamos ao longo desta exposición son publicitadas nos medios de comunicación –prensa, radio e televisión– e elaboramos e colocamos carteis informativos que se envían a asociacións de veciños e veciñas, empresas, bares... Ademais, infórmase á poboación enviando a todos os domicilios información sobre as distintas actividades.

A modo de conclusión quero comentar a importancia que teñen este tipo de actividades para a poboación en xeral e para as persoas maiores en particular, xa que os dous obxectivos máis importantes son a prevención e a intervención. Ao longo de toda esta exposición falamos dun xeito ou doutro de prevención, constatado tamén polas familias das persoas maiores cando nos argumentan que o seu pai ou a súa nai están mellor desde que acoden aos cursos, ou que se amañan mellor, ou que se queixan menos das súas doenzas. Outros casos afirman que melloraron as relacións maritais dunha parella maior con problemas de alcoholismo e autonomía. En xeral, a poboación do concello de Xermade neste momento fai demandas máis concretas. Durante estes meses

de obradoiros podemos asegurar que tivemos mobilizada unha parte importante da poboación: arredor de 300 persoas participaron nas distintas actividades convocadas.

Remato a miña exposición dando as grazas á Revista Galega de Educación por darme a oportunidade de poder expoñer o traballo que se fai nun pequeno concello rural e agradecerlles a todos e todas vostedes a súa lectura.





# EXPERIENCIAS

## Unha ollada cara ao pasado

M<sup>a</sup> Ángeles Vidal López  
M<sup>a</sup> Dolores Vázquez Camino  
M<sup>a</sup> Fé Taboada Fernández  
M<sup>a</sup> Nélica Fernández Pernas  
Sandra Otero Lemos

Grupo de traballo do CEFOR de Santiago

Este traballo levouse a cabo con nenos de 3, 4 e 5 anos, en tres centros diferentes, dous de ámbito urbano e un semiurbano, do concello de Santiago de Compostela, centrouse nun tema diferente e novidoso, tanto para nós como para os nenos e as nenas: “os personaxes mitolóxicos da cultura celta e a natureza”.



Para achegalos a esta nova temática partimos da relación existente entre o mundo fantástico e as nosas raíces culturais. Utilizamos para facelo mitos, lendas, contos e personaxes fantásticos, que se converteron nunha máquina xeradora de emocións, imprescindibles para que os nenos e as nenas analizasen e sintetizasen toda a información acadada, de forma que ao final deste proceso puidesen dar resposta a todas as interrogantes propostas.

Así, trouxemos ás nosas aulas a presenza doutros tempos e culturas. Cremos que as historias, os lugares e os acontecementos, aínda que afastados no tempo e no espazo, se son abordados dende as ideas e os descubrimentos dos nenos, pasan a ter unha proximidade relativa e facilitan o interese deles por coñecelos.

### OBXECTIVOS

Os obxectivos que nos propuxemos desenvolver neste proxecto foron:

- Buscar e comunicar información sobre o tema.
- Mellorar o proceso de reflexión individual e colectiva.
- Recoñecer distintos aspectos da natureza.
- Iniciarse no coidado e respecto da natureza.
- Coñecer personaxes mitolóxicos como posibles transmisores de valores.
- Recoñecer símbolos celtas.
- Distinguir as características xerais dun castro.
- Gozar coas novas tecnoloxías.

- Valorar os propios traballos e os dos demais.

### FASES DO PROXECTO

Comezamos este proxecto cunha fase de motivación: un día chegamos á nosa clase e vimos que había cousas desordenadas. De súpeto, observamos unha carta e algo enrolado que a acompañaba. Era o debuxo dun personaxe estrano –un druída– e unha carta na que se falaba do mundo celta e da natureza.

De seguido, falamos sobre o sucedido, lemos a carta e fixemos o noso panel de coñecementos preguntando: que sabemos?, que queremos saber? e onde atopalo? A medida que os nenos e as nenas ían traendo información da casa, e coa aportada polas mestras, fomos completando o panel.

Comezamos así, o noso “Libro dos Personaxes Mitolóxicos” no que tratamos os druidas, os elfos, os gnomos e o meigo Merlín. Todos eles espertaron moito interese xa que nós, as mestras, preparabamos as nosas aulas utilizando elementos sorprendentes, que xeraban grande expectación.

Todos estes personaxes aparecían na clase precedidos dunha carta de presentación na que tamén se facía mención ao coidado e respecto pola natureza. Unha vez lidas, comentadas as cartas e analizada toda a información que posuíamos de cada personaxe, desenvolviamos unha serie de actividades, entre as que se atopaban o debuxo libre, a escritura do nome do personaxe con letras móbiles ou utilizando distintos programas informáticos, a descrición oral e escrita das características de cada un, a escritura de cartas aos personaxes...

Os dous tipos de personaxes que suscitaron maior interese para o noso alumnado foron os gnomos e o meigo Merlín. Cos gnomos aprendemos como vivían, o que medían e tamén nos ensinaron a facer o noso disface do entroido e un zume especial. O meigo Merlín visitounos, falounos da importancia do coidado e respecto á natureza e tamén nos ensinou a facer unha apócema máxica na que se utilizaban distintas plantas, que despois estudamos.

Un día escribíronnos unha carta todos estes personaxes, na que nos falaban doutros nenos e nenas de distintas escolas pedíndonos que, entre todos, confeccionásemos un conto.

A segunda parte do proxecto centrouse na natureza. Para iso fixemos un herbario con plantas medicinais no que se podía ver, ademais dunha pequena mostra, a foto e o nome común e científico de cada planta, así como as súas características e propiedades.

Xa que para os celtas a natureza era algo moi importante, por ser fonte de vida, decidimos confeccionar o calendario celta da nosa aula, no que cada

nenos estaba asociado a unha árbore en función da súa data de nacemento. Ademais tamén falamos de como podiamos axudar a coidar a natureza e despois confeccionamos unha serie de actividades informáticas, fomentando estas actitudes.

Rematamos o noso proxecto facendo un pequeno estudo sobre os castros e os símbolos celtas, no que afondamos en aspectos como formas, situacións, significados dos símbolos e materiais.

### AVALIACIÓN

Tivemos en conta todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe no momento de realizar a avaliación da experiencia. Para observar se a aprendizaxe estaba sendo significativa e, polo tanto, permitía mobilizar os coñecementos e habilidades dos nenos e das nenas, avaliáronse capacidades como a de observación, manipulación, experimentación, diálogo e reflexión, dunha forma global, continua e formativa. Ademais, ao rematar o traballo realizamos una avaliación final, onde se valorou o grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.

Por outra banda, durante a posta en práctica deste proxecto tamén realizamos una avaliación inicial que nos permitiu pescudar os coñecementos previos dos nenos.

A técnica utilizada para avaliar foi a observación directa e sistemática, tamén anotamos determinados aspectos relacionados cos criterios de avaliación, que previamente nós tiñamos formulados. Entre eles: reconece as características dos personaxes traballados, identifica algúns símbolos celtas, comeza a entender a necesidade de coidar e respectar a natureza...

Para avaliar o proceso e a nosa propia acción observamos determinados aspectos como a obxectividade á hora de programar os obxectivos, contidos e actividades, se os materiais eran adecuados, motivadores... ou o grao de implicación das familias.



### CONCLUSIÓNS

Na educación infantil tense normalmente a crenza de que os temas que deben ser tratados nas aulas poden ser única e exclusivamente aqueles máis achegados ás vivencias infantís, por consideralos os máis apropiados para despertar o interese dos nenos. Nós pensamos, despois desta experiencia, que calquera tema pode ser tratado en educación infantil, sempre e cando se adapte ás idades e intereses dos nenos e se parta dunha organización na que estean presentes a motivación, a fantasía e o xogo.

Partindo da premisa anterior traballamos o coidado da natureza por consideralo un aspecto fundamental que debese ser tratado en todas as etapas educativas, polo tanto tamén na educación infantil. Nesta etapa créanse as bases fundamentais que despois guiarán as nosas vidas, e que axudarán a formar persoas adultas responsables en todos os ámbitos, tamén no coidado e respecto pola natureza.

Por último, queremos dicir que todo este traballo sería incompleto e difícil de levar a cabo se non tivésemos a axuda e a colaboración familiar, xa que todo o aprendido debía ser aplicable nos dous ámbitos máis importantes na vida dos nenos: a escola e a familia.



# Conectando mundos



Equipo de Educación de Intermón Oxfam  
Galicia

A imaxe da escola xa non se pode representar unicamente como a dun espazo físico. Empeza a aparecer unha rede dixital, que está modelando, pouco a pouco, un novo esqueleto arquitectónico ao que debemos estar moi atentos. A introdución das tecnoloxías da internet no interior das aulas presenta un gran abano de posibilidades metodolóxicas, de fortalecemento da relación entre comunidades e de xestión do coñecemento que se xera no propio centro educativo.

Estamos pensando na escola entendida como unha rede humana formada por pais e nais, profesorado e alumnado interactuando, ensinando e aprendendo. Estámomos referindo a persoas que pensan que o traballo en equipo e o intercambio de opinións é fundamental para conseguir os obxectivos da comunidade educativa, que cren que na escola se xera coñecemento, e que este coñecemento é un dos seus activos máis importantes.

Son xa numerosos os grupos que traballan xuntos desde os lugares máis afastados do mundo, e son capaces de comprender os puntos de vista de todos e de enriquecerse mutuamente con visións amplas da realidade, cada vez menos local e cada vez máis universal.

Dentro deste contexto, "Conectando mundos" xorde como un espazo educativo alternativo que se desenvolve a través dunha plataforma on-line multilingüe en 7 idiomas, que promove a participación e o intercambio entre estudantes de diferentes realidades culturais, económicas e sociais. O seu obxectivo é iniciar procesos de traballo cooperativos, participativos e democráticos a través das novas tecnoloxías. Diríxese a estudantes de Primaria e Secundaria e está organizado en comunidades de aprendizaxe diferenciadas por idades: 6-8 anos, 8-10 anos, 10-12 anos, 12-14 anos e 14-17 anos.



A actividade naceu no curso 2003-2004, e ten abordado diferentes problemáticas sociais como os dereitos laborais, o cambio climático ou a pobreza. Inicialmente só participaban centros educativos españois, pero as últimas cinco edicións xa se desenvolveron no marco dun consorcio internacional o que implicou a interacción con escolas de todo o mundo. No pasado curso participaron centros de 24 países. A proposta educativa de cada edición xira arredor dun tema de interese vinculado á cidadanía global.

Os obxectivos que nos formulamos co *Conectando mundos* van desde facilitar unha experiencia de participación política, onde rapaces e rapazas teñen a oportunidade de coñecer diferentes ferramentas democráticas, ata favorecer o diálogo intercultural entre os participantes de medios sociais e xeográficos diferentes, dotando un espazo de traballo –a través das TIC– que promove a colaboración entre alumnado e profesorado de escolas e institutos de diferentes localizacións xeográficas, para fomentar o coñecemento mutuo, compartir realidades diversas e descubrir problemas comúns.

A actividade consta de varias fases:

**Módulo para o profesorado:** Este módulo ten como obxectivo que o profesorado se familiarice co medio virtual e coas actividades didácticas para o alumnado. Ofrecense, ademais, espazos de participación e reflexión a través dos cales descubrir os puntos comúns que os diferentes centros educativos teñen no traballo de promover no alumnado unhas actitudes solidarias.

**Actividade co alumnado:** Os alumnos e alumnas traballan conxuntamente as propostas educativas na aula e nos espazos telemáticos da plataforma virtual a través de comunidades de aprendizaxe organizadas por

idades e en foros virtuais. Partindo dunha estrutura común, cada un dos 6 ciclos –Ciclo Inicial, Medio Superior, primeiro e segundo ciclo de ESO e Bacharelato– disporá dunha proposta específica con contidos propios e un conxunto de ferramentas de comunicación. Os equipos de traballo son de aproximadamente 15 grupos-clase.

- **Traballo na aula:** As actividades están concibidas para ser realizadas por Internet, pero teñen o seu complemento necesario na aula. Queremos que os e as participantes saiban debater e chegar a puntos de encontro cos e coas participantes virtuais e, sobre todo, cos seus compañeiros e compañeiras de clase. A través do debate e a reflexión, búscase elaborar un compromiso colectivo que contribúa á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.

- **Intercambio e debate na rede:** Este activo axúdanos a crear diferentes comunidades de aprendizaxe, nas que se agrupan alumnos e alumnas dunha mesma idade provenientes de puntos xeográficos diferentes. Nestas comunidades, e grazas a ferramentas de participación, o alumnado pode comunicarse co resto dos e das participantes e realizar así actividades de carácter colaborativo.

**Encontros presenciais:** A actividade finaliza cun encontro presencial de representantes de centros que participaron na actividade telemática. Este encontro é unha oportunidade para atoparse e coñecerse entre si, compartir a experiencia e facer públicos os traballos realizados e as conclusións extraídas na actividade.

A pasada edición de “Conectando mundos” centrouse en migracións e desenvolvemento dos pobos, abordando as causas e as consecuencias que ten o proceso de migrar na vida das persoas e no seu medio, e formulando



aquelas actitudes e compromisos que debemos asumir –a nivel persoal e colectivo– para contribuír á construción dunha sociedade aberta, diversa e solidaria, baseada no respecto recíproco entre persoas de distintas procedencias.

Nestes momentos estamos a traballar na edición 2010-11. Toda a información actualizada pódese atopar en: [www.conectandomundos.org](http://www.conectandomundos.org)





# Recursos do contorno

O Castro de Vigo

Centro Arqueolóxico do Barbanza-  
Castros de Neixón

Araceli Serantes Pazos  
Facultade de C. da Educación  
Universidade da Coruña



Presentamos dúas experiencias para achegar os escolares e o público interesado ao mundo da arqueoloxía e, concretamente, da cultura castrexa. O obxectivo é dobre nas dúas experiencias: por unha banda dar a coñecer os resultados das escavacións que de forma máis ou menos continuada se están a facer nestes dous castros e, por outra banda, documentar parte da nosa historia e divulgala de forma atractiva e científica.

Somos conscientes de que en Galicia é o Museo de Viladonga o referente inescusable, mais optamos por presentar dúas iniciativas talvez menos coñecidas, ao tratarse de proxectos de carácter local. No primeiro, o Castro de Vigo, a asociación viguesa Diálogos 90 premiou a coordinadora do proxecto, Matilde González Méndez, como "Galega Destacada 2010" polo traballo desenvolvido. No caso do Castro Neixón elixímolos por ser pioneiro.

### O CASTRO DE VIGO

**Propietario:** Concello de Vigo

**Xestor:** Concello de Vigo

**Enderezo:** Monte do Castro s/n. Vigo

**Teléfono:** 986 29 50 70

**Período de apertura:** Martes a domingo (inverno, de 10-14 e 16-18 horas; verán, de 10-13 e 17-20 horas); as visitas organizadas son de martes a domingo de 9 a 14 horas.

**Destinatarios/as:** Grupos organizados, familias e visitantes en xeral.

**Grupos:** Necesario concertar visita.

**Prezo:** Gratuíto

**Contidos:** No monte do Castro atópase a orixe da cidade de Vigo. Neste espazo preséntase musealizado unha pequena parte do que foi este gran castro, que con probabilidade ocuparía grande parte do monte, sendo

habitado durante seis séculos (entre o III a.C. e o III d.C).

No espazo museístico recreáase a vida cotiá, para o que se reconstruíron tres edificacións: dúas vivendas con plantas diferentes e un almacén no que se poden identificar as distintas partes das edificacións e os usos. As vivendas foron ambientadas con utensilios e manequíns que permiten imaxinar a súa forma de vida cotiá.

Durante o percorrido vanse interpretando distintas evidencias que permiten calcular o tamaño, os servizos, o uso da auga, as actividades, os obxectos que utilizaban... nesta poboación.

Por último, destacar que se presenta o castro comparándoo con outros asentamentos do noroeste peninsular, o que permite apreciar as diferenzas e singularidades; tamén se fai unha cronoloxía dos usos do lugar desde o século III a.C ata a actualidade.

**Características das instalacións:** Situado cerca do edificio do Concello de Vigo, no monte do Castro, este espazo musealizado está situado embaixo do mirador, nunha das ladeiras, ás que se accede sen dificultade, ben camiñando, ben con vehículo.

Trátase dun espazo musealizado ao aire libre, no que se poden visitar as réplicas de tres edificacións –que son o núcleo central da visita– e unha pequena parte da escavación que permite entender a forma de vida dos primeiros habitantes do lugar.

Unhas pasarelas de madeira facilitan o acceso, ao tempo que permiten a conservación do xacemento; aínda que cómodas para grupos pequenos, son inapropiadas para actividades de gran grupo.

O espazo carece de servizos e de puntos para beber ou mercar alimentos e líquidos.



Entrada ó espazo musealizado



Diante dunha das réplicas



Interior dunha das vivendas recreadas

**Actividades:** Visitas libres e programadas, tanto guiadas por un monitor experto como autoguiadas, para o que se conta con paneis interpretativos e maquetas.

**Valoración:** É recomendable solicitar a visita guiada pola cantidade de información interesante que facilita o monitor, capaz de adaptarse aos diferentes públicos.

As actividades están baseadas exclusivamente nos restos arqueolóxicos, e non existe polo de agora material complementario, nin vídeos ou outras instala-

cións con información ou actividades complementarias.

As pasarelas son apropiadas para traballar con grupos pequenos pero incómodas con grandes grupos polo que se recomenda organizar as visitas en grupos pouco numerosos.

Os xardíns e espazos arredor do xacemento permiten o descanso ou realizar outro tipo de actividades lúdicas e educativas, como visitar a fortaleza de San Sebastián, interpretar a paisaxe desde o mirador ou actividades no xardín botánico.



**CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA-CASTROS DE NEIXÓN**

**Propietario:** Concello de Lugo

**Xestor:** Concello de Lugo

**Enderezo:** Lugar de Neixón, Nine, s/n. Cespón. 15991 Boiro

**Teléfono:** 981 843 810

**Web:** [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

**Correo:** [centroarqueoloxico@boiro.org](mailto:centroarqueoloxico@boiro.org)

**Período de apertura:** De luns a venres, de 10-14 e de 16-19 horas. Sábados, domingos e festivos de 11-14 e de 17-20 horas.

**Destinatarios/as:** Grupos organizados, familias e visitantes en xeral.

**Grupos:** Concertar previamente a visita guiada.

**Prezo:** Gratuito, tanto o acceso ao centro como ao conxunto arqueolóxico, así como o servizo de monitor.

**Contidos:** Os contidos xiran arredor de tres tópicos: o megalitismo na época Megalítica, o arte rupestre da Idade de Bronce e a cultura castreña da Idade de Ferro.

No discurso deste centro está moi presente o tempo cronolóxico e a razón dos cambios.

O centro nútrese en grande medida das escavacións dos castros, facendo referencias continuas nos contidos ás investigacións e información obtida no traballo de campo.

Existe unha interesante oferta de programas didácticos adaptados aos distintos ciclos educativos. Tamén programas pensados para asociacións, familias e outros grupos organizados. O programa complétase con cursos, coloquios, conferencias e obradoiros que se van desenvolvendo ao longo do ano.



**Características das instalacións:** Situado no litoral da península de Barbanza, no norte da Ría de Arousa, a 7 km. de Boiro. Conta cun centro de interpretación á entrada do conxunto arqueolóxico; o centro é un edificio de nova construción con tres andares –baixo, primeiro e soto– e o conxunto arqueolóxico está formado por dous asentamentos da idade de Ferro –o Castro Grande e o Pequeno–.

No centro atópanse varias salas de exposicións –unhas de carácter permanente e outras itinerantes– unha tenda e unha cafetería. No soto hai un salón no que se proxectan audiovisuais aos grupos organizados, ao tempo que permite recibir os grupos e facer introducións máis teóricas.

Conta ademais cunha biblioteca, un pequeno laboratorio e oficinas de uso interno.

O acceso ata o centro non é excesivamente complicado e está ben sinalizado. Tanto os coches particulares como os autobuses poden aparcarse sen dificultade nun espazo reservado para tal fin.

O acceso ás escavacións pode ter certa dificultade para persoas con mobilidade reducida.

**Actividades:** Ademais de poder facer unha visita libre ao lugar, o centro ofrece a posibilidade de facer visitas temáticas adaptadas aos intereses e características dos visitantes.

A visita guiada ao centro de interpretación permite entender mellor as escavacións e os restos arqueolóxicos dos castros. Recoméndase a visita guiada polo exterior xa que moitas das características máis significativas non resulta doado observalas sen o apoio dun guía experto.

**Valoración:** A exposición permanente permite coñecer de forma amena as tres etapas históricas

das que existen vestixios na comarca: a información é clara e ten moitos obxectos, recreacións e maquetas que permiten entender as características do lugar e dos distintos momentos e culturas.

Recoméndase a visita guiada tanto no centro como nos castros, o que permitirá ao alumnado comprender e gozar dun tema ás veces complicado.

A infraestrutura permite acceder con grupos numerosos, e conta con baños e servizos de cafetería, ademais dunha ampla zona de recreo. Se se planifica unha visita en verán, debe terse en conta que a praia do contorno é tranquila.



Exterior do Centro Arqueolóxico do Barbanza



## A transmisión dos xogos. O caso do frontón de Melide



Manuel Rodríguez Vázquez, *Charrancas*  
Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional

É ben coñecido que, en sentido estrito, o patrimonio lúdico é universal. En todas partes se xoga a case todo. Pero, a diferenza do que sucede cos deportes de masas, que pasan duns lugares a outros por un camiño de aculturación agresiva –se queres xogar ao fútbol na cidade arxentina de Comodoro Rivadavia tes que facelo exactamente igual que se estiveses en Helsinki– o patrimonio lúdico tradicional transmítese por un sistema de aculturación non agresiva. Os xogos tradicionais, nacesen nun lugar ou noutro, practícanse de moi diferentes maneiras en cada grupo social, en cada país, en cada recuncho do mundo. E isto é así –e ese é o seu grande valor– porque cada pobo faíños seus, adáptaos ás súas necesidades e ao seu medio. Imos servirnos do caso do frontón para tratar de exemplificar este –rico– proceso de intercambio lúdico. En Melide hai moi poucas persoas vascas –aínda que co fenómeno da emigración isto xa non é tan certo– pero en Melide xógouse, e xógase, ao frontón. Imos ver a razón.

Podo asegurar, penso que sen risco de me trabucar, que o primeiro frontón cuberto de todo o país foi o do convento dos Padres Pasionistas de Melide. Frontóns había moitos en todos os sitios. Como adoita dicir o afamado coñecedor Karlos Arguiñano, o xogo do frontón é o máis barato que hai, só se precisa unha parede, un xiz e unha pelota, e a xogar!

Calquera parede de igrexa ou minimamente lisa servía para que os rapaces botásemos horas xogando ao frontón. Na Praza do Convento de Melide, contra a parede da igrexa parroquial xogabamos dez ou doce rapaces, case sempre coa man, aínda que co tempo fomos incorporando –debido á influencia dos Padres Pasionistas– pas rudimentarias feitas artesanalmente, literalmente labradas a machado. Lémbrome que cando se perdía unha pelota –ían moitas para o

tellado da señora Mercedes de Pita– sempre tiñamos o recurso de ir á casa de Broz pedirlle unha pelota verde de gorila, que regalaban cando mercabas zapatos deses marcas de calzado. Nunca tivemos problema para que o señor Manuel nos dese unha pelota para continuar o xogo.

Pero o auténtico fenómeno do frontón chegou dende o convento dos Pasionistas. O frontón dos PP.PP. inaugúrase no ano 1968, e un ano antes tamén se abre o instituto de ensinanza media de Melide, co nome de Colegio Libre Adoptado Don Diego Salas Pombo. Vén a conto este dato porque a partir deses datas os internos dos PP.PP. pasamos a ir estudar ao instituto, pois antes examinaban no convento e tiñan capacidade de convalidación. Esta foi a maneira de que o frontón collese tanta auxe en Melide e na súa contorna, pois á parte dos internos, tamén viñan xogar rapaces da vila que ían a pasantías ao convento, xa que sempre foi unha institución de portas abertas para todo o mundo.

O frontón dos Pasionistas era de catro paredes, cunha porta de entrada na máis traseira que se pechaba de maneira corredía. Nesta parede había unha abertura a uns 3,5 metros dende o chao e ata o teito, que era unha maneira de evitar a condensación e aliviar a humidade do inverno. Aínda que non era de medidas totalmente regulamentarias, si estaban ben delimitadas o “falta” e a “pasa”, que eran as liñas entre as que tiña que botar a bóla cando se facía o saque.

Naquel frontón xogáronse moitas onzas de *chiculate* –o das merendas–, cromos, cartos e ata paxaros. Sempre se apostaba nos xogos, máxime neste de fonda raizame en Euzkadi, e nin que dicir ten que os Padres Pasionistas teñen a súa sede central no País Vasco, concretamente en Euba, polo que non debe de estrañar que aquí se construíse o frontón ao que fago referencia.

Xogabamos a tres tantos –o regulamento di a 25– para ter a oportunidade de xogar entre a merenda –ás 6– e a chamada ao estudo –ás 7,30–. Eu tiña unha especial habelencia para este xogo, non por especialmente dotado senón polas horas que lle dedicaba; como non servía para o fútbol, onde sempre me escollían de porteiro pois daquela era grande, decidín dedicarme ao frontón. Tiña, ademais, a vantaxe de que aínda sendo interno, eu era de Melide, e así aproveitaba cando estabamos de fin de semana para voltar ao convento, xa que non había xente. Alí pasaba a tarde do sábado e máis a mañá do domingo despois da misa para xogar co meu mentor e adestrador o Padre Florentino, que aínda que non misase, non era nin “lego” nin “hermano”. Pero estes detalles merecen un á parte, para falarmos da vida dun convento, pois, sen ter nada que ver co “Memorial do convento” de Sara Mago –Esperanza Aguirre dixit– coido que habemos de atopar episodios de grande interese.

O padre Florentino obrigábame a xogar con dúas pas, unha en cada man, e así adestraba a esquerda e máis a dereita. Lembro a cara de satisfacción de Floro cando nos vía gañar case sempre –e non é fachenda– a Lito Mosquera e a min. Lito xogaba de dianteiro, era espelido, intuitivo, rápido como unha donicela, e sempre atento á miña voz. Eu, atrás, firme como un mulo, devolvendo as poucas que se lle escapaban a Lito. Hai que dicir que despachabamos a rapaces de 15 e 16 anos cando nós tiñamos 12, e de aí as gargalladas de Floro.

Nada queda daquel frontón nin daquel convento, culpa da desidia duns e da insensibilidade doutros. E, como xa quedamos emprazados para outros episodios do convento, só me resta lembrarme do padre Florentino que, como o último de “El Álamo”, non marchou para a nova



residencia, que xa estaba feita, ata que destellaron a súa cela do vello convento no que vivira máis de 50 anos. Morreu ao pouco tempo, de pena. No seu enterro estiveron presentes trinta e catro curas e só dous exalumnos.

# Logros e retos da Formación Profesional en Galicia



Antonio Vázquez Vázquez

Profesor

IES de Teis, Vigo

Director Xeral de FP e Educ. Especiais na lexislatura 2005-09

O esforzo común, froito dunha política de diálogo, de consenso e de negociación, posibilitou que no ano 2007 a Xunta de Galicia aprobase o Acordo de Competitividade (2008-2011) asinado polas organizacións sindicais e as organizacións patronais, xunto coa Consellería de Traballo. No acordo establecéronse os eixos fundamentais e, se falamos da FP, temos que subliñar dous: a mellora do capital humano e o impulso á I+D+i. Ambos os aspectos explican e xustifican a necesidade de continuarmos coa potenciación da Formación Profesional, máxime cando os esforzos para saír da crise económica xeneralizada que estamos a vivir pasan, de xeito fundamental, pola potenciación da innovación e pola mellora da calidade na formación dos traballadores e das traballadoras.

## OS INSTRUMENTOS PARA A ACCIÓN E ALGÚNS LOGROS

No momento actual, a Formación Profesional conta con acordos, propostas e normas que nos deben permitir alcanzar no próximo quinquenio o salto cualitativo e cuantitativo que demandan tanto os profesionais deste nivel educativo como a inmensa maioría das traballadoras e dos traballadores de Galicia. Estes documentos son: as Directivas e Recomendacións da Unión Europea, a Lei 5/2002, das cualificacións profesionais e da Formación Profesional, a Folla de Ruta da FP, aprobada polos ministerios de Educación e de Traballo do Goberno central, e o II Plan Galego de FP (2008-2011), aos que lles deberiamos engadir o Plan de Competitividade, xa citado. Deterémonos, de xeito sucinto, en cada un deles.

A Unión Europea estableceu no ano 2000 (Estratexia de Lisboa) como obxectivo prioritario converter Europa na economía máis competitiva e dinámica do mundo, baseada no coñecemento e primando o máximo aproveitamento dos recursos humanos,



dando prioridade á educación e á formación como elementos fundamentais das políticas económicas. Este obxectivo básico foise complementando no tempo e, así, propúxose a necesidade ineludible de potenciar a aprendizaxe permanente (Proceso de Copenhage, 2002), a creación dun Sistema Europeo de Transferencia de créditos para a Formación Profesional (ECVET), coa finalidade de contribuír á aprendizaxe ao longo de vida e a pretensión conseguinte de facilitar e fomentar a mobilidade, incluíndo na formación non só a regrada ou formal, senón tamén a non formal e a informal (Comunicado de Maastricht, 2004), e, como non, a proposta de creación do Marco Europeo de Cualificación para a Aprendizaxe Permanente (EQF), entendido como un instrumento de referencia para todos os sistemas educativos dos países membros, que inclúe uns niveis de referencia descritos en termos de resultados de aprendizaxe, en que cada país debe establecer as equivalencias entre o seu propio sistema de cualificacións e o recollido no EQF (Comunicado de Helsinki, 2006).

Do recollido na Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, débese ter en conta o que segue: as finalidades de conseguir a ordenación dun sistema integral de FP, das cualificacións e da acreditación (artigo 1.1), e de favorecer a formación ao longo da vida (artigo 1.2). Recóllense os instrumentos e as accións do Sistema Nacional das Cualificacións (SNC), é dicir: o Catálogo Nacional das Cualificacións, que terá unha estrutura modular; o procedemento de Recoñecemento, Avaliación, Acreditación e rexistro das Cualificacións; a orientación laboral; e a avaliación de mellora do Sistema Nacional das Cualificacións. Asemade, recóllese no artigo 8 o establecemento dun dispositivo de acreditación e avaliación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, reco-

llendo as acreditacións parciais acumulables. Finalmente, no artigo 6 recóllese a necesidade da colaboración coas empresas, os axentes sociais e outras entidades, citando expresamente as universidades, as cámaras de comercio e outras administracións públicas, e no artigo 11 a creación dos centros integrados, coa finalidade de iniciar unha progresiva integración dos chamados "subsistemas de formación profesional".

A denominada Folla de Ruta, aprobada en outubro de 2008 polos ministerios de Educación e de Emprego, vén ser un compromiso que inclúe unha serie de accións e medidas que pretende desenvolver, tanto disposto na LOE sobre a Formación Profesional como a lei 5/2002, e potenciar a integración dos dous subsistemas de FP.

O II Plan Galego de Formación Profesional é un texto elaborado cunha metodoloxía participativa, e é froito do consenso de todos os axentes sociais e dos departamentos autonómicos que traballan a prol do emprego e da formación de calidade. Para alcanzar mellores resultados, este plan constitúe un instrumento dinámico, fixando obxectivos anuais e avaliando o realizado na anualidade anterior, de xeito que se axuste a oferta formativa en función da demanda produtiva do sector empresarial galego. Ao mesmo tempo, este plan fomenta o autoemprego entre o alumnado de FP, recollendo o importante papel da cultura emprendedora no futuro dun país. Un dos puntos fortes do II Plan Galego é o recoñecemento profesional dos traballadores mediante a acreditación oficial da súa competencia, xusto no momento en que Europa aposta pola aprendizaxe permanente e a mellora e actualización das cualificacións profesionais no camiño cara á creación dun espazo común. Así, a aplicación deste plan debe permitir alcanzar os

5.000 profesionais con certificación oficial.

## OS RETOS

Nesta segunda parte do artigo pretendemos sinalar aqueles aspectos que consideramos necesario desenvolver se queremos que a Formación Profesional poida facer fronte aos retos que a sociedade galega de hoxe lle demanda, e que, en boa medida, na nosa opinión, están recollidos na primeira parte deste texto. Téñase en conta, así mesmo, que a relación de temas que deseguido se recollen, aínda que poidan parecer moitos, non son, nin moito menos, unha relación exhaustiva e que, en todo caso, son os que nos parecen máis salientables e son tratados sucintamente por cuestións de espazo.

Debemos incrementar os esforzos das administracións educativas e laborais dos gobernos central e autonómico na elaboración dos títulos que conformarán o novo Catálogo que, segundo as últimas estimacións, suporá unha oferta total, incluídos títulos de grao medio e de grao superior, duns 140 a 150 títulos. Non se debe dilatar no tempo o proceso de elaboración e, dado que no curso 2008-2009 se empezou a impartir os primeiros seis títulos, sería desexable que no 2010-2011 todos os títulos estiveran xa aprobados e en funcionamento. Cómpre destacar que, do coñecemento dos títulos xa aprobados nos correspondentes reais decretos, hai que subliñar tanto o esforzo, en grande medida conseguido, de atender ás necesidades do mundo laboral, como o de facilitar a correspondencia destes estudos con outros niveis educativos, e nomeadamente cos estudos universitarios, vella demanda que deberá nun futuro, que agardamos próximo, facilitar o transvasamento de alumnado de ambos os dous niveis educativos.

É significativa tamén, e considéramola un acerto, a decisión dos

ministerios de Educación e de Traballo de elaborar os títulos seguindo unha metodoloxía de integración no eixo cualificacións-títulos-certificados de profesionalidade. Este é un paso que vai facilitar a validación, e con iso a "circulación" tanto de alumnado como de traballadores e de traballadoras dun subsistema (regrada-educación) ao segundo subsistema (formación para o emprego-traballo), e viceversa.

A oferta formativa vén sendo un tema moi controvertido pola incidencia de aspectos que, en ocasións, non teñen nada que ver co sistema educativo, o que non supón, en ningún caso, que a súa importancia sexa grande e, polo tanto, que os debemos ter en conta. Estámonos a referir á dispersión da poboación galega, a problemática do transporte escolar e o seu custo elevado, os intereses dos concellos, etc., cuestións que hai que conxugar co funcionamento no curso 2007-2008 de 106 ciclos distintos no ámbito xeográfico galego.

Convén, por tanto, lembrar que desde 1975 houbo dous momentos en que se presentou a oportunidade de reformular a distribución da oferta, e os resultados foron os desexables. A primeira –chamémoslle– oportunidade foi cando, como consecuencia da implantación da LOXSE, os ciclos formativos de grao medio e de grao superior substituíron, respectivamente, a FPI e a FPII; era o momento de redefinir a oferta, tendo en conta

as necesidades económicas das comarcas, pero optouse polo mimetismo do sistema anterior, de xeito que as tres especialidades con máis oferta (administrativo, automoción e electricidade-electrónica) seguiron practicamente nos mesmo parámetros cos ciclos. O segundo momento ou, se se quere, a segunda oportunidade, dáse coa chegada ao noso país do Fondo Social Europeo (FSE), como consecuencia da entrada de España na UE. Neste caso, o ideal tería sido pór en marcha unha rede conectada coas necesidades do tecido produtivo e coa demanda existente, pero a realidade é que o número de ciclos aumentou por presións dos concellos, dándose casos de ciclos que non duraron nin dous cursos ou concellos limítrofes que tiñan a oferta coincidente nun 80 %. Así as cousas, no curso 1997-1998 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborou unha programación na que se pretendía que en 2005 estivesen impartíndose en Galicia 573, pero a realidade foi que no devandito ano se impartían 873 ciclos, distribuídos en 273 centros. No período 2005-2009 reducíronse a 852, e este descenso en aparencia pouco significativo debeuse a unha redución na oferta ordinaria pero cun notable incremento da oferta modular (para persoas adultas). Asemade, no período 2005-2009, co impulso dos traballos de debate e elaboración do II Plan Galego de FP, deseñouse unha distribución xeográfica estruturada en 15 "áreas funcionais" , que vén

sendo unha estrutura supracomarcas. Con esta estrutura fóronse realizando pequenas modificacións da oferta. Consideramos moi conveniente continuar con esta liña, non facelo de maneira ríxida, senón incluíndo novas variantes, como por exemplo a conveniencia de crear subáreas, procurar que a maioría das áreas funcionais contén cun centro integrado de FP, debater con todos os concellos de cada área as necesidades de oferta educativa de FP, e de establecer convenios co empresariado de cada área para desenvolver proxectos de FCT e para que, entre outros aspectos, colaboren no deseño das necesidades de formación, etc.

Como é ben sabido, un dos obxectivos da Unión Europea é conseguir que o 85 % da poboación dos países membros alcancen unha titulación de ensino postobrigatorio. Neste obxectivo é prioritario aumentar o número de alumnos matriculados en FP, tendo en conta que no presente curso académico 2008-2009 son preto de 35.000, e representan 38 % do alumnado galego que cursa niveis de postobrigatoria. Malia a grande dificultade que supón a situación demográfica galega, o certo é que os datos de alumnado que se matriculou no primeiro curso dos ciclos de grao medio e de grao superior aumentaron en cifras absolutas, incremento maior porcentualmente debido ao descenso de poboación en idade de 15 a 20 anos. Porén, este aumento non



garante conseguir o obxectivo marcado pola UE. Por iso, convén persistir en medidas que permitan o aumento de matrícula desexado e requirido por Europa. Apuntamos tres medidas perfectamente asumibles, aínda que supoñan un esforzo adicional en época de crise:

1.- A creación de bolsas para o alumnado que se matricule nestes cursos en función de dous parámetros: situación económica familiar e desprazamento de localidade para poder estudar o ciclo desexado ou no que se obteña praza. Téñase en conta que tal medida non suporía discriminación con respecto ao alumnado de bacharelato, pois agás no bacharelato artístico, a oferta dos restantes bacharelatos existe en máis do 95 % dos concellos galegos, mentres que é imposible ofrecer 140 ciclos no 50 % dos concellos galegos. Doutra banda, con tres millóns de euros, que foi a axuda para a compra de computadores nos anos 2006 e 2007, poderíase aumentar a matrícula nun terzo. Esta medida non é nova noutras autonomías, e algún partido político recollía a proposta no seu programa electoral das últimas eleccións galegas.

2.- Cómpre potenciar os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) como plataforma para que o alumnado que non conseguiu os obxectivos necesarios para titular en Secundaria chegue á Formación Profesional. Dicimos que sexa unha plataforma porque, aínda que, como é coñecido, o alumnado que supera un PCPI consegue unha cualificación de nivel 1 que lle permite inserirse no mundo laboral, non é menos certo que non sería aconsellable nin bo para o país que tivéssemos un número elevado de traballadores e traballadoras co nivel 1 de cualificación profesional. Por iso debe facerse un esforzo para que ese alumnado non se conforme co devandito nivel e procure conseguir o nivel 2, ao que se chega cos

títulos dos ciclos de grao medio, ou o nivel 3 dos ciclos de grao superior. E este esforzo é posible co FSE ata 2011, porque son medidas contra o fracaso escolar e, de feito, este esforzo fíxose no curso 2009-2010, malia non ser, nalgúns casos, entendido nos centros educativos.

Pero tamén cómpre establecer as medidas necesarias para impedir que estes programas se poidan converter na FP de primeiro grao, á que era enviado o alumnado que fracasaba no ensino obrigatorio (que daquela remataba aos 14 anos).

Non debemos esquecer, tampouco, que a potenciación destes programas vai supor esforzos en profesorado, equipamentos e espazos educativos, aos que máis adiante nos referiremos.

3.- Pór en marcha cursos de preparación das probas de acceso a ciclos formativos para as persoas que desexan cursar estas ensinanzas e non teñen as condicións de titulación requiridas para o acceso directo. Citemos, a modo de exemplo, que no ano 2009 o número de persoas inscritas nas probas de acceso superaron en máis de dúas mil persoas as do ano anterior, e que moitas desas persoas proceden de ámbitos non escolares polo que abordar a preparación destas persoas debe ser outros dos retos do sistema educativo.

As novas demandas e necesidades formativas fan imprescindible aplicar novas vías de acceso á docencia para cubrir necesidades que o sistema funcional non cobre co rigor que sería desexable. Estámonos a referir ao profesorado especialista, posibilidade excepcional que recolle a LOE no seu artigo 95.2, que xa se aplicou no período 2005-2009 noutras ensinanzas e que se debe realizar co máximo rigor xurídico e cautela posible.

A Administración ten que atender, de xeito prioritario, a de-

manda da potenciación da formación do profesorado. Esta aspiración constitúe un elemento substantivo na potenciación da FP. Tense que potenciar a formación en rede a partir dun deseño elaborado desde as propias necesidades do profesorado, e debe chegar a todas as áreas educativas a través dos centros integrados de FP. Debería non demorarse máis a creación dun Centro de Innovación Tecnolóxica, que, xunto coa xestión da formación, abordasen o impulso da I+D+i, a Formación a distancia ou a calidade entendida como xestión baseada nas boas prácticas. Neste cómpre subliñar a existencia dun proxecto de decreto de creación deste centro, denominado INDAGA, que non puido ser aprobado polo remate da lexislatura cando xa estaba pendente da súa aprobación no Consello da Xunta.

A próxima implantación de novos ciclos, o aumento da carga lectiva dos ciclos de 1.300 ou 1.500 horas, que van pasar con carácter xeral a 2.000, ou as novas necesidades de implantación de novos PCPI, as novas necesidades de material ou a urxencia de adaptar os equipamentos á normativa cada vez máis esixente de riscos laborais, fan imprescindible a programación de Plans Cuadriennais (de lexislatura) de Equipamentos e Adecuación de Espazos. Se ao longo da lexislatura 2005-2009 se abordou unha profunda renovación e ampliación do material relacionado coas novas tecnoloxías (computadores, encerados dixitais, proxectores, instalación de cables nos centros, etc), parece lóxico agardar que a nova lexislatura sexa a da potenciación do material e dos espazos no mundo da FP. No referente á calidade, chegou xa, na nosa humilde opinión, o momento de iniciar un proceso pausado pero imparabile, de ir xeneralizando a todos os centros procedementos que, coas variantes e as adaptacións a centros concretos, foron sobra-



damente avaliados nas distintas redes de calidade, ás que xamais se lles terá recoñecido suficientemente o traballo realizado.

Se queremos conseguir a medio ou a longo prazo a integración dos subsistemas de FP - difícil facer previsións, polos intereses, non tan contrapostos como ás veces se di, que existen-, cómpre potenciar os Centros Integrados de FP. Logo de conformados os consellos sociais, debe ser prioritaria a aprobación dun sistema de selección dos directores e directoras, e dos seus equipos directivos, e a aprobación dun ROC que lles permita a estes centros abordaren as funcións que teñen asignadas, e que supoñen a posibilidade de que a tan traída e levada integración se consiga ou non, nun prazo razoable.

A relación coas empresas é un tema capital para o ensino da FP. Dado que se trata noutros artigos, permítasenos dicir que cómpre que as relacións non queden nun papel (convenio) importante pero non suficiente; cómpre que se cree a figura dun interlocutor entre asociacións de empresarios e as autoridades educativas responsables da FP coa finalidade de que as primeiras se impliquen esixindo a cualificación requirida para os propios que traba-

lladores. Este modelo seguiu co empresariado de Ferrol cuns excelentes resultados. Xunto co tema das empresas, existen outros que por seren abordados en outros artigos non imos tratar (o emprendemento, por exemplo).

É a cuestión da acreditación de competencias da poboación activa a que ten presentado nos últimos tempos unha maior demanda de información por parte de amplos sectores da cidadanía, o que reflicte un interese por coñecer e participar no sistema que se está a punto de regular. Cómpre lembrar que o sistema educativo galego vén convocando desde 2004 anualmente estas "probos" que agora van ser reguladas mediante un real decreto, o que ha supor a necesidade de elaborar un decreto de ámbito galego que, dada a existencia dun borrador e de que o anteproxecto de real decreto coincide co que levamos realizado en Galicia nos últimos anos, debería ser doado ter aprobado antes de rematar 2009.

Para rematar, quixeramos formular a conveniencia de abrir un debate sobre dous aspectos que cómpre abordar. En primeiro lugar, o xeito de conseguir unha maior especialización á hora de abordar a inspección na Formación Profesional, e, finalmente, como o abordar administrativa-

mente e funcionalmente a integración dos subsistemas de FP, tendo en conta que xa se deron pasos nalgunhas comunidades, como é o caso de Asturias, onde se produciu unha integración na mesma dirección xeral, pero con orzamentos finalistas separados, o que supón, nalgunha medida, a "desintegración efectiva" do xa integrado.





# pais e nais

## Na busca do tesouro

CONFAPA-GALICIA

Nun contorno cheo de recursos para entreterse sen saír da casa grazas ás novas tecnoloxías, para conseguir información de todo tipo con soportes multimedia atractivos, para comunicarse de contado empregando distintas canles engaiolantes... e nun tempo no que ser máis culto non parece ser un ben tanxible para ter unha imaxe persoal e social máis acaída, seguimos insistindo na lectura como un ben imprescindible. Non parece demasiado lóxico que esteamos para perder o tempo na lectura xa que resulta, dende unha sinxela mirada, unha tarefa lenta, de escasa relación social inmediata e de compromiso e esforzo persoal constante.

E aínda así, caemos nos mesmos tópicos:

- "Ler para vivir"
- "Amar a lectura é mudar horas de aburrimiento por momentos de grata compañía".
- "A lectura é intemporal; mentras les, máis tempo vives".
- "A lectura abre as portas do mundo que te atrevas a imaxinar".
- "Un libro é un amigo que nunca che dará as costas".
- "A lectura é a porta da cultura".
- ...

Tamén construímos fermosas ideas colmadas de xeralidades:

- A existencia dunha biblioteca escolar é fundamental para dinamizar a actividade educativa e a vida cultural dos centros educativos.
- A biblioteca escolar é un factor básico de compensación social.
- A formación de lectores e de lectoras e a creación e consolidación de hábitos lectores é unha tarefa esencial nos centros educativos.
- ...

Crer que a excepción favorable pode converterse en regra é síntoma de inxenuidade. Hai que promover procedementos innovadores concretos para chegar a converter o noso alumnado en persoas afeccionadas á lectura. E isto volve recaer nos mestres e nas mestras como unha función máis dentro da, cada vez máis complexa, vida das nosas aulas e da cada vez máis dificultosa tarefa de educar. A escola, coa necesidade de posuír dentro do seu equipamento a biblioteca escolar para fomentar todo tipo de contidos lectores, convértese, de novo, no colector xeral ao que hai que acudir para arranxar os problemas que aparecen, a cotío, no mundo que nos toca vivir e no que hai que estar sempre en tensión.

As institucións públicas dedicadas á educación e á difusión cultural, en xeral, cústalles admitir que a súa tarefa de formar públicos debería ir máis alá de repetir a oferta para todos, publicitar consignas como ladaíñas, carteis obvios ou multiplicar bibliotecas. Con fondos raquícos e persoal escaso, docentes con dedicación en horas espalladas, sen formación específica ou con falta de reciclaxe e actualización, a escola compite en condición desigual coas industrias comunicacionais. Espazos, como as bibliotecas, precisan dun persoal específico con dedicación, estabilidade e un proxecto que sirva de mediador entre ese lugar máxico e os procesos de aprendizaxe na aula sobre competencias lectoras.

As boas prácticas ou experiencias illadas e a implicación de parte do profesorado na biblioteca escolar só representa unha visión fragmentada desa parte do territorio escolar. A falta dunha planificación e de persoal singular trae consigo unha discontinuidade nas metodoloxías, nos enfoques entre aulas, ciclos ou entre as distintas etapas educativas e pouca organización dos recursos que serven para traballar a diversidade de situacións comunicativas que poden xurdir, xa que non só é o libro clásico o único soporte lector.

Así que, aquela idea de biblioteca que temos é posible que haxa que modificala. Sería máis necesario promover innovacións e xerar, nos tempos longos da educación, espazos e experiencias capacitadoras para gozar das novas linguaxes. As políticas educativas e culturais insisten en formar lectores de libros, mentres que a industria está unindo as linguaxes audiovisuais e textuais e combinando lugares. É dicir, fanse libros e audiolibros, cine para salas e para a casa, videoclips para a tv e para o móbil. Por que só libros? Porque non xornais, tebeos, revistas consumidas polos rapaces, internet...?

Só dicíndolles ás nenas e aos nenos que lean, non se logran lectores. É preciso partir dunha cuestión que parece esencial: educar para a lectura. Isto supón levar o alumnado a converter a lectura nun acto consciente e de cordial aproximación ao libro e aos recursos en calquera soporte ou lugar.

O fomento da educación lectora tampouco se consegue mencionando os Proxectos Lectores ou Bibliotecas Escolares no DOG ou nas circulares que se remiten, ao inicio do curso, nas que se indican as accións que poñerá en marcha o centro. Non é posible mellorar a situación asignando o profesorado que adicará as horas de dinamización educativa semanais para atender as necesidades xurdidas do escaso hábito lector dende as idades máis temperás ata a etapa adulta.

Queda por facer. Desde a propia localización do espazo da biblioteca ata un marco lector que guíe cara a competencia lectora hai un treito que perco-

rre na busca do tesouro lector. Haberá que buscar os recursos materiais e inmateriais precisos que nos fagan atopar a biblioteca escolar: o lugar, as persoas guieiras, os recursos, sinalar o roteiro... e, sobre todo, vontade e moita coherencia co que se escribe nas disposicións legais e o que di a investigación educativa e a práctica.

As Asociacións de Nais e Pais non esquecemos, para nada, que estamos dispostos a axudar a andar o camiño cara a outra terra prometida que hai que atopar: a Biblioteca Escolar.

# immpresión. expresión *en galego*



ARTES GRÁFICAS  
LITONOR

Vía Ptolomeo, 4. Polígono Industrial do Tambre • 15890 Santiago de Compostela • Patrimonio da Humanidade  
Tel 981 57 60 31 • Fax 981 57 60 51 • [litor@litor.com](mailto:litor@litor.com)

# PANORAMA

Antón Costa Rico  
Xosé Ramos Rodríguez  
Nova Escola Galega

## COMEZAMOS NOVO CURSO

Este é o primeiro curso despois dun ano completo de goberno do PP e o **panorama é moi duro** para os que temos unha visión da educación preocupada porque sexa de calidade, porque contribúa á igualdade social e porque sexa sensible aos problemas de Galicia.

Comezamos cun total de 195.000 **alumnos matriculados** de infantil e de primaria, cun incremento dun 2,2% con respecto ao pasado curso, e un aumento do alumnado de FP, que por vez primeira supera ao de Bacharelato en Galicia, pero como Comunidade Autónoma en conxunto somos, despois de Asturias, a CA con máis perdas de alumnado en Bacharelato e FP nos dez últimos anos, nun comportamento radicalmente diferente do que realizan, por exemplo, Navarra, Cataluña ou Madrid. A nosa regresión demográfica penalízanos igualmente nos estudos universitarios. Dentro do alumnado de Infantil e de primaria 7500 serán fillos de familias de procedencia inmigrante.

Co **Decreto de Plurilingüismo** estanse a cumprir teimudamente os agoiros anunciados por aqueles que estivemos en contra deste Decreto. Vexamos: a elección da lingua polas familias na etapa de educación infantil deu como consecuencia que se albisque a posibilidade de que case o 90% dos centros das cidades realicen esta etapa en castelán, aínda que non deixa de ser esperanzador que o 40% das familias a solicítase en galego<sup>1</sup>. A explicación simplista e cun punto de cinismo de Rodríguez Feijoo é que así o decidiron democraticamente os país, como se non soubese que tanto a Lei de Normalización aprobada unánimemente en 1983 cun goberno do PP (con Fernández Albor de Presidente), como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado tamén unánimemente en 2004 (con Manuel Fraga de Presidente) obrigan aos poderes públicos a promover o galego, precisamente para conseguir a súa normalización; obriga que non se cumpre con esta lei e que é o seu “talón de Aquiles” legal. Non se trata

<sup>1</sup> Estudo provisional realizado polo STEG que se pode consultar en [http://www.stegindicato.org/stegopina/10\\_11/enquisa\\_lingua\\_materna\\_infantil.htm](http://www.stegindicato.org/stegopina/10_11/enquisa_lingua_materna_infantil.htm)



dunha cuestión de vontade familiar, sen máis e entendida de modo simple, senón de mandato da soberanía popular deste país, con bastantes máis elementos xurídicos a considerar.

Na **elección dos libros de texto** nas materias, de acordo co novo decreto, o panorama segue a ser anárquico como noutros tempos; antes o incumprimento era moi evidente (máis na rede de centros privados e concertados ca na pública, aínda que nesta tamén se incumpría) e agora o decretado cambio das materias de "ciencias" de secundaria para ser impartidas en castelán tamén se anuncia que será incumplido; o sistema seguirá a primar o castelán, agora **con maior apoio da legalidade** como se demostra en todos os estudos que se fixeron ao respecto<sup>2</sup>. Antes non se daba o 50% das materias en galego e agora darase moito menos. Vese que iso da imposición era unha mentira moi ben difundida e que moitos creron ou quixeron crer. E de levarse a cabo, como sinala a norma, 130.000 alumnos cambiarán os seus libros en vigor e con dous anos de antelación, cun dispendio que algunhas fontes situaron nos 12 millóns de euros. 20.000 millóns das antigas pesetas.

Outra manifestación deste capítulo foi a **dimisión dos cinco asesores**- coordinadores de galego das catro delegacións e da mesma coordinación en Santiago, dimisión que se coñeceu o curso pasado, e con efectividade real a partir do presente. Unha dimisión destinada a poñer de relevo o rotundo desacordo coa política lingüística deste goberno.

Citemos aos **centros plurilingües**, que non son invento deste goberno. Debemos recordar que as seccións bilingües naceron co goberno bipartito (no curso pasado eran 300 en 146 centros), que eran definidas máis modestamente como profesorado que

se comprometía a dar a clase nun terceiro idioma (preferentemente inglés) dunha materia diferente ás linguas. Denominábanse seccións por poder ser unha ou varias as materias que se impartían baixo esas condicións; agora na maioría seguen a dar sómente unha ou dúas materias en inglés ou francés, pero, pola contra, a **propaganda desacomplexada** do PP manda que se lles chame "centros" ao que seguen sendo "seccións". Para este curso serán 52 os centros, o 44% deles da rede concertada; rede que ten un menor peso porcentual (un 30%) no conxunto escolar, e por iso cómpre estar atentos a non xerar tamén aquí outra vía de diferenciación negativa. Desde a Consellaría de Educación sinalaron que os centros participantes serían "discriminados positivamente", coa compañía, entre outros recursos, de auxiliares de conversación nativos, unha figura controvertida, mentres o sistema vai funcionar con redución notable de profesores.

Outro asunto conflictivo deste inicio de curso é o **Proxecto Abalar**. Deberemos precisar e insistir en primeiro lugar que é unha iniciativa do Ministerio de Educación denominada "**Proxecto 2.0**" e que as Comunidades Autónomas que se acollen a el deben poñer unha partida económica similar á do Goberno Central; polo tanto, estamos diante dunha iniciativa do Goberno do Estado; é responsabilidade da Xunta de Galicia, e da Consellaría de Educación, só o 50% do investimento, sendo esta, en todo caso, a responsable do 100% da súa mala concepción e xestión. Os números: entrega de 15000 ordenadores ao alumnado de 5º de primaria e de 1º de ESO, falándose da "preparación" de 2500 profesores, de 200 coordinadores TIC e de 16 asesores. Despois dun

ano, neste principio de curso non foron quen de ter os equipamentos para os centros que foron seleccionados para este proxecto, cousa que non ocorre noutras comunidades. Pero foi a selección dos centros e a falta de formación do profesorado o que realmente converte o Proxecto Abalar **noutro problema** deste principio de curso. A **selección dos centros** foi polémica porque nas cidades a maioría dos centros seleccionados foron privados concertados (sirva de exemplo o caso da cidade da Coruña na que dos 40 centros públicos só se seleccionaron en primeira instancia 6, mentres que na rede concertada foron elixidos 11 dos 18 centros existentes). Utilizando os datos oficiais que aparecen na páxina da Consellaría de Educación, as porcentaxes serían as que aparecen na táboa da parte inferior da páxina.

Moito máis do dobre para os centros privados concertados. O defecto máis profundo e importante da posta en marcha do Proxecto é a falta de formación específica do profesorado, sobre todo en secundaria, cunha organización da distribución das clases máis rixida para primeiro da ESO (onde estarán os equipos do Proxecto), o que dificultará que profesorado con formación en didáctica nos medios e habilidades dixitais suficientes poida acceder ás clases que dispoñan deste equipamento. Galicia é a Comunidade Autónoma, entre as que participan no programa, que menos profesorado formou<sup>3</sup>. De que servirá a tecnoloxía se non se acompaña de formación e de

<sup>3</sup> Para coñecer estes datos, mesmo comparando coas outras Comunidades Autónomas ver "MEC Datos y cifras. Curso escolar 2010/2011". Esta publicación proporciona outros datos moi interesantes sobre investimentos, escolarización, programas de reforzo e comparacións entre CC.AA. Podemos baixalo de: [http://www.educacion.es/mecd/estadisticas/educativas/dcce/Datos\\_Cifras\\_web.pdf](http://www.educacion.es/mecd/estadisticas/educativas/dcce/Datos_Cifras_web.pdf)

<sup>2</sup> Ver, por exemplo, o Informe sobre a situación e estado do Sistema Educativo de Galicia

	Nº unidades de Ed. Primaria e ESO	Nº unidades incluídas pola Consellería no Proxecto Abalar	Centros que foron seleccionados (%)
Públicas	8.868	537	6,05%
Privadas concertadas	2.740	156	15,93%

bos materiais (en galego tamén<sup>4</sup>) para o seu uso docente?, Que continuidade terá este programa nos próximos cursos co mesmo alumnado? (A Xunta di que non sabe). Improvisación, **favoritismo e falta de rigor** fan que un esforzo conxunto das Administracións sexa un problema e non unha oportunidade neste inicio de curso.

Non podemos esquecer a **supresión de centros no rural**. Este problema vén de lonxe; e en todos os principios de curso, con máis ou menos escándalo nas cifras, péchanse centros no rural. Falta unha aposta por aclarar o modelo de rural que queremos, e despois planificar e investir, para evitar así que no sistema educativo estar no rural discrimine. É rotundo dicilo así, pero é verdade. Non son só os desprazamentos para os que se quedaron sen centro -este curso ou o anterior- e deben ir a outro máis lonxe e estraño. Son tamén os desprazamentos que no conxunto do mundo rural son sempre maiores e son as menores oportunidades de optatividade nos centros de secundaria –o que ás veces provoca que haxa alumnado que non pode presentarse na selectividade ás materias optativas que teñen unha maior ponderación para a cualificación media-, son o **menor número de apoios e de programas alternativos** (como os PCPI ou PDC), que requiren un número mínimo de matriculados para poder ser implantados; son os materiais escolares pensados para a maioría urbana, ou o propio profesorado que vivimos maioritariamente nas cidades. Este, polo tanto, é un tema de principio de curso, de todos cursos, pero de longo percorrido e non atribuíble a un só goberno en concreto.

Ademais, a breve, pero “fecunda”, xestión deste goberno de-

páranos outras dúas fronteas de conflito, que son moi importantes: o **abandono na avaliación diagnóstica** e os cambios que se tramitan na **formación do profesorado**. A avaliación diagnóstica, como denunciámos noutras entregas, fíxose tarde e mal; non se tomaron medidas de acompañamento para que os centros fixeran plans de mellora dos resultados obtidos –que é o fin último declarado desta iniciativa- e para este ano anúnciase que probablemente non se fará. Conseguirán así que unha iniciativa (non discriminatória) para a mellora da Educación Obrigatoria coa que o PP non estaba de acordo -demandan reválidas seleccionadoras- se desacredite, non tanto por non ser válida, canto pola súa desidia en poñela en práctica, facendo así de xuíz e parte cando previsiblemente defendan que esta Avaliación Diagnóstica é ineficaz.

Na **formación do profesorado** tívose a consulta no Consello Escolar de Galicia un novo Decreto que vai diminuír ata extremos ridículos a rede de centros de formación do profesorado (CFR), cando xa era a menor do Estado, e que a vai facer totalmente dependente do goberno, cando ata o de agora tiñamos un modelo cun certo grao de autonomía que lle proporcionaba moita máis eficacia a esta formación. E, sobre todo, esta diminución e as disposicións do Decreto abren a porta á privatización do servizo, tal como están facendo en Madrid. Precisamente no Consello Escolar de Galicia non se logrou aprobar o ditame preceptivo antes de aprobarse o Decreto, circunstancia que só ocorreu con este goberno dende a existencia deste órgano consultivo. Porén, no web da Consellería distorsiónase a situación afirmando o contrario (a prensa deu conta da situación real con informacións dos sindicatos e MRP).

Facemos unha nova chamada de atención sobre o que acontece coa formación do profesorado

promovida desde as propias organizacións docentes, cada vez máis coutada por diferentes atrancos burocráticos e carentes de apoio económico, a pesar de que en moitas ocasións son iniciativas con obxectivos e formatos non cubertos pola oferta oficial e demandados polo profesorado.

Outro problema frecuente nos inicios de curso, moi aireado neste, é o da **supresión de profesorado nos centros**. Mais alá de se son 676, como din os sindicatos ou ningún como di a Xunta (pois din que era profesorado de centros sobredimensionados, que non se necesitaba ou que aínda non se teñen os “datos finais” de matrícula dos centros), a cuestión é que **existe esta diminución**, e que afecta á calidade do ensino, pois significa que haberá menos profesorado de apoio, por exemplo, de pedagogía terapéutica, e polo tanto peor atención á diversidade, que haberá menos optativas, sobre todo nos centros rurais e das vilas, coas graves consecuencias que viamos antes cando falabamos do rural; e que haberá máis ratio de alumnado por profesor, o que incide tamén negativamente na atención á diversidade. Polo tanto, xa que non será doado “facer máis con menos” (a doutrina oficial), diminuír a calidade dun servizo público fundamental, o que tanto nos prometeron que non farían, precisamente por estar en tempos de crise. Propaganda, claro. Mentres tanto, **concértanse máis centros** e seguen tendo subvención os centros que discriminan por razón de xénero, un asunto que o goberno anterior estaba estudando eliminar. E mentres tanto, tamén algún equipo directivo non acepta os recortes (inexistentes para a Consellería de Educación) e dimite, como os dos IES de Brión ou o de Bréamo (Pontedeume).

Moitos e graves problemas para tan pouco tempo de xestión. Estará xa amortizado este equipo da Consellería tal como andaba un ruxe-ruxe?.

<sup>4</sup> Mesmo os propios ordenadores non veñen preinstalados en galego, recordan como a Xunta atribuíu o atraso no subministro dos equipos aos centros ás “altas prestacións” que lle esixiran ao equipamento destes ordenadores?, pois con tanto celo parece que “esqueceron” incluír o galego no interface dos portátiles segundo comprobou o profesorado que asistiu á presentación da primeira aula instalada experimentalmente.

**CURSOS**

Este pasado verán, unha vez máis, celebráronse diversos cursos de interese educativo. A comezos de xuño en **Mugardos** tiveron lugar as XII Xornadas de Igualdade de Oportunidades coa temática Educación en igualdade.

Un novo curso da USC en Lalín coa temática Escola para a Igualdade, abordándose cuestións de xénero, conflitos étnicos e convivencia intercultural.

E unha nova cita en **Foz**: o IX Curso de verán de Hª da Educación para analizar o primeiro tercio do século XX en España e en Galicia, desde o punto de vista da cuestión educativa.

**NOMES**

O psicoanalista catalán **Miguel Siguán**, autor dunha moi importante obra e cunha ampla traxectoria en defensa das linguas minorizadas, en particular o catalán, deixounos no pasado mes de xuño. Foi moi notable promotor da inmersión lingüística escolar en catalán. Coñecido en Galicia, onde tivo presenza en diversos actos, deixou tamén a súa pegada na Revista Galega de Educación.

Tamén nos deixou **D. Jesús Taboada Camoerías**, socio de honra de Nova Escola Galega, ourensán-vigués e ben entrado nos noventa anos. Mestre espléndido, que fora das mocidades galeguistas na República e que sempre permaneceu fiel aos ideais democráticos, solidarios e galeguistas. Foi o autor de deliciosas escrituras no libro Garabullíño, que Nova Escola Galega publicou en 1992, baixo a coordinación de Xosé M. Cid.

O profesor e editor **Manuel Bragado** foi unanimemente electo no pasado mes de xullo Presidente da Asociación Galega de Editores, substituíndo ao tamén profesor e editor Alfonso García


Sanmartín. Manolo Bragado ten xa unha longa e fructífera traxectoria no campo da edición e da renovación pedagóxica, tamén ligado tan notablemente a esta revista. Agora para continuar unha difícil rota. Para eles, os nosos mellores desexos.

O amor pola nosa lingua e pola cultura galega tamén o exerceu **Francisco Nóvoa**, o director da Academia Postal, que dispón arestora dun fondo editorial de 150 textos de temarios de oposicións e outros, en galego, e que vén de ser homenaxeado en Maceda, a súa terra natal.

**Xosé Lema Sanmartín**, quen, sen estrondos, leva xa editadas 73 pezas teatrais en galego, dentro da colección "A pinguela" en Edicións Fervenza da Estrada; e Xosé Neira Vilas, quen a través da Fundación, vén de convocar de novo a 6ª Edición (2010) do Premio Estornela de Teatro para nenos.

**VIEIROS.COM**

A nosa canle electrónica e de comunicación de máis longa traxectoria e de incontables servizos a este país deixounos o pasado 24 de xullo. Mágoa e amargura. Fonte limpa e de referencia de norte a sur. Pan e auga. Moito lle debemos a Vieiros.com: o xornal diario, os canais, os locais, a comunidade, o GZ exterior, os especiais, os columnistas, a opinión libre e o Buscador, e tamén Vieiros da Escola. No buscador 617 recursos da Educación (centros, academias, escolas, recursos, proxectos, asociacións de solidariedade... quen nos dará agora todo isto?; quen nos dará agora este servizo? A Xunta falou do libre mercado: o que hai que oír. Logo, atrás, vén A Nosa Terra. Non poderá ser verdade.



LIBROS E INFORMES

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA/XUNTA DE GALICIA, informe: *Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia. Curso 2007-2008*. Santiago de Compostela, 2010.

O máis recente dos periódicos informes do Consello Escolar de Galicia, con colaboración técnica a cargo do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago. Nesta ocasión, os servizos complementarios e as actividades extraescolares son a cuestión a examinar. Faise cunha marea de datos analizados, explicados e interpretados, e cunha importante contribución de información a modo de antecedentes. O texto vai resultar

ben interesante, singularmente, para os equipos directivos dos centros e para as ANPAS, pero todo o texto incorpora valiosas referencias para todo o profesorado e para os Consellos escolares que aproban plans anuais e proxectos educativos e curriculares dos centros.

GIL PÉREZ, D., MARTÍNEZ TORREGOSA, J. E VILCHES, A., *A renovación do ensino universitario: necesidade, obstáculos e oportunidades*. Vicerreitoría de Formación e Innovación educativa, Universidade de Vigo, 2008.

As universidades están a revisar as súas prácticas de formación do estudantado universitario e desde hai varios anos é habitual ver nos catálogos editoriais diversos textos e informes, uns

teóricos, outros dando conta de experiencias docentes innovadoras. Tamén aquí hai novidades, non necesariamente sempre positivas. Neste marco, a Universidade de Vigo editou en lingua galega diversos textos dentro da súa colección "Formación e innovación educativa na Universidade", baixo a responsabilidade do profesor e vicerrector Pedro Membiela, e así queremos destacalo, polo seu interese.

Outros títulos da colección:

- GARCÍA JIMÉNEZ, A avaliación da actividade docente.
- BAINK, K., O que fan os mellores profesores universitarios.
- MOORE, S. et alii, Ensinando na Universidade. Estratexias eficaces e principios claros.

## DEIXOUNOS O PROFESOR HERMINIO BARREIRO

Antón Costa Rico



O pasado 6 de novembro finou, próximo aos 74 anos de idade, Herminio Barreiro Rodríguez, un dos máis notables profesores da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

A súa chegada á Universidade de Santiago e á sección de Pedagogía significou a chegada das orientacións da pedagogía socialista. Con el chegaba un notabilísimo coñecemento do marxismo, desde as súas sempre ben dominadas lecturas; dende a comprensión dos textos, que sempre facía gostar ao alumnado das aulas de Historia da Educación. Canda el viña o arrecendo do grupo Brais Pinto, os galegos revoltados para a democracia na

Universidade de Madrid; viñan o Manifesto pola Escola Pública do Colexio de Doctores e Licenciados de Madrid, a loita dos PNNs. Experiencias de vida, ideas, compromisos sociais, lecturas interpretadas,...todo, facendo unha unidade que entregaba de seguido ao alumnado e aos seus compañeiros.

Herminio Barreiro, moi longos anos membro de Nova Escola Galega, tamén colaborador en ocasións desta revista, foi deixando textos de autor en ben coidados artigos (*Historia de la Educación, Sarmiento, A Trabe de Ouro, Tempos Novos, Galicia Hoxe...*) e en varios e valiosos libros, o último deles, de memorias, *Pensar doe* (que se

comentou nestas páxinas no nº 42 de 2008). Deixa, pois, unha estela moi notable, como docente e como investigador, tal como sinalaron moitos testemuños ciscados polos medios de comunicación e pola rede. Tiña, ademais, un encanto singular no uso cultivado da palabra. A revolución socialista, a revolución cubana, o Portugal dos Cravos, a loita pola escola pública e democrática, a IIª República sempre, sempre Rousseau, ás veces á revisión de Platón, e Luzuriaga como gran reformador pedagógico estiveron no centro da súa observación e lecturas. Cultivando un laicismo de profundas conviccións. E habitualmente a palabra amable, sen diferenza de tirios ou troianos.(ACR)



## O 32 CONGRESO INTERNACIONAL DE IBBY CELEBROUSE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Miguel Vázquez Freire

Entre os días 8 e 12 de setembro tivo lugar, no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela, o 32 Congreso de IBBY, a organización internacional do libro infantil e xuvenil. Era a segunda vez que este evento, que se celebra cada dous anos en distintas cidades do mundo, escollía España como sede (a vez anterior, no ano 1992, a cidade escollida fora Sevilla). O IBBY (*International Board on Books for Young People*) é a organización de referencia, a nivel mundial, na difusión e promoción de libros para a infancia e a mocidade. Recoñecida pola UNESCO, conta con organizacións locais en setenta países. A sección española é a OEPLI que mantén tamén seccións por cada un dos territorios con lingua propia do Estado. A sección galega é GALIX, e a ela encargou o IBBY e a OEPLI a organización do 32 Congreso, convocado baixo o lema "A forza das minorías".

### A FORZA DAS MINORÍAS

Seguindo o ronsel do lema, a maioría dos principais relatorios foron reservados para personalidades vinculadas a grupos étnicos ou sociais, e a linguas consideradas minoritarias ou minorizadas, ou particularmente comprometidas con actividades dirixidas a conceder atención a eses grupos. Tratábase xustamente de dar voz a quen habitualmente ve ese dereito negado. Así, o relatorio inaugural foi encargado á psicopedagoga argentina Emilia Ferreiro, discípula de Jean Piaget, quen impartiu unha verdadeira lección maxistral no transcurso da cal puxo en cuestión moitos tópicos sobre a aprendizaxe das linguas. Así, fronte á idea preconcebida e ben espallada segundo a cal convén

que os nenos e nenas sexan escolarizados nunha única lingua, por canto o manexo de varias linguas sería tan só motivo de confusión, presentou experiencias concretas con rapaces de diversas nacionalidades precocemente instalados en contacto con varios idiomas, demostrando que non só esta instalación precoz non derivaba necesariamente en confusións e defectos na aprendizaxe, senón que mesmo promovía respostas intelixentes por parte dos rapaces e unha conciencia das diferencias e características propias de cada lingua xunto cunha actitude de respecto á pluralidade idiomática. Contra a acusación, logo, de que a aprendizaxe por parte dos nenos de linguas minoritarias ou socialmente menos valoradas (como o caso dos nenos inmigrantes aos que se lles proporciona formación nas súas linguas de orixe) só podía derivar nunha aprendizaxe defectuosa das linguas maioritarias ou máis prestixiadas, Ferreiro apostou, desde a experiencia, pola riqueza derivada das linguas en contacto.

A presenza como relatores nas sesións plenarias de Víctor Montejo, escritor guatemalteco en lingua maia; Mohammed Yousef, fundador da ONG afgana "Aschiana" dedicada a apoiar aos nenos que viven nas rúas; Gita Wolf, editora e escritora india; Lygia Bojunga Nunes, escritora brasileira galardoada en 1982 co Andersen (equivalente ao Nobel de literatura infantil), e mesmo a intervención do galego Manuel Rivas na conferencia de clausura, deixaron ben claro o compromiso do Congreso coa visibilización de linguas e culturas que habitualmente ocupan un espazo marxinal nos foros internacionais.

### DO POPOL VUH AOS LIBROS DE TARA BOOKS

Montejo partiu da súa propia biografía para ilustrar as dificultades de escribir nunha lingua que carece de tradición escrita, como é o idioma maia, falado aínda na actualidade por unha maioría da poboación indíxena de varios países centroamericanos, como Guatemala. Salientou de principio que a inexistencia desa tradición escrita foi resultado dunha agresión histórica promovida desde as autoridades relixiosas da época da conquista, posto que a antiga civilización maia si contaba cunha escrita propia, hoxe perdida. O idioma foi conservado oralmente e na actualidade escritores, coma el mesmo, tratan de recuperar os relatos tradicionais, en rápido declive baixo a influencia depredadora dos medios audiovisuais e as novas tecnoloxías, escribindoos en grafía latina. Montejo é autor dunha versión adaptada para os lectores novos do Popol Vuh, a fascinante compilación de relatos míticos dos pobos indíxenas do Quiché, e ve o seu traballo de escritor como un servizo á súa comunidade, dando a coñecer e contribuíndo a conservar os mitos e narracións indíxenas, facendo ver que estes posúen o mesmo valor que as historias análogas escritas noutros idiomas máis prestixiados.

A experiencia de Mohammed Yousef puxo de relevo o papel que o libro e a lectura poden chegar a xogar en situacións de conflito bélico como o que se vive na actualidade en Afganistán. A ONG por el promovida desenvolve unha pluralidade de iniciativas dirixidas a ofrecer oportunidades aos nenos da rúa,

vítimas inocentes da violencia, moitos deles orfos, outros obrigados a traballar por seren os únicos en disposición de traer algúns cartos á familia. Bibliotecas móbiles que levan libros polas aldeas máis afastadas ou aos nenos dos campamentos de refuxiados, programas específicos para nenos discapacitados (moitos deles como consecuencia de lesións producidas pola guerra), son algúns dos programas que "Aschiana" está a aplicar e que Yousef foi presentando, sen eludir as situacións límites ás que as veces se enfrontan. Como o neno limpabotas de Kabul, que lle lanza unha pregunta que é toda unha acusación contra o mundo dos adultos: "É ti que pensas de que a xente se mate?"

A escritora india Gita Wolf centrou a súa intervención especialmente no seu labor como editora ao fronte da editorial Tara Books, con sede en Chennai, no sur da península indostánica, e da función que a edición pode xogar no recoñecemento, protección e vitalidade das linguas minorizadas (lémbrese que na India

existen uns trinta idiomas e arredor de dous mil variantes dialectais). Os fermosos libros de Tara Books son decote resultado dun traballo previo de recuperación do labor de narradores e artistas populares, como calquera pode comprobar visitando o estupendo sitio da editora: <http://www.tarabooks.com/blog/>.

### HISTORIAS DE AMOR E PALABRAS INSURXENTES


A intervención de Lygia Bojunga Nunes foi un dos momentos inesperados do Congreso. Todo un espectáculo ver a unha recoñecida escritora, próxima a cumprir os oitenta anos (naceu na cidade de Pelotas en 1932), declarar publicamente o seu amor polos libros, vestida cunha camisa e uns pantalóns vaqueiros, e armada só dun micrófono, unha cadeira na que apenas sentou, e un caderno coas follas en branco. O só feito de que unha autora reputada decidise situar a súa propia obra nun segundo plano (en realidade, fóra de plano, porque nada falou dos seus libros), para ofrecernos unha peculiar autobiografía amorosa a través dos libros que foi amando ao longo da súa vida, foi xa todo un exercicio de humildade nun gremio onde o tal exercicio non é demasiado frecuente. Desde os contos de Monteiro Lobato que leu de nena, ata os seus Rilke e Pessoa xa adulta, a vitalista Lygia conseguiu facernos compartir as súas sucesivas paixóns polos grandes autores e... polos libros porque ao final, confesounos, é do libro do quen ela ficou namorada, mesmo do libro como obxecto físico que, malia o seu deterioro, o lector apaixonado, como ela sempre foi e aínda é, se resiste a abandonar ou substituír por un renovado.

Manuel Rivas, na conferencia de clausura, reivindicou a literatura infantil e xuvenil como unha "arte insurxente", como "a palabra que se pon en pé". É nela onde se exerce o dereito a soñar, que viría sendo o fundamento de

todo dereito e, ao tempo, un dereito insurxente que, con todo, non pretende dominar, non se constrúe sobre a pretensión de someter ao outro. Manexando algunhas das metáforas para el tan queridas, tomadas da tradición galega (os círculos concéntricos dos petroglifos, os corpos abertos), proclamou o espazo da cultura propia como unha "cédula de universalidade", opoñéndose á visión que pretende ver toda reivindicación do propio como contraditoria respecto da apertura ao exterior, ao universal. Fronte a aqueles que desprezan o galego, agora de novo aparentemente arrichados pola anuencia de algúns poderes públicos, o escritor ironizou cos vellos insultos contra o idioma, tomando un dito de Julio Camba ("o galego só serve para comunicarse cos animais") para lle dar a volta: si, o galego é lingua insurxente que mesmo rompe as barreiras ata permitírnos regresar aos tempos en que os animais falaban.

### OITO DEBATES

Á crítica e profesora Teresa Colomer foille encargado o relatorio máis académico, que aproveitou para facer un repaso polos oito debates principais que veñen ocupando os estudos sobre literatura infantil nestes últimos anos. Na súa opinión, ningún destes debates (algúns xa cunha longa traxectoria, outros xurdidos máis recentemente) pode darse por resolto. O primeiro sería o que se ocupa das complexas relacións entre a literatura de tradición oral e as novas creacións literarias dirixidas á infancia, unha relación que ela ve como unha alianza produtiva. O segundo afronta a confusa loita por dotar á literatura para a infancia de plena independencia con respecto ao que ela cualificou de "madrasta pedagóxica". A terceira, vinculada coa anterior, recolle a reivindicación da literatura infantil como "literatura sen adxectivos", que vén acompañada pola apertura de




novas achegas teóricas desde o campo dos estudos críticos e académicos. A cuarta, a cuestión da visibilidade nos medios de comunicación, respecto da cal a profesora Colomer denuncia que se está a producir unha "infantilización dos medios", que explicaría unha atención cada vez máis escasa polos fenómenos culturais que non se reducen a simple entretemento. A arañeira da animación lectora sería a quinta, coa súa ameaza de afogar o exercicio da lectura (que require silencio, constancia e complicidade) nun aparello de actividades lúdicas (contos, animadores, webs...). A maior ameaza, con todo, residiría (sexto debate) na presión do mercado coa súa imposición do reino da mediocridade, fronte ao cal é esencial a responsabilidade da crítica, encargada de separar a literatura de calidade da palla no exceso de títulos que anega o mercado. Pola contra, Teresa Colomer non ve na imaxe (séptimo) ningún tipo de ameaza para a literatura senón que, ben ao contrario, considera que a vitalidade do álbum supón un bo exemplo de fusión mutuamente enriquecedora entre a palabra e a imaxe. Finalmente (oitavo) un dos debates máis recentes, e polo tanto máis aberto, é o que se ocupa da influencia das novas pantallas sobre a construción de novas modalidades de ficción. Como conclusión, no ve a profesora Colomer a literatura infantil como "unha minoría dentro da literatura", como se podería entender a partir do título que lle foi proposto para o relatorio, se iso fose interpretado como literariamente menor, senón que ao contrario a literatura infantil ben pode abrirse como un espazo de auténtica experiencia literaria para os nenos e nenas lectores.

Á marxe dos relatorios das sesións plenarias, o Congreso ofreceu diversas mesas redondas e obradoiros, exposicións de libros e ilustracións e, como é habitual en todo Congreso, espazos de encontro entre autores, ilustra-

dores, editores, bibliotecarios, estudiosos... Máis de setecentas persoas de países de todos os continentes déronse cita en Santiago de Compostela na festa bianual da literatura infantil, que concluíu coa entrega solemne do Premio Andersen ao escritor británico David Almond e á ilustradora alemana Jutta Bauer. Previamente foran entregados tamén os diplomas das Lista de Honra, entre os cales os recollidos polos autores galegos Agustín Fernández Paz, pola súa obra "O único que queda é o amor", e Ignacio Chao, pola tradución de "A noite d'O Risón", obra en castelán de Gonzalo Moure. Paralelamente, celebrouse a asemblea ordinaria do IBBY onde foi elixido un novo presidente, cargo que recaíu no malasio Ahmad Redza Admad Khairuddin, e un novo comité executivo, do que pasou a formar parte a escritora galega (e membro de Nova Escola Galega) Marilar Aleixandre.

Non quixera concluír esta breve evocación do 32 Congreso do IBBY en Santiago de Compostela sen recordar a quen primeiro soñou con que isto fose posible, e deu os primeiros pasos para conseguilo: Xosé Antonio Neira Cruz. Discrepancias sobre a xestión do comisariado no último ano levaron ao IBBY e OEPLI a substituílo por Henrike Fesefeldt e un novo Comité Organizador que sen dúbida tivo moito que ver co éxito final do Congreso. Pero, sen querer entrar en inútiles debates, penso que é de xustiza ter un recordo e recoñecemento para Neira Cruz.



## A RECUPERACIÓN DUN FORO. AS VI XORNADAS GALEGAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

M. Carmen Morán de Castro  
Manuel A. Fernández Domínguez  
Manuel R. Bermejo Patiño  
Taller de Educación Ambiental ICE-USC

### EDUAMBIENGAL'09

As VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental, eduambien-gal'09, celebradas no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, foron organizadas polo Taller de Educación Ambiental do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, en desenvolvemento do convenio asinado entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela en data 29 de decembro de 2007. O profesor Manuel R. Bermejo Patiño, director do Taller, presidiu o comité organizador integrado por un grupo multidisciplinar de profesionais da educación e técnicos de medio ambiente<sup>1</sup>.

A celebración das VI Xornadas permitiu recuperar unha tradición de encontro dos profesionais, estudosos e interesados pola Educación Ambiental en Galicia, tras unha paréntese de varios anos sen desenvolverse, rompéndose unha dinámica de bianualidade que quedou ancorada na quinta edición celebrada no ano 2005.

Os inicios desta primeira década do século XXI marcaron unha etapa de grande pulo institucional para a Educación Ambiental en Galicia coa elaboración consensuada entre diferentes actores sociais da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), a instancias da Consellería de

Medio Ambiente. Un proxecto compartido que, tras unha análise minuciosa da situación de partida, suxería novos camiños para un mellor desenvolvemento da Educación Ambiental. Lamentablemente, o esforzo realizado apenas tivo contraste na praxe, nin no intre inmediato á súa elaboración, nin despois do traballo de revisión e actualización que sobre este documento se fixo desde a Sociedade Galega de Educación Ambiental, e da posta en marcha de certos organismos, como o Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA).

As medidas recomendadas non foron postas en marcha, nin se deron pasos adiante para o desenvolvemento dos ámbitos definidos na EGEA. Ben ao contrario, asistimos nestes últimos anos, tanto a nivel estatal como autonómico, ao desmantelamento dalgunhas das estruturas institucionais que podían xerar avances para a Educación Ambiental e, en xeral, a retrocesos nas políticas educativas e de profesionalización, claves para a introdución da EA nos diferentes sectores da nosa sociedade: educación, empresas, media, etc.

Neste escenario de estancamento, faise necesaria a intervención dos axentes sociais máis dinámicos e comprometidos coa Educación Ambiental para relanzar as propostas do ano 2000, corrixi-das e melloradas, e para requirir dos nosos responsables políticos un compromiso que poña fin a esta situación. As suxestións e alternativas poden ser múltiples e variadas, pero deben emerxer da

reflexión e o diálogo entre todas as partes.

### OBXECTIVOS, NÚCLEOS TEMÁTICOS E ÁMBITOS DE TRABA-LLO

O marco de referencia exposto implicou orientar a VI edición das Xornadas Galegas de Educación Ambiental a resituar os problemas ambientais do século XXI, debater os avances realizados en Galicia e no Estado na implantación de estratexias de educación ambiental e ofrecer un foro para o intercambio de experiencias neste eido. Concretáronse nos seguintes obxectivos:

- Analizar os problemas ambientais do século XXI e as tendencias, posibilidades, e límites da educación ambiental.
- Coñecer e debater os avances realizados no Estado, e especialmente en Galicia, no deseño e implantación de Estratexias de Educación Ambiental, así como os programas delas derivados.
- Participar nun foro de intercambio de experiencias e actuacións no ámbito da educación ambiental en Galicia.
- Divulgar por medio dunha mostra da educación ambiental diversos recursos, equipamentos, materiais, etc., favorecedores do traballo neste campo.

A estrutura de traballo organizouse arredor de actividades plenarias e seccións de traballo.

<sup>1</sup> Enrique J. Álvarez, M. Rosario Castro, Manuel A. Fernández, M. Elena Guntiñas, Xulio Gutiérrez, Xosé Manuel Méndez, M. Carmen Morán, Begoña Potí, Miguel Ríos, Javier F. Rouco, Pilar Sampedro, Bieito Silva, integraron o Comité Organizador.



- As primeiras tomaron como referencia os seguintes temas: Problemas ambientais nos inicios do s. XXI, Educación ambiental e desenvolvemento, Estratexias de Educación Ambiental, A Educación Ambiental en Galicia. Contaron para a súa abordaxe coa participación de destacados especialistas na investigación e docencia, na responsabilidade política e/ou técnica, no ámbito dos movementos sociais e na iniciativa empresarial<sup>2</sup>.
- As seccións de traballo establecidas coa finalidade de abordar as iniciativas educativas (equipamentos, unidades didácticas, programas cidadáns, itinerarios, proxectos de aula, materiais divulgativos, financiamento de proxectos específicos, exposicións...) xurdidas como resposta aos problemas ambientais actuais (enerxía, superpoboación, residuos, transporte, turismo, auga, cambio climático...) organizáronse nos seguintes ámbitos: Educación Ambiental nas institucións escolares; Educación ambiental nos movementos sociais; Educación ambiental no marco das institucións públicas.

Paralelamente nas Xornadas desenvolveuse a Mostra da Educación Ambiental coa presenza de diversas entidades de iniciativa públicas e privada, así como as exposicións Cambio Climático (CEIDA), Voz Natura (La Voz de Galicia) e Axenda 21 Escolar (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

### UNHA PARTICIPACIÓN MULTIPROFESIONAL, MULTIDISCIPLINAR E MOI PRODUTIVA

Nas Xornadas, cunha nutrida participación multiprofesional e multidisciplinar, presentáron-

se, ademais dos relatorios, un total de 50 comunicacións e 18 pósteres que conforman un valioso traballo recollido nas publicacións que derivaron delas<sup>3</sup>. O nivel de participación e os traballos presentados son boa mostra, a pesares das inercias escasamente estimuladoras, do quefacer cotiá en diversos espazos educativos -escolares, académicos, sociais...- e por parte de diferentes axentes -profesorado, técnicos, asociacións, administración autonómica e local, voluntariado...-. A multiplicidade de escenarios e contidos que lle dan soporte, son sinal inequívoca da riqueza e posibilidades do traballo educativo-ambiental, sustentado na perspectiva holística e interdisciplinar que require para o seu desenvolvemento.

### CONCLUSIÓNS

Pero se hai un documento valioso, froito da reflexión compartida e co interese construtivo de avanzar na mellora da educación ambiental da cidadanía, ese é sen dúbida o que contén as conclusións elaboradas e debatidas no transcurso das VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental. Presentámolas de seguido organizadas nos ámbitos de traballo de referencia.

- Educación Ambiental nas institucións escolares
- Educación Ambiental nos movementos sociais
- Educación Ambiental no marco das institucións públicas

#### Conclusións sección 1

##### Educación ambiental nas institucións escolares

O desenvolvemento dun labor educativo ambiental acorde ás novas demandas e necesidades dunha sociedade globalizada, e progresivamente máis multicultural, esixe concentrar esforzos no desenvolvemento de competencias básicas e valores para



a cidadanía. Isto require reforzar nos procesos educativos os conceptos de transversalidade e interdisciplinidade, pero de maneira cada vez máis patente, o de inclusividade.

Fronte á persistencia de procesos inobilistas e desalentadores que inciden progresivamente na inhibición participativa e alentan o individualismo insolidario e acomodaticio, é preciso promover unha nova cultura participativa.

- É imprescindible promover e alentar procesos participativos e traballo colaborativo de TODA a comunidade educativa, sendo preciso redobrar esforzos e incidir coas propostas e estratexias axeitadas, na implicación das familias. Isto permitirá transcender o ámbito escolar e abrirse a procesos educativos compartidos que poidan consolidarse en todos os contextos e espazos de vida.
- Esta cultura colaborativa debe ter o punto de arranque entre os propios profesores e profesoras, compartindo experiencias que fagan visible o traballo e posibilitando a rendibilidade de esforzos.

O traballo de EA que se desenvolve nas institucións escolares continúa sendo considerado "a maiores" das múltiples tarefas e proxectos que desenvolven as profesoras e profesores nos centros. Isto ten como consecuencia

<sup>2</sup> Luís Jiménez Herrero, José A. Caride, Jorge Riechmann, Francisco J. Asín, Josep Planas, Ricardo de Castro, Manuel Domínguez Rei, Celestino Quintela, Lucía Iglesias, Pablo Meira; Manuel A. Fernández, Xulio Gutiérrez foron relatores nas VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental.

<sup>3</sup> Morán, M.C. e Fernández, M.A. (coords.) (2009): VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental. Actas. Santiago de Compostela: Unidixital. [www.eduambiental.com](http://www.eduambiental.com)

conferirle un papel subordinado, ocasional e, en moitas ocasións, anecdótico na formación do alumnado, así como o desgaste e a desmotivación por parte do profesorado implicado nesta tarefa. Case vinte anos despois do recoñecemento e formalización da EA no currículo no sistema educativo escolar (LOXSE, 1990) é preciso continuar reivindicando o papel que lle corresponde á EA no marco curricular da educación institucionalizada.

Cómpre facer visible a potencialidade da EA como ámbito aglutinante de ensinanzas e aprendizaxes, como núcleo de proxectos e propostas educativas, asumindo o papel curricular que lle corresponde:

- Xerando teoría dende as aulas: incorporando e reivindicando o papel dos docentes e do alumnado como xeradores de coñecemento, como investigadores.
- Ampliando o marco espacial de referencia: empregando novos espazos tanto reais (comezando polo propio centro, desenvolvendo o pensamento crítico sobre a situación ambiental do propio contexto, vinculado á acción problematizadora e alternativa) como virtuais (webquests, web 2.0 como por exemplo na A21EG) ou sen fronteiras, xa que tanto os problemas coma os coñecementos son globais.

O impulso a EA que se propón non é alleo á renovación do concepto de escola acorde as novas esixencias arriba expresadas. **Un novo concepto de escola e unha renovada práctica escolar**, que atenda as diferenzas, promova e poña en valor a diversidade cultural, e ensaie novas propostas organizativas e académicas que posibiliten o traballo educativo flexible e interdisciplinar que a EA demanda.

- É preciso renovar o requisito de contextualización da acción educativa atendendo as

diferenzas e peculiaridades dos diversos ámbitos (rural, barriada, vila...) e culturas. Trátase de facilitar desde a escola os saberes (ser, estar, facer) que posibilitan “pensar globalmente e actual localmente”.

- Esta práctica escolar contextualizada e promotora de accións no medio precisa de apoios: formación, financiamento, e, de xeito moi especial, TEMPO para desenvolver actividades de EA nun día a día das aulas moi atarefado. Pero tamén compromiso dos profesionais coa innovación, impulsando centros educativos innovadores no eido da participación, da organización e do currículo.

O poder dos medios de comunicación na transmisión de información e na creación de opinión sobre cuestións ambientais contrasta co escaso protagonismo que lle outorgan, coa indefinición das seccións nas que se sitúa esta información, e coa deficiente especialización nesta temática dos seus profesionais.

- Denúnciase esta insuficiencia e demándase un tratamento máis amplo, especializado e rigoroso da información sobre ecoloxía e medio.
- Sublíñase a necesidade de prestar especial atención á análise e interpretación dos coñecementos previos do alumnado no ámbito da educación ambiental que, influídos principalmente polos medios de comunicación, tenden a despersonalizar as problemáticas ambientais, mesturando coñecementos científicos e acientíficos.

A publicidade é un recurso didáctico de gran importancia e con gran atractivo para os estudantes. A súa utilización nas aulas debe servir para desvelar manipulacións, falacias, omisións e mensaxes negativas implícitas,

coa intención de avivar o espírito crítico dos estudantes.

- Anímase ao profesorado a aproveitar este recurso na aula cun enfoque crítico e comprometido, e reclámase da administración un código regulador da publicidade que utiliza argumentos supostamente ecolóxicos.

A EA ocupa un lugar marxinal tanto na formación do profesorado como nas aulas de Primaria e Secundaria. O dilema entre transversalidade / disciplinaridade non está resolto, pero a precariedade curricular da EA vai en aumento.

- Reclámase unha maior atención á EA nos graos de mestres e no máster de secundaria para que os futuros docentes poidan incorporar adecuadamente estas temáticas á aula.

A interpretación do patrimonio é unha técnica de comunicación estratéxica na formación e na sensibilización dos cidadáns, pero hoxe por hoxe en Galicia non responde a estas expectativas.

- Cómpre transformar os “centros de visitantes” en “centros de interpretación”, cunha información pertinente, atractiva, temática e organizada, e con “guías intérpretes” cualificados.

Un balance da “Axenda 21 Escolar” ofrece limitacións de bastante importancia: temáticas clásicas; poucos recursos e mal aproveitados; deficiente formación do profesorado; falta de persoal; escaso traballo en rede e falta de avaliación dos resultados...

- Demándase o reforzamento da A21EG cun pulo decidido e comprometido dende as administracións de Educación e Medio Ambiente.

A temática ecolóxica e medioambiental está ligada ao ser humano como individuo creador que vive en sociedade e en relación

coa natureza, nunha perspectiva holística.

- Debemos superar os esquematismos ríxidos e excluíntes entre a Educación Ambiental e as Ciencias Experimentais. Animamos a traballar estas temáticas desde as Ciencias Sociais tanto na investigación como na aula e, de xeito singular, a aproveitar a literatura galega como recurso para a toma de conciencia medioambiental entre o noso alumnado.

A diversidade lingüística e cultural debe ser obxecto de especial atención e promoción na sociedade globalizada na que andamos.

- Solicitamos dos poderes públicos galegos a súa implicación continuada nos procesos de aprendizaxe escolar e académica normalizada da lingua galega, nestes tempos especialmente delicados para o futuro e supervivencia do código histórico, cultural e identitario do noso país.

### Conclusiones sección 2

#### Educación ambiental nos movementos sociais

Falta de lexislación, apoio e valoración por parte das administracións públicas dos educadores ambientais.

- Débese regular e recoñecer a categoría profesional dos educadores ambientais.

Utilidade dos programas de EA desenvolvidos polos movementos sociais no ámbito do fogar, como promotores do cambio de actitudes no referente ao consumo, ao aforro enerxético, á xestión da auga...

- Proponse seguir incidindo no desenvolvemento de programas de EA dirixidos á poboación xeral no ámbito do fogar.

Os centros e equipamentos de EA, polas súas características, constitúen unha fonte moi importante de recursos de EA na

nosa comunidade, especialmente dirixidos á poboación escolar.

- Deberían incidir ademais no seu papel de dinamizadores da sustentabilidade da zona onde están integrados, mediante a posta en valor de todos os recursos existentes.

### Conclusión sección 3

#### Educación ambiental no marco das institucións públicas

Tomando como referencia os estudos realizados no Proxecto Fénix e as opinións recollidas nas comunicacións presentadas nesta sección, considérase que este non é un bo momento para a EA e que a desaparición da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, é unha dificultade engadida á situación denunciada.

- Deféndese que as institucións faciliten a presenza da EA impregnando todos os sectores e considérase que debe facerse presente nas políticas públicas a nivel estrutural: no "facer facendo" de cada unha delas; nas intervencións básicas de gasto enerxético e respecto medioambiental; na defensa do patrimonio común, natural e construído.
- A educación ambiental ten que asumir un compromiso de reeducación, estendendo unha nova mirada máis consciente da responsabilidade na conservación do planeta.

A baixa participación dos concellos galegos nestas Xornadas, así como noutros foros similares, é mostra da escasa presenza e relevancia que a EA continúa tendo na acción municipal. Constatase que tamén son poucos os que participan nos procesos da axenda 21 local, a pesar do seu papel clave na concreción de plans para o desenvolvemento sostible; que os que participan non pasan da fase de diagnose; que a percepción da educación ambiental, en xeral, como algo

problemático, pode estar na base desta inhibición.

- Sublíñase o papel fundamental das administracións locais en relación á EA e reclámase a súa implicación tendo en conta o seu alto nivel de competencias e a súa proximidade á cidadanía coa capacidade de incidencia e de efecto multiplicador que poden supoñer unhas boas prácticas.

As accións promovidas polas diferentes institucións son pouco difundidas máis alá dos límites dos seus territorios competenciales, descoñecendo por outras instancias e mesmo pola poboación en xeral; esta ausencia de comunicación interinstitucional ten como consecuencia a reiteración e superposición de iniciativas, o que a maiores da escasa rendibilidade de esforzos e inversións, dificulta os logros e alcance das propostas.

- Reclámase un maior esforzo no labor de difusión e coordinación das accións emprendidas polas institucións públicas no marco da EA, a fin de acadar sinerxias que multipliquen os efectos e amplíen o alcance nos diferentes ámbitos sociais.

A poboación escolar continúa a ser o colectivo diana da maioría dos programas desenvolvidos polas institucións públicas, o que non só resulta un tanto reiterativo e excesivo, senón que fai perder esforzos que deberían utilizarse para traballar con outras idades e/ou outros tempos



de educación (ocio, educación ocupacional, voluntariado...).

- Aléntase unha maior decisión e creatividade nas institucións públicas promovendo iniciativas de EA dirixidas á poboación en xeral no marco da vida cotiá e dos diferentes tempos educativos e sociais, superando a visión do colectivo infanto-xuvenil como único necesitado de formación neste ámbito e evitando a concentración de esforzos nos centros educativos que, en moitas ocasións, poden verse saturados de demandas.

Constátase que moitas das **propostas institucionais de EA** que teñen como destinataria a poboación escolar continúan planificándose e entendéndose como **independentes do proceso educativo**, e polo tanto interpretándose como extraescolares, anecdóticas ou alleas ao labor específico no marco da institución escolar.

- Demándase unha maior reflexión acerca da finalidade e metodoloxía da intervención das propostas de EA para os centros escolares: nos obxectivos que se deben acadar; na actuación colaborativa cos centros (na planificación e no desenvolvemento de actividades, na asunción de propostas educativo-ambientais nos PEC...)

É incuestionable a grande repercusión que os medios de comunicación poden ter na educación ambiental da cidadanía, difundindo coñecementos, sensibilizando, creando conciencia e promovendo novas prácticas cotiás; sen embargo, constátase a escaseza de seccións temáticas específicas e incluso a formación especializada dos xornalistas no ámbito da EA.

- Sublíñase a necesidade de crear seccións de temática ambiental nos medios de comunicación así como a

formación e especialización dos e das xornalistas.

Do percorrido polos programas e accións, a través das comunicacións e das valoracións realizadas polos asistentes, conclúese a **necesidade de continuar avanzando en estudos, equipamentos, propostas e iniciativas de EA**, para o que é imprescindible o respaldo institucional.

- Ínstase as administracións públicas a continuar apoiando este labor, prioritariamente a través de convocatorias de axudas institucionais que reforcen o desenvolvemento de proxectos para a sustentabilidade.

#### ACORDO FINAL

Demándase o compromiso institucional para a celebración bianual das Xornadas Galegas de Educación Ambiental, como foro imprescindible de encontro, exposición e debate de experiencias.

Aléntase ao reencontro nas VII Xornadas Galegas de Educación Ambiental en 2011

#### POLAS VII XORNADAS GALEGAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Tras moitas vicisitudes acontecidas na breve historia da Educación Ambiental galega moderna, o diagnóstico realizado durante estas Xornadas ten un marcado acento crítico. Moitos dos avances acadados ao longo dos anos oitenta e noventa están retidos ou freados, dando a impresión de que a Educación Ambiental deixara de ser considerada como un dos principais motores da innovación e o cambio nas escolas. A parálise evidente da Estratexia Galega de Educación Ambiental é un claro expoñente desta situación, e nin sequera o intento levado a cabo pola SGEA para a súa refundación (Proxecto Fénix) parece ser capaz de poñer a andar o programa elaborado xa hai uns dez anos.

Non obstante, as Xornadas amosaron inquiredanzas, propostas e

expectativas. As conclusións dan conta dun rico e frutífero debate nos días de encontro. Tras ser lidas, finalmente, na sesión plenaria de clausura, foron enviadas a todas as persoas participantes. Igualmente fixéronse chegar aos responsables das dúas Consellerías patrocinadoras, Medio Ambiente e Educación, e incorporáronse ao Portal Eduambiengal, para a súa maior difusión pública entre todas as persoas interesadas.

O traballo feito cumprirá un dos seus obxectivos prioritarios se serve para abrir novos camiños e achegar enerxías aos difíciles procesos de integración da Educación Ambiental nos eidos da comunicación, a educación e a xestión. Para iso, parécenos de todo punto necesario manter este foro de debate e intercambio, polo que reiterando o acordo final das VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental, Eduambiengal'09, demándase o compromiso institucional para que estas Xornadas recuperen a súa periodicidade bianual e se comece xa coa organización das VII Xornadas no ano 2011. Tratando de colaborar neste fin, o Taller de Educación Ambiental do I.C.E. da Universidade de Santiago de Compostela, mantén aberta a páxina <http://www.eduambiengal.com/>, como ferramenta de continuación para o equipo responsable da próxima convocatoria.

A consolidación da iniciativa podería ser unha boa mostra da participación activa de Galicia na "Década das Nacións Unidas da Educación para o Desenvolvemento Sostible" iniciada o 1 de xaneiro do 2005.



## A RGE, UNHA PORTA SEMPRE ABERTA A TI

A Revista Galega de Educación (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións.

O Consello de Redacción daralles preferencia aos artigos dirixidos á sección "Prácticas e experiencias", que acolle traballos de todos os niveis do ensino non universitario.

AS COLABORACIÓNS deberán axustarse, OBRIGADAMENTE, ás normas seguintes:

### Características das colaboracións.

1. Deben ser inéditas, poderán estar dirixidas ás seguintes seccións da RGE e deberán axustarse, obrigatoriamente, á extensión sinalada (sempre con espaciado incluído):

- **Prácticas e experiencias:** 6.000 caracteres.
- **Proposta de unidade didáctica:** 32.000 caracteres.
- **Reflexións, resultados investigacións, etc.:** 6.000 caracteres.
- **Escríbenos:** 2.200 caracteres.

Todas as achegas deberán ser redactadas na fonte de letra Times New Roman, tamaño 12 e con interlineado simple, e remitidas, en soporte informático físico (cd, dvd, pendrive, disquete...) ou por correo electrónico ó enderezo [rge.redaccion@mundo-r.com](mailto:rge.redaccion@mundo-r.com).

2. Na cabeceira do artigo figurarán: o título, o nome do autor/a ou autores/as, a profesión e o lugar ou centro de traballo. E ó final do mesmo, o enderezo postal, o/s teléfono/s de contacto e o enderezo de correo electrónico.

3. Nas referencias e citas bibliográficas de libros procederáse de acordo co seguinte modelo: apelidos; nome ou inicial, con punto, do/a autor/a; paréntese para o ano de publicación, punto; título do libro en cursiva, punto; lugar de edición, dous puntos, editorial, punto.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (1992). *Os cómics nas aulas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Se houbese varios traballos publicados por un mesmo autor ou autora no mesmo ano, despois do ano porase coma e logo: a, b, c...

VAZQUEZ FREIRE, M. (1992, a). *Que é a Reforma?* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

VAZQUEZ FREIRE, M. (1992, b). *O currículo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

4. Nas referencias e citas bibliográficas de artigos de revistas procederáse de acordo co seguinte modelo: tralo autor e ano, título do artigo, punto; nome da revista en cursiva, número da revista, coma, páxinas con guión intermedio, punto.

ROZAS CAEIRO, A. (1992). A Educación Ambiental e outros programas educativos. *Revista Galega de Educación*, 13, 6-9.

5. As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente sempre entre parénteses ou con grafía saltada (ex: (1) (2) (3)...), deben incluírse ao remate do traballo. A continuación das notas pode facerse unha lista bibliográfica ordenada alfabeticamente, seguindo os criterios anteriores.

6. Se no texto se quere facer unha referencia xenérica ós ditos libros, sen concretar páxina, pódese citar do seguinte xeito: paréntese, apelidos, coma, ano de edición, paréntese.

(Fernández Paz, 1992)

No caso de que se queira facer unha referencia ao número da páxina, pódese citar do seguinte xeito: paréntese, apelidos, coma, ano de edición, dous puntos, páxina, paréntese.

(Fernández Paz, 1992: 32)

7. No caso das citas tomadas de Internet, poderase seguir, en liñas xerais, a seguinte proposta:

SERRA, A. *Las redes ciudadanas, ¿una vía para los países en desarrollo?*, WEB: <http://bcnet.upc.es> e <http://bcnet.upc.es>

8. Evitárase no posible o uso de abreviaturas e do etcétera marxinal. Cando dentro do corpo do artigo se citen frases textuais, estas irán en cursiva do seguinte xeito:

- Se a frase textual, ocupa menos de dúas liñas redactarase de corrido no texto, entre comiñas.

- De ocupar maior extensión, escribirase á parte, precedida de dous puntos e sangrada na marxe esquerda, podendo empregar outro tamaño de letra e reducir o espazo interlineal.

9. As colaboracións poderanse acompañar das ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, figuras, cadros...) que se consideren necesarias, sinalándose claramente no texto, mediante acotación entre parénteses, o lugar onde deben reproducirse:

(INSERTAR IMAXE: "aula\_natureza.jpg")

Sería altamente recomendable que as colaboracións referidas ao apartado "prácticas e experiencias" fosen ache-

gadas con material gráfico ilustrativo da experiencia.

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG ou TIFF.

10. No caso de dar conta dunha proposta ou experiencia pedagóxica práctica pódese empregar o seguinte esquema referencial (coas adaptacións precisas):

- Contexto do centro e da experiencia.
- Nivel educativo.
- Obxectivos da experiencia.
- Desenvolvemento concreto: actividades realizadas ou que se proñen.
- Comentarios sobre o seu desenvolvemento.
- Avaliación por parte do alumnado e do profesorado; reflexión sobre o realizado.
- Perspectivas abertas a partir de aquí, crítica, cambios necesarios...
- Referencias bibliográficas.

11. Agradecemos o envío de información e documentos para a Sección de Panoraula.

12. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente aprobada pola Real Academia Galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE.

13. Por cada colaboración o autor/a recibirá un exemplar do número da RGE onde apareza o seu traballo.

14. A RGE comunicará a cada un dos autores ou autoras a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación, ou non, para a publicación.

Para calquera suxestión, comentario, proposta, etc., podeades poñervos en contacto co Consello de Redacción (correo electrónico: [rge.redaccion@mundo-r.com](mailto:rge.redaccion@mundo-r.com)).

Enviar a:

Xesús Rodríguez Rodríguez  
Director da Revista Galega de Educación  
Nova Escola Galega  
San Clemente, 18, baixo.  
15705  
Santiago de Compostela  
(A Coruña)



## Luís Seoane, ilustrador de libros infantís

Miguel Vázquez Freire

Cúmprese este ano o centenario do nacemento de Luís Seoane, para moitos o máis grande artista plástico que ten dado o noso país en todo o século XX. Non entrarei a cuestionar ou lexitimar a xustiza do tal cualificativo que, en todo caso, cando acada tan amplo consenso é seguro que non pode estar de todo falto de fundamento. As exposicións e publicacións sobre a súa obra sucédense. Eu tiven xa oportunidade de visitar varias e convido aos lectores a facer o mesmo, que seguro continuarán aínda percorrendo a nosa xeografía. Pero hai un aspecto que, teño a impresión, está a pasar desapercibido, aspecto que, se certamente foi menor na súa inxente obra, nesta sección reclama perentoriamente a súa presenza. Refírome ao seu labor de ilustrador de libros para nenos.

Foi Seoane (1910 - 1979) un artista multifacético, que cultivou tamén a creación literaria, o que provocou que merecese o Día das Letras que lle foi dedicado no ano 1994. Pero, que eu saiba, na súa por outra banda non moi ampla produción creativa escrita –a principal e máis numerosa foi nos eidos da poesía e da crítica e a teoría artísticas– os textos dirixidos á infancia non ocuparon ningún lugar. Si, en cambio, ese albo estivo presente na súa faceta de deseñador e ilustrador de libros.

Paréceme que non sería esaxerado dicir que se, como pintor, a indubidable calidade da súa obra non permite con todo asignarlle alén dun lugar epigonal con respecto aos grandes nomes da arte internacional –en particular a influencia de Picasso e o cubismo é manifesta– en tanto que ilustrador e grafista ou deseñador o seu valor increméntase. A súa traxectoria como deseñador de capas de libros en diversas coleccións arxentinas –Losada, Emecé– nos anos cincuenta e sesenta, é ben coñecida e acadou uns niveis innovadores que deixaron sensible pegada no esixente –comparativamente ao daquela máis apagado panorama español– mundo editorial iberoamericano.

Pois ben, entre os libros que gozaron do toque enriquecedor do deseño de Luís Seoane estivo un chamado a xogar un papel senlleiro no xermolar da literatura infantil e xuvenil galega: “Memorias dun neno labrego” de Xosé Neira Vilas. A primeira edición desta obra, que converterá a Balbino nunha das figuras arquetípicas das nosas letras, apareceu en Arxentina con capa de Luís Seoane, quen contribuíra decisivamente para que a novela puidese chegar ver a luz. Penso que é mágoa que nas posteriores edicións, xa en Galicia, non se volvese recuperar esa capa orixinaria, baseada nun sobrio xeometrismo figurativo que amosa unha xanela detrás da que mira un rostro reducido aos trazos máis esenciais.

É sabido que Neira Vilas non acepta de bo grao que se cualifique “Memorias” como novela infantil, nin sequera xuvenil, o que merece ser tomado en conta, tanto máis canto ten entregado outros libros que si

responden expresamente a ese concepto –quizais sexa a fermosa parábola “O espantallo amigo” a máis conseguida–. De feito, a obra non nace nunha colección dese tipo –ben que naquel momento as coleccións para lectores mozos non gozaban da moda actual– e nas posteriores edicións en Galaxia tampouco é acollida nunha colección para lectores específicos. O que converte a “Memorias dun neno labrego” nunha novela para mozos, e ao seu protagonista Balbino no noso Tom Sawyer ou David Copperfield, é un factor determinante e incuestionable: a aceptación que a súa lectura atopa entre as xeracións de rapaces novos practicamente desde a súa aparición.

Seoane regresará do exilio americano nos anos sesenta e, practicamente ata a súa inesperada e prematura morte, vivirá dacabalo entre Buenos Aires e Galicia. O seu papel, na concepción tanto industrial como artística, do complexo de Sargadelos, foi determinante, sempre a carón de Isaac Díaz Pardo. Tamén en Edicións do Castro, a división editorial do complexo. É nesta editorial onde aparecen as súas ilustracións para novas obras de Neira Vilas: “Cartas a Lelo” (1971) e “Historias de emigrantes” (1975, a 1ª edición aparecera en Montevideo en 1968). Unha vez máis é mágoa que a capa orixinaria da primeira fose substituída en edicións posteriores por outra que xa non é da autoría de Seoane, mesmo aínda cando esa capa orixinal non figure entre as máis acertadas do autor. Tamén a segunda conta cunha capa que non se debe a Seoane aínda que neste caso non puiden contrastar a orixinal americana.

Son obra xenuína de Luís Seoane, en calquera caso, as ilustracións do interior. Todas elas consisten en retratos de personaxes que aparecen trazados cos riscos rápidos, enérxicos e sobrios característicos do autor. As figuras dominan o espazo, que raramente inclúe ningún outro elemento adicional. Eu gusto especialmente da imaxe, en “Cartas a Lelo”, dos dous mozos danzantes, que rompe co estatismo que predomina nos restantes retratos. De novo nestas obras se nos presenta a cuestión –menor, de todos os xeitos– de se o destinatario destes libros é propiamente o lector xuvenil, se non infantil. Podería dicir, acudindo a un adxectivo moi frecuentado por Agustín Fernández Paz, que estamos diante de obras “fronteirizas” porque, sen estar pensadas especialmente para lectores menores en idade, son ben aceptadas por estes. Nestes específicos casos, tanto o autor do texto como o das imaxes non adoptaron ningunha das estratexias autolimitadoras ás que moitas veces se ve obrigado quen se dirixe especialmente aos lectores nenos. O que proba que non é indispensable –sendo tantas veces reprobable– a “infantilización” da escrita ou das ilustracións para poder comunicar con eles.

Hai, finalmente, dúas obras que estas si responden explicitamente ao carácter de libro infantil. As dúas

son pezas teatrais. A primeira é a que constitúe, na miña opinión, a obra maior de Luís Seoane como ilustrador de libros para a infancia: “A laranxa máis laranxa de todas as laranxas”, de Carlos Casares. As imaxes teñen a súa orixe nos deseños da escenografía e figurinos que Seoane fixo para unha das primeiras representacións da peza. Son imaxes, en bicromía, que xogan coas características cores planas da obra gráfica do artista, e que responden unha vez máis aos riscos de sobriedade e sinxeleza que destaquei anteriormente. Acrecéntase un algo agora a tendencia á caricaturización –que non infantilización– dos personaxes o que, por outra banda, acáelle perfectamente ao carácter de humor absurdo e desmandado da obra de Casares. A segunda é “Viaxe ao país de ningures”, de Manuel Lourenzo, e nela reitéranse as notas que xa foron aplicadas para os libros anteriores: as figuras constitúen retratos de personaxes, deseñados con riscos rápidos sobre fondos xeralmente neutros.

Non dispoño de espazo para analizar a dimensión de ideólogo das artes que Seoane ten desenvolvido en diversos ensaios que chegaron a exercer unha importante influencia sobre os artistas galegos. Direi tan só que a súa teorización da “arte nacional” salienta sabiamente que o carácter “nacional” dunha obra de ningún xeito pode ser o resultado dun programa imposto –ou mesmo autoimposto–. Deixarei que as súas propias palabras poñan o punto final: “Na arte, non no simulamento artístico, o artista verque o seu espírito no traballo e non tén por qué se preocupar do problema da nacionalidade da súa obra que, outramente, é, coma obra artística, universal, pois a nacionalidade, a particularidade, xurde das coincidencias espíritoais, da comunidade de gostos e de sentimentos coas xentes do seu pobo.” (“Anotación sobre da creación artística” en *Textos encol da arte galega*, Cuadernos da Gadaña nº 0, Editorial Brais Pinto, Madrid 1979).

#### REFERENCIAS:

- NEIRA VILAS, X. (1971): *Cartas a Lelo*. Edicións do Castro.
- CASARES, C. (1973): *A laranxa máis laranxa de todas as laranxas*. Galaxia.
- NEIRA VILAS, X. (1975): *Historias de emigrantes*. Edicións do Castro. (1ª ed. Montevideo 1968).
- LOURENZO, M. (1977): *Viaxe ao país de ningures*. Galaxia.

MIL COUSAS PODEN PASAR. LIBRO I

Jacobo Fernández Serrano

Premio Merlín 2009

Edicións XERAIS

Un título moi adecuado para este fermoso disparate pleno de orixinalidade e fantasía. Mil cousas poden pasar é o que di Mercurín a súa irmá, a modo de conclusión despois de aceptar as súas decisións. Pois si, eles forman parte do mundo do mar, no que reina o seu pai Pindo IV O Tratable porque a un antepasado seu, Meaño I O Que Tivo a Idea, ocorréuselle nomearse rei e todos lle deixaran cumprir o antollo. Así poden crearse as monarquías! Tritóns e sereas que se divirten buscando unha coroa para o aniversario de seu pai, que mellor agasallo? Todo sería normal se a coroa fose de ouro e pedras preciosas, pero non, estes reis acostuman poñer na cabeza obxectos que proveñen do mundo de fóra do mar e con outros usos: teteiras e un longo etcétera de exotismos.

O mundo de fóra do mar, tamén presentado nas primeiras páxinas con planos e debuxos, é amplo, pero achégase o obxectivo da suposta cámara e enfoca a cidade de Nil, unha poboación atravesada por un río, o Inrique. Todo dentro da normalidade, tamén... se non fose porque un día desaparece o Inrique e os habitantes dun lado bótanlle a culpa aos do outro e móntase unha guerra –tal como unha dinastía– no mesmo leito seco, que só remata cando chega o río, cargado de equipaxe, á volta dunha viaxe de estudos.

Daquela, cando se declara a paz definitiva, os exércitos han de converterse en banda de música, aproveitando os uniformes e a Pouco –tan pouco é que non medra nin engorda nin fala– tócalle a tuba. Moito instrumento para tan pouco home! Pois ben, cando comeza a quitarlle os primeiros sons... aparecen os fillos do rei do mar na súa nube gota e secuestran instrumento con músico incluído, porque lles semella a mellor coroa que atoparse poida.

Lina, a muller de Pouco, está observando o que pasa... segue e persegue a nube tentando non perdelos de vista, e cada vez ha de estirar máis o pescozo que lle vai medrando palmo a palmo. Así chega ao mar e recupera a Pouco, dálle a mazá para volve-lo á vida e ser felices de novo, que para iso pouco fai falla en todos os sentidos.

A historia é divertida, a maneira de contala áxil e moi persoal, cun ritmo que conduce a continual sen repouso. O relato vai salpresado entre as ilustracións nas que o autor retoma o estilo que o caracteriza: un expresionismo que corre parello a unha estética de figuración que se bambea por diferentes correntes pero bebe da fonte surrealista impregnando ambas linguaxes.



As citas en pareado do parente do gato Kandás acompañan os debuxos do felino personificado na expresión que crean unha historia paralela á principal. Como a acompañan outros relatos nos que o humor campa ás súas anchas mentres xoga coas cousas máis serias, como nas substitucións que se producen nos oficios das xentes de Nil cando Hedión, o emperador sombrizo ou encargado do cemiterio, decide converterse en músico ocupando o lugar de Pouco e deixa ao seu fillo Propicio ao cargo do camposanto; de como este aplica as ensinanzas de súa nai, a arqueóloga, limpando tumbas e mortos ata conseguir sentalos a gozar do parque no que transforma ese lugar; de como o lugar de Propicio na escola é ocupado polo cocho Isaías que se empeña en cursar primaria e que á súa vez é substituído polo can Romero, envexoso da vida de porco; de como Tove Trobo, o xoieiro da vila, se queda vixiando as ovellas e a súa curmá, Tilia Cunqueiro a panadeira, se fai xoieira e ha de encargarse da elaboración do pan o seu mozo Dino Soneira, o albanel municipal; de como este cargo terá que ser asumido polo escritor de novelas Froufe Lamas que lle deixa a profesión á carteira Quindimil... mentres dona Numerosa, a alcaldesa, se pregunta que é o que lle está a acontecer á súa vila.

Mortos que volven á vida e mortos que xogan ás palabras encadeadas co neno enterrador, mulleres xirafa de tanto que axexan o horizonte, e veciños que se declaran a guerra determinados días á semana... toda unha labarada de cousas sen sentido, un absurdo con certos visos de seriedade e o humor ríndose de todo, incluso da guerra, incluso da morte. Unha alegación contra o sentido común.

O autor, que viña do cómic, atopou un lugar no que semella estar cómodo e anuncia próximos libros nos que, de novo, mil cousas poden pasar. Esperaremos polo Libro II e os que veñan, porque a imaxinación non ten límites e a experimentación tampouco.

Pilar Sampedro Martínez



## CARRAPETO

Ánxela Gracián

Ilustracións de Juan Berrio

Colección Librosaurio

Editorial MACMILLAN, 2009

O pai de Carrapeto é domador de pulgas nun circo e desexa que o seu fillo chegue a ser un cempés de proveito e que traballe nunha oficina entre diñeiro e contabilidades.

Carrapeto vai á escola Cempés con Futuro, un centro moi esixente onde só se aprenden disciplinas matemáticas.


Ao cempés Carrapeto non lle gusta ir á escola por dous motivos: non lle gustan as matemáticas, e sofre acoso escolar por parte de dous compañeiros. Atila, malo malísimo, písalle os seus cen pés coas súas cen botas de pel de gorila. Chaponcio, listo listísimo onde os haxa, búrlase del polo baixo.

Carrapeto é un cempés teimudo e traballador. Aínda que non entende ben para que serve multiplicar ou dividir, esfórzase enormemente en aprender a táboa do nove durante toda a fin de semana. Como recoñecemento ao seu inxente esforzo, o seu pai dálle cinco euros e a profesora, por saber as respostas, agasállao con cinco regalicias, lambetada pola que todos os cempés devenen.

Os premios gañados co seu empeño vanlle servir para conseguir o seu soño: seguir na clase dos listos e librarse do acoso ao que o somete Atila.

Carrapeto é unha historia recomendable para ler con nenos e nenas que aínda non saben ler, para que o lea quen xa sabe, e tamén para os adultos, pois é un libro didáctico en dúas vertentes, a dos personaxes que non actúan correctamente –Atila, Chaponcio, o dono da zapataría– e a de Carrapeto que, grazas ao seu esforzo, dá solucionado os seus problemas.

O final é un final feliz, o paiponse moi contento porque ve contento ao seu fillo e comprende que a felicidade non está sempre en ter un soldo seguro, senón en conseguir o que nos gusta ou o que se quere.



Mercedes Espiño Amil

**D'ABORD LES ENFANTS. FREINET Y LA EDUCACIÓN EN ESPAÑA (1926-1975)**

Antón Costa Rico

Servizo de publicacións e intercambio científico  
USC, 2010


Na entrada "Cuenta y razón", a xeito de Introducción, Antón Costa, tan coñecido para todos nós, dá conta do porqué deste libro. Nos últimos anos setenta e nos primeiros oitenta unha boa parte das innovacións e experiencias escolares de renovación, fundamentalmente, na primaria, estiveron vinculadas ás lecturas, aos traballos e ao espírito da pedagogía Freinet, a través do Movemento Cooperativo da Escola Popular, con edición de varias revistas con diverso grao de conexión: Colaboración, As Roladas, Reforma de la Escuela (de Barcelona). E así tamén en Galicia, onde dende a constitución e primeiros traballos do Grupo Galego dende outubro de 1975, se xerou unha liña de continuidade, que hoxe segue a través de Nova Escola Galega. No nº 26 da Revista Galega de Educación, Costa Rico deixa constancia deste proceso.

Porén, o profesorado militante desta orientación era descoñecedor da maior parte dos datos deste libro, da intensa relación entre a familia Freinet e os educadores españois, sobre todo os cataláns e os aragoneses. Xenericamente algo se sabía, pola existencia de varios artigos e textos de pequena circulación, dende hai varios anos. Hai unha pequena corrente de estudos e de difusión, fundamentalmente de datos e textos do tempo da República, que se move entre algúns investigadores de Hª da Educación e en clave académico-universitaria.

O presente libro procura ofrecer datos importantes, ata aquí descoñecidos, do que pasou no tempo da guerra, da acollida de nenos españois fillos de republicanos na Escola Freinet en Francia, e sobre a relación cos exilados españois freinetianos en México, ademais de ofrecer un panorama sobre os primeiros andares desde 1966 para a recuperación dos grupos Freinet en España, ata o asentamento do novo grupo en 1975.

O texto figura amplamente ilustrado con reproducións de portadas de revistas pedagóxicas e sindicais da época, fotografías e materiais. Moi importante igualmente a indicación das fontes de documentación e a bibliografía ordenada en distintos apartados. 13 textos seleccionados, a partir da tradución directa do francés, ofrecen grandes posibilidades, mediante a metodoloxía dos comentarios de texto.

Ademais da disposición estrutural, hai que destacar neste traballo a cualidade narrativa do autor. A cor, tan frecuente nos traballos de Freinet, figura na úl-



tima páxina, a que lle dá título ao libro, D'abord les enfants. Polo que supón de contacto directo cosas fontes orixinais francesas, moitas delas descoñecidas para nós, de posibilidades de afondamento na investigación, tanto dende a perspectiva máis ampla como da realidade educativa galega máis próxima, de recurso metodolóxico nas aulas e de historia viva do maxisterio, consideramos relevante este volume, no conxunto de traballos co novidoso selo da USC EDITORA.

Anxo Serafín Porto Ucha  
Dpto. de Didáctica e Organización Escolar  
Universidade de Santiago de Compostela

## AVALIACIÓN DA COMPETENCIA DO ALUMNADO DE 4º DA ESO NOS IDIOMAS GALEGO E CASTELÁN


Coordinador: Bieito Silva Valdivia  
 Instituto de Ciencias da Educación  
 USC, 2010

Acollemos con moito agrado a publicación recentísima do volume intitulado *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*, editado polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, como resultado dun convenio de colaboración entre esta institución académica e a Secretaría xeral de Política Lingüística, asinado en 2009 e orientado, como lembra a introdución “ a avaliar de xeito comparado a competencia do alumnado de 4º de ESO nos idiomas castelán e galego e coñecer a súa relación con variables sociolingüísticas, socioeconómicas e pedagóxicas”.

Este manual, coordinado polo profesor Bieito Silva Valdivia, presenta un estudo mostral centrado no alumnado de 4º da ESO de toda Galicia, atendendo ás variábeis de hábitat e titularidade dos centros educativos, a partir dunha metodoloxía centrada no desenvolvemento da expresión escrita, oral, gramatical e léxica en galego e castelán.

O ensino galego veu carecendo sistematicamente de estudos científicos coma este, de verdadeiras análises de resultados obxectivos, empíricos, que permitisen contrastar o éxito ou fracaso da planificación educativa desenvolta. Esta eiva vese acentuada cando o que está en xogo é un obxectivo nuclear requirido pola Lei de normalización lingüística (1983): o coñecemento en igualdade do galego e do castelán no remate da escolaridade obrigatoria, e sobre o que todos –incluídos os representantes da administración educativa– tiñamos a percepción dun cativo balance de resultados.

É por iso que esta presentación de resultados obxectiva e rigorosa é máis necesaria ca nunca, este informe cero ou foto panorámica, como se denomina na clarificadora introdución, chega nun momento de máxima oportunidade que necesariamente debemos (re)visitar os e as profesionais do sistema educativo galego e, fundamentalmente, a actual autoridade governamental para o ensino –que agora apoia esta publicación– para asegurármonos de que as modificacións que neste curso se acaban de poñer en funcionamento coa aprobación do decreto 79/2010 teñan unha base de coñecemento sólido que permitan asentar principios e fins atinados e coherentes á realidade sociolingüística galega. Entendemos, pois, que a implantación dun novo regulamento que promova verdadeiramente a mellora da competencia plurilingüe non pode obviar esta análi-



se referente á competencia actual na lingua propia e oficial, o galego, e mais na outra lingua tamén oficial de Galicia, o castelán, pois, do contrario, o propio concepto “plurilingüismo” non se comprendería.

Malia estarmos aínda pendentes dun outro estudo que avalíe as destrezas lingüísticas canto ao seu uso activo, salientamos desta investigación algunhas conclusións:

1. O alumnado de Galicia que ten como lingua habitual o galego e habita en contornos galegófons ten unha competencia similar, na expresión escrita, nas dúas linguas oficiais, mentres que os residentes en contextos castelanófons ou de lingua habitual castelán mostran bastante menos competencia en galego ca en castelán (case medio punto de diferenza).
2. Canto á expresión oral, a competencia nas dúas linguas só se distancia, en detrimento do galego, naquel alumnado que vive en núcleos urbanos, que cadra co resto dos indicadores que reproducen unha diferenza significativa entre a competencia en galego (menor) e en castelán (máis elevada); isto é, concorda este último perfil con aquel alumnado que ten como lingua inicial e habitual castelán, cuxos pais teñen un nivel socioprofesional medio-alto e que está escolarizado en centros privados.

Moitos outros son os datos aos que o lectorado pode achegarse neste estudo; seguramente moitas respostas contrastadas permitirán entender o auténtico alcance dalgunhas opinións -cando menos desinformadas, senón malintencionadas- que tendenciosamente parecían querer estigmatizar nun polo unicamente negativo, a lingua galega nestes últimos tempos.

Valentina Formoso Gosende  
 IES Félix Muriel, Rianxo  
 Mercedes Queixas Zas  
 CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco

# puntos de venda da revista galega de educación

POBOACIÓN	LIBRERÍA	ENDEREZO	TELÉFONO	CORREO-e
A Coruña	Librería LUME	Fernando Macías, 3 -15004,	981.263.408	info@lumelibros.com
A Coruña	Librería DIDACTA	Avda Rubine, 13-15 -15004,	981.278.991	librariadidacta@mundo-r.com
A Coruña	Librería XIADA	Avda Finisterre, 76-78 - 15004,	981.276.950	xiada@ctv.es
A Guarda	Librería ATLÁNTICA	Rúa Concepción Arenal,10	986.613.431	
Burela	Comercial AUMA	Rúa da Igrexa, nº 13 - 27880	982.580.879	
Burela	Librería CADERNOS	Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 6 - 27880	982.586.081	
Ferrol	Librería CAMPUS	Avda de Esteiro, 30-32 -15403	981.364.027	libreriacampus@verial.es
Lugo	Librería AGUIRRE	R/ Bispo Aguirre 8, baixo- 27002	982.220.336	
Lugo	Librería BIBLOS	Doutor Fleming, 1,	982.224.201	
Lugo	Librería TRAMA	Avda. de A Coruña, 21 - 27003	982.254.063	libreriagrama@mundo-r.com
Melide	Librería PARRADO	Moa, 3	981.505.039	
Ourense	Livraría TORGA	Rúa da Paz, 12 - 32002		
Ourense	Librería TANCO	Rúa Cardenal Quevedo, 22,		
Pontevedra	Librería MICHELENA	Rúa Michelena, 22 - 36002	986.858.746	info@libreriamicelena.com
Santiago	Librería COUCEIRO	Praza Cervantes, 6 -15704	981.586.237	libreriacouceiro@autonomos-ata.com
Santiago	Librería FOLLAS NOVAS	Rúa Montero Ríos, 37 -15706	981.594.406	follasnovas@follasnovas.es
Santiago	Librería ABRAXAS	Rúa Montero Ríos, 50 -15706	981.580.377	grialibros2@infonegocio.com
Tui	Librería IRIS	Rúa Calvo Sotelo, 25 - 36700	986.601.946	
Vigo	Librería CARTABÓN	R/ Urzáiz, 125 - 36205	986.372.883	lcartabon@verial.es
Vigo	Librería ANDEL	Rúa Pintor Lugrís, 10 - 36211	986.239.000	andel@andelvirtual.com
Vigo	Librería MAÑÁN	R/Cadaval nº21	986.226.167	libreriamaanan@mundo-r.com
Vigo	Librería LIBROURO	R/ Eduardo Iglesias, 12-36202	986.226.317 986.221.439	librouro@arrakis.es
Vilagarcía	Librería AROUSA	Rúa Edelmiro Trillo, nº19 -36600	986.501.475	
Vilalba	Librería PERGAMINO	Rúa Campo de Puente, 26 - 27800	982.511.302	lpergamino@terra.es
Vilalba	Librería PERGAMINO-2	Rúa de Galicia, 89 Baixo - 27800	982.512.932	pergaminodeus@yahoo.es
Vilalba	Librería SEGREL	Av. Pravia, 13	982.510.040	

## REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN

Se desexa subscribirse á Revista Galega de Educación cubra o boletín e envíeo ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)  
Apdo. 586 - 15700 Santiago de Compostela (A Coruña)
- Envíos por fax: 981 562 577
- Subscricións por correo-e: rge.subscricions@mundo-r.com

Se desexa algún número atrasado pode solicitálo da mesma forma.

## boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 25 euros.

Subscribome desde o número \_\_\_\_.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ E-mail: \_\_\_\_\_

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta

(Faga constar os 20 díxitos que compoñen o C.C.C.)

Titular da conta

Cheque a favor de Nova Escola Galega

Transferencia bancaria contra prestación de factura

Reembolso (25 euros máis gastos)

-----, de ----- de 2010

Sinatura



# DO C ENTES

POR XOSÉ TOMÁS  
WWW.XOSETOMAS.COM

BEN, XA TEMOS  
OS LIBROS.  
QUE PASEN  
AGORA  
O MURALISTA,  
O ESCENÓGRAFO,  
OS ACTORES E  
OS MÚSICOS



London



Ibiza




Paris



New York




Roma



Lisboa



Amsterdam




## Centro Superior de Hostelería de Galicia

www.cshg.es



*\*Para saber máis e coñecernos envía un correo a: [info@cshg.es](mailto:info@cshg.es) ou chamános ó 981 542 519*



### Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras

SAÍDA PROFESIONAL: Postos directivos en hoteles.

REQUISITOS DE ACCESO: Bacharelato + PAUU ou Ciclo Formativo Superior e probas de acceso propias.

### Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras

SAÍDA PROFESIONAL: Postos directivos de grandes cadenas nacionais e internacionais.

REQUISITOS DE ACCESO: Estar en posesión do Diploma de Xestión.

### Certificado de Elaboración e Xestión en Cociña

SAÍDA PROFESIONAL: Xefe de cociña, restaurante ou catering. Restaurador independente.

REQUISITOS DE ACCESO: Bacharelato ou Ciclo Formativo Superior e probas de acceso propias.

Aberto o prazo de preinscrición



Centro Superior de Hostelería de Galicia